

A princesa de Clèves

Madame de La Fayette

Tradución de Ramos Duarte



A princesa de Clèves

A magnificencia e a galantería nunca tiveron tanto esplendor en Francia coma nos últimos anos do reinado de Henrique II. Este príncipe era galante, ben feito e sentía unha grande inclinación polo amor. Aínda que a súa paixón por Diana de Poitiers, duquesa de Valentinois, comezara había máis de vinte anos, non perdera intensidade e non daba mostras dela menos claras.

Como tiña un grande éxito en todos os exercicios físicos, fixo deles unha das súas ocupacións preferentes. Así pois todos os días organizaba partidas de caza e xogos de pelota, bailes, carreiras de aneis ou diversións semellantes. As cores e as iniciais da señora de Valentinois aparecían por todas as partes e ela mesma aparecía con tantas galas coma a señorita de La Marck, a súa neta, que estaba entón en idade casadeira.

A súa presenza estaba autorizada pola da raíña quen, aínda que xa pasara da primeira xuventude, seguía sendo bela e amaba a grandeza, a grandiosidade e os praceres. O rei casara con ela cando aínda era duque de Orleáns e tiña como primoxénito o delfín, que morreu en Tournon, príncipe que por nacemento e polas súas grandes calidades estaba destinado a ocupar dignamente a praza do rei Francisco I, o seu pai.

O carácter ambicioso da raíña facía que experimentase un gran gusto en reinar e ata parecía que soportaba sen sufrimento e sen celos a paixón do rei pola duquesa de Valentinois, pero o certo é que sabía disimular tan ben que era difícil adiviñar os seus sentimentos. Por outra parte a política obrigábaa a achegar a ela a duquesa co fin de achegar tamén o rei. Como a este lle gustaba relacionarse coas mulleres, mesmo con aquelas das que non estaba namorado, quedaba todos os días coa raíña á hora da reunión, onde non faltaban as belezas máis grandes de ambos os dous sexos.

Nunca ningunha corte tivo tantas mulleres belas nin homes tan admirablemente ben feitos, mesmo parecía que a natureza dotara por capricho da máxima beleza os máis grandes príncipes e princesas. A señora Isabel de Francia, que foi despois raíña de España, comezaba a amosar unha intelixencia sorprendente e a incomparable beleza que, co tempo, lle foi tan funesta. María Estuardo, raíña de Escocia, que acababa de casar co delfín, polo que era chamada raíña delfina, era unha muller perfecta tanto polo carácter coma polo físico. Fora criada na corte de Francia, onde aprendera toda a educación e nacera con tantas disposicións

para as cousas bonitas que, a pesar da súa xuventude, as coñecía e as amaba mellor ca ninguén. A raíña, a súa sogra, e a irmá do rei, amaban tamén a poesía, a comedia e a música. O gusto que o rei Francisco I experimentara pola poesía e polas letras reinaba aínda en Francia e o seu fillo, o rei, amaba os exercicios físicos polo que na corte estaban garantidos todos os deleites. Pero o que realmente facía que esta corte fose bela e maxestosa era o infinito número de príncipes e de grandes señores de extraordinario mérito. Os que vou nomear eran, por diferentes razóns, o ornamento e a admiración do seu século.

O rei de Navarra atraía o respecto de todo o mundo pola grandeza da súa clase e da súa persoa. Destacaba na guerra e o duque de Guisa causáballe unha emulación tal que o levava varias veces a deixar o seu posto de xeneral, para ir combater con el coma un simple soldado nos lugares máis perigosos. É certo tamén que este duque dera mostras dun valor tan admirable e colleitara tantos éxitos que non había gran capitán que non o observase con envexa. O seu valor estaba, ademais, apoiado por todas as outras grandes calidades pois tiña unha intelixencia ampla, unha alma nobre e elevada e a mesma capacidade para a guerra e para os asuntos. O cardeal de Lorena, o seu irmán, nacera cunha ambición desmesurada, cun espírito vivo e cunha elocuencia admirable; adquirira unha ciencia profunda que utilizaba para volveuse respectable defendendo a relixión católica que comezaba entón a ser atacada. O cabaleiro de Guisa, chamado despois gran prior, era un príncipe querido por todo o mundo, ben feito, moi intelixente e hábil e cun valor célebre en toda Europa. O príncipe de Condé, metido nun pequeno corpo pouco favorecido pola natureza, posuía, non obstante, unha alma grande e altiva e unha intelixencia que o facía amable aos ollos das mulleres máis belas. O duque de Nevers, de vida gloriosa pola guerra e polos cargos que desempeñara, aínda que dunha idade un pouco avanzada, facía as delicias da corte. Tiña tres fillos ben feitos, o segundo dos cales, chamado príncipe de Clèves, era digno de manter a fama do seu nome pois era bravo e magnífico e tiña unha prudencia difícil de encontrar nos mozos. O vidamo de Chartres, descendente da anciá casa de Vendôme, cuxos príncipes de sangue non tiveron a menos levar o seu nome, era igualmente distinguido tanto na guerra coma no amor. Era guapo, de bo aspecto, valoroso, atrevido e liberal. Todas estas calidades se manifestaban nel intensamente e era, en fin, o único digno de ser comparado co duque de Nemours, se non estivese por riba de toda comparación. Este duque era unha obra mestra da natureza e o menos admirable nel era o feito de ser o home máis elegante e máis guapo do mundo. O que o facía superior aos outros era a posesión dun valor e dun encanto incomparables no seu carácter, no seu rostro e nas súas accións que nunca se viran ata entón. O seu carácter alegre

gustáballe tanto a homes coma a mulleres e posuía unha extraordinaria habilidade para todos os exercicios, unha maneira de vestir que todo o mundo seguía, sen poder chegar imitar, e un aire en toda a súa persoa que facía que a atención se centrara nel alí onde aparecía. Así pois, non había unha muller na corte que non se sentise orgullosa de atraelo e poucas daquelas coas que tivera unha relación podían presumir de non namorarse del e algunhas, aínda que el non lles testemuñase ningunha paixón, non deixaban de sentila por el. A súa dozura e disposición para a galantería eran tales que non lles podía negar algunhas atencións a aquelas que trataban de agradarlle polo que sempre tiña varias amantes e era difícil adiviñar cal amaba verdadeiramente. Ía frecuentemente á reunión da raíña delfina. A beleza desta princesa, a súa dozura, o interese que poñía en gustarlle a todo o mundo e a estima particular que lle testemuñaba a este príncipe, deran con frecuencia lugar a crer que el a amaba. Os señores de Guisa, os seus tíos, aumentaran moito o prestixio e a consideración por medio do seu casamento, porque a súa ambición facía que aspirasen a igualarse cos príncipes de sangue e a compartir o poder do condestable de Montmorency. O rei depositaba neste a maior parte do goberno dos asuntos e trataba o duque de Guisa e o mariscal de Saint-André coma favoritos. Pero todos os que ou polo favor ou polos asuntos estaban próximos ao rei, non podían manterse nese estado sen someterse á duquesa de Valentinois quen, aínda que xa non fose nova nin guapa, o gobernaba cun poder tan absoluto que se pode dicir que era a dona del e do Estado

O rei sempre lle quixera ben ao condestable e tan pronto como chegara ao trono, chamáralo do exilio a onde o rei Francisco I o enviara. A corte estaba compartida entre os señores de Guisa e o Condestable, apoiado por príncipes de sangue. Todos eles soñaran sempre con achegarse á duquesa de Valentinois. O duque de Aumale, irmán do duque de Guisa, casara cunha das fillas da duquesa e o condestable aspiraba á mesma alianza e non se contentaba con ter casado o seu primoxénito coa señora Diana, filla do rei e dunha dama de Piemonte, que se fixo relixiosa tan pronto como pariu. Este matrimonio tivera moitos obstáculos, a causa das promesas que o señor de Montmorency lle fixera á señorita de Piennes, unha das doncelas da raíña, e aínda que o rei os superara cunha paciencia e cunha bondade extremas, o condestable non sentía bastante apoio se non se aseguraba do da señora de Valentinois e se non a separaba dos señores de Guisa, cuxo poder comezaba a provocarlle inquietude a esta duquesa. A duquesa de Valentinois atrasara, tanto como puidera, o casamento do delfín coa raíña de Escocia: a beleza e a asombrosa intelixencia desta raíña moza e a elevación que este matrimonio lles proporcionaba aos señores de Guisa,

resultábanlle insoportables. Como odiaba particularmente o cardeal de Lorena, quen a tratara con acritude e mesmo con desprezo e porque sabía que estaba aliado coa raíña, o condestable encontrouna disposta a unirse a el e a entrar na súa alianza mediante o casamento da señorita de La Marck, a súa neta, co señor de Anville, segundo fillo do condestable, que o sucedeu despois no cargo baixo o reinado de Carlos IX. O condestable cría que non encontraría os mesmos obstáculos pola parte do señor de Anville ante este casamento que encontrara pola parte do señor de Montmorency pero, aínda que non coñecese as razóns, as dificultades non foron menores. O señor de Anville estaba perdidamente namorado da raíña delfina e, por pouca esperanza que tivese nesta paixón, non podía decidirse a adquirir un compromiso que se opoñía aos seus sentimentos. O mariscal de Saint-André foi o único na corte que non tomou ningún partido. Era un dos favoritos e o seu favor só dependía del: o rei amábo desde que era delfín e despois nomeárou mariscal de Francia, a unha idade na que normalmente non se pretenden nin as menores dignidades. O seu favor dáballe un brillo que el mantiña polo seu mérito e polo encanto da súa persoa, por unha gran delicadeza na mesa e nos seus mobles e pola magnificencia máis grande que nunca se viu nun particular. Os seus gastos eran sufragados pola liberalidade do rei que chegaba á prodigalidade cos que quería. Aínda que non tiña todas as grandes calidades si posuía varias e sobre todo a de amar a guerra e a de estendela. Acadara éxitos e, agás a batalla de San Quintín, o seu reinado consistira nunha serie de vitorias. Gañou el mesmo a batalla de Renty, conquistou Piemonte, expulsou os ingleses de Francia e o emperador Carlos V viu acabar a súa boa sorte ante a vila de Metz que asediara inutilmente con todas as forzas do imperio e de España. Non obstante, como o infortunio de San Quintín disminuía a esperanza das nosas conquistas e como, despois, a fortuna parecía que se repartira entre os dous reis, estes amosáronse insensiblemente dispostos á paz.

A duquesa viúva de Lorena comezara a propor a paz xa en tempos do matrimonio do delfín e despois sempre se mantiveron negociacións secretas. Finalmente, escolleron Cercamp, no país de Artois, como lugar onde debía ter lugar a reunión. O cardeal de Lorena, o condestable de Montmorency e o mariscal de Saint-André foron pola parte do rei e o duque de Alba e o príncipe de Orange pola de Felipe II, e o duque e a duquesa de Lorena serviron de mediadores. Os principais artigos eran o casamento da princesa Isabel de Francia con don Carlos, infante de España, e o da irmá do rei co señor de Savoia.

Mentres tanto, o rei permaneceu na fronteira e alí recibiu a noticia da morte de María, raíña de Inglaterra. Enviou o conde de Randan xunto a Isabel para felicitala pola súa chegada

á coroa e esta recibíuno con alegría pois os seus dereitos estaban tan pouco claros que lle favorecía verse recoñecida polo rei. Viu aquel conde que Isabel estaba informada dos intereses da corte de Francia e do mérito dos que a compoñían, pero que, sobre todo, estaba interesada pola reputación do duque de Nemours. Faloulle tantas veces deste príncipe e con tanta dilixencia que, cando o señor de Randan volveu, deulle contas ao rei da súa viaxe e díxolle que o señor de Nemours podía pretender todo con esta princesa e que non dubidaba de que estivese disposta a casar con el. O rei tratou este tema co señor de Nemours esa mesma noite, fíxolle repetir ao señor de Randan todas as conversas con Isabel e aconselloulle tentar aquela gran fortuna. O señor de Nemours creu, nun principio, que o rei lle falaba en broma pero como despois viu o contrario díxolle:

– Polo menos, señor, se me embarco nunha empresa quimérica por consello e ao servizo da súa maxestade, suplícolle que me garde o segredo ata que o éxito me xustifique cara ao público e non queira facerme quedar coma un vaidoso por pretender que unha raíña, que nunca me viu, queira casar comigo por amor.

O rei prometeulle que só falaría deste proxecto co condestable e mesmo opinaba que o segredo era necesario para ter éxito. O señor de Randan aconselloulle ao señor de Nemours que fose a Inglaterra co simple proxecto de viaxar pero este príncipe non puido decidirse a facelo. Enviou a Lignerolles, mozo intelixente e favorito seu, para coñecer as intencións da raíña e para tratar de iniciar algunha unión. Esperando a chegada desta viaxe, foi visitar o duque de Savoia, que estaba entón en Bruxelas co rei de España. A morte de María de Inglaterra achegou importantes obstáculos para a paz, a asemblea rompeuse a fins de novembro e o rei volveu a París.

Nese momento apareceu unha beleza na corte que atraeu a mirada de todo o mundo e que podemos crer, pola admiración que espertou nun lugar onde habitualmente se vían moitas persoas belas, que posuía unha beleza perfecta. Pertencía á mesma casa do vidamo de Chartres e era unha das máis grandes herdeiras de Francia. O seu pai morrera novo e deixáraa a cargo da señora de Chartres, a súa muller, que posuía un ben, unha virtude e un mérito extraordinarios. Despois de perder o seu marido, pasara varios anos sen acudir á corte, tempo que lle dedicara á educación da súa filla, non só para cultivar a súa intelixencia e beleza, senón tamén para darlle virtudes e facerllas amables. Ao contrario da maior parte das nais, que imaxinan que chega con non falar do amor perante as mozas para afastalas del, a señora de Chartres facíalle, con frecuencia, descricións do amor á súa filla. Amosáballe primeiro a parte agradable para persuadila despois máis facilmente do perigoso do amor. Así, faláballe

da pouca sinceridade dos homes, dos seus enganos e da súa infidelidade, das desgrazas domésticas nas que sumen os compromisos e facíalle ver, doutro lado, a tranquilidade da vida dunha muller honesta e o brillo e elevación que lle dá a virtude a unha muller guapa e de bo berce. Tamén lle insistía no difícil que é conservar a virtude, sen ter unha extrema desconfianza dun mesmo e sen un gran coidado de dedicarse ao único que pode facer feliz unha muller: amar o seu marido e ser amada por el.

Esta herdeira era entón un dos mellores partidos que había en Francia e, aínda que era moi nova, xa lle propuxeran varios matrimonios. Como a señora de Chartres era extremadamente vaidosa, non encontraba case ninguén digno da súa filla e, vendo que tiña dezaseis anos, decidiu levala á corte. Cando chegou, o vidamo foi recibilas e quedou sorprendido, con razón, ante a beleza da señorita de Chartres. A brancura da súa cara e o seu pelo louro dábanlle unha beleza que nunca se vira; todos os seus trazos eran regulares, e tanto o seu rostro coma a súa persoa estaban cheos de graza e de encantos.

Ao día seguinte da súa chegada, a señorita de Chartres foi abastecerse de pedras preciosas á casa dun italiano que comerciaba con elas por todo o mundo. Este home viñera de Florencia coa raíña e enriquecérase de tal xeito co seu negocio que a súa casa parecía máis a dun gran señor ca a dun comerciante. Cando estaba alí, chegou o príncipe de Clèves, quen quedou de tal xeito sorprendido ante tan magnífica beleza que non puido ocultar a sorpresa e a señorita de Chartres non puido evitar pórse rubia vendo a impresión que lle causara. Con todo, repúxose sen dedicarlles ás accións daquel príncipe outra atención ca a que a cortesía lle aconsellaba ante un home como parecía. O señor de Clèves mirábaa con admiración sen poder comprender quen era aquela bela muller descoñecida e deducía claramente, polo seu aspecto e por todo o seu séquito, que era dunha gran calidade. A súa xuventude facíalle crer que estaba solteira, pero como non a vía acompañada pola nai, e o italiano, que non a coñecía, a trataba de señora, non sabía que pensar e observábaa con curiosidade. Deuse conta de que as súas miradas lle causaban incomodidade, contra o que é habitual nas mozas que ven sempre con pracer o efecto da súa beleza, e mesmo lle pareceu que el era a causa da impaciencia dela por marchar. En efecto, marchou rapidamente e o señor de Clèves consolouse de perdela de vista coa esperanza de saber quen era pero quedou moi sorprendido porque ninguén a coñecía. A beleza e o aire de modestia que notara nas súas accións afectárono tanto que se pode dicir que concibiou por ela, desde ese momento, unha paixón e unha estima extraordinarias. Pola noite foi á tertulia da irmá do rei.

Esta princesa gozaba dunha gran consideración polo creto que tiña ante o seu irmán,

o rei, e este creto era tan grande que o rei, despois de feita a paz, consentiu en entregar o Piemonte para que ela puidese casar co duque de Savoia. Aínda que desexara toda a súa vida casar, sempre quixera facelo cun soberano e rexeitara por esta razón o rei de Navarra cando era duque de Vendôme. Sempre desexara casar co señor de Savoia e conservara a inclinación por el desde que o vira en Niza na entrevista do rei Francisco I e do papa Paulo III. Como era moi intelixente e estaba dotada dun gran discernimento para as cousas bonitas, atraía todas as persoas honestas e había certas horas nas que toda a corte se xuntaba na súa casa.

O señor de Clèves foi alí como facía habitualmente, co ánimo tan embargado pola beleza da señorita de Chartres que non podía falar doutra cousa. Contou en alto a súa aventura e non podía parar de loar aquela muller que vira e que non coñecía. A irmá do rei díxolle que non había ningunha muller coma a que el describía porque se a houbese todo o mundo a coñecería. A señora de Dampierre, que era a súa dama de honor e amiga da señora de Chartres, oíu esta conversa e achegouse á princesa para dicirlle, en voz baixa, que seguramente se trataba da señorita de Chartres quen o señor de Clèves vira. A irmá do rei volveuse cara a el e díxolle que lle amosaría a beleza que tanto o impresionara, se volvía ao outro día.

A señorita de Chartres apareceu, en efecto, ao día seguinte e foi recibida polas raíñas con todas as atencións que se poden imaxinar e cunha tal admiración de todo o mundo que non oíu máis ca loanzas. Recibiunas cunha modestia tan nobre que se diría que non as oíra ou, polo menos, que non a afectaran. Deseguido, foi ver a irmá do rei quen, despois de loar a súa beleza, lle contou a sorpresa que lle causara ao señor de Clèves. Este príncipe entrou un pouco despois:

– Veña –díxolle ela–, vexa se non cumpro a miña palabra e se, amosándolle a señorita de Chartres, non lle fago ver a beleza que vostede buscaba. Agradézame, polo menos, que lle transmitira a admiración que sente xa por ela.

O señor de Clèves alegrouse ao ver que aquela muller, que encontrara tan amable, era dunha calidade proporcional á súa beleza. Achegouse a ela e suplicoulle que se acordase de que fora el o primeiro a admirala e que, sen coñecela, sentira por ela todo o respecto e estima que merecía.

O cabaleiro de Guisa e el, que eran amigos, saíron xuntos da casa da irmá do rei. Primeiro loaron a señorita de Chartres co mesmo entusiasmo e despois déronse conta de que a loaban demais e cesaron ambos de dicir o que pensaban. Non obstante, tiveron que volver falar do mesmo os días seguintes alí onde se encontraban. Esta nova beleza foi durante moito

tempo motivo de todas as conversas. A raíña loouna moito e sentiu por ela unha consideración extraordinaria; a raíña delfina converteuna nunha das súas favoritas e rogoulle á señora de Chartres que a levase a miúdo ás súas reunións. As fillas do rei mandaban que a fosen buscar para que asistise a todas as súas diversións. En fin, toda a corte a quería e admiraba, agás a señora de Valentinois, non porque a súa beleza lle fixese sombra, pois unha experiencia demasiado longa aprendéralle que non tiña nada que temer do rei, senón porque sentía tanto odio polo vidamo de Chartres, que desexara achegar a ela polo matrimonio cunha das súas fillas e que se achegara á raíña, que non podía observar favorablemente unha persoa que levaba o seu nome e pola que el daba mostras dun grande afecto.

O príncipe de Clèves namorouse apaixonadamente da señorita de Chartres e, aínda que desexaba ardentemente casar con ela, temía que o orgullo da señora de Chartres se sentise ferido ao darlle a súa filla a un home que non era o primoxénito da casa. Non obstante, esta casa era tan importante e o conde de Eu, o primoxénito, acababa de casar cunha muller tan próxima á casa real que era máis a timidez que infunde o amor ca verdadeiras razóns o que causaban os temores do señor de Clèves. Tiña moitos rivais pero o cabaleiro de Guisa parecíalle o máis temible polo seu nacemento, polo seu mérito e pola importancia que o favor lle daba á súa casa. Este príncipe namorárase da señorita de Chartres o primeiro día que a vira e dérase conta da paixón do señor de Clèves, como o señor de Clèves da súa. Aínda que fosen amigos, o afastamento causado por ter as mesmas pretensións non lles permitía ser sinceros e a súa amizade arrefriara sen que tivesen o valor de falar. O feito de ser o señor de Clèves o primeiro que vira a señorita de Chartres pareceulle un feliz presaxio porque parecía darlle certa vantaxe sobre os seus rivais pero prevía grandes obstáculos por parte do seu pai, o duque de Nevers. Este duque tiña estreitas relacións coa duquesa de Valentinois, inimiga do vidamo, e esta razón era suficiente para impedirle ao duque de Nevers que consentise que o seu fillo casase coa sobriña daquel.

A señora de Chartres, que puxera tanto interese en inspirarlle virtudes á súa filla, non tivo menos coidado nun lugar no que era tan necesario e onde había tantos exemplos perigosos pois a ambición e a galantería eran a alma da corte e ocupaban por igual homes e mulleres. Había tantos intereses e intrigas diferentes e as damas participaban tanto que o amor estaba sempre mesturado nos asuntos e os asuntos no amor. Lonxe de estar tranquilo ou indiferente, todo o mundo pensaba en ascender, en gustar, en servir e en prexudicar. Non se coñecía nin o aburrimiento nin o ocio e sempre se estaba ocupado con praceres e cábalas. As damas sentíanse unidas ou á raíña, á raíña delfina, á raíña de Navarra, á irmá do rei ou á

duquesa de Valentinois. Estas diferentes unións estaban baseadas nos gustos, nas razóns do decoro ou na simpatía. As que xa pasaran a primeira xuventude e que facían profesión dunha virtude máis austera, tiñan máis relación coa raíña. As máis novas e que buscaban a alegría e o amor facíanlle a corte á raíña delfina. A raíña de Navarra tiña as súas favoritas, era nova e tiña poder sobre o seu marido, o rei, quen estaba unido ao condestable e tiña por iso moito creto. A irmá do rei, conservaba aínda a súa beleza e atraía varias damas. A duquesa de Valentinois tiña ao seu carón todas aquelas que se dignaba a observar, pero poucas mulleres lle resultaban agradables e agás algunhas, que gozaban da súa familiaridade e confianza e cuxo carácter era afín ao seu, non recibía ninguén na súa casa a non ser os días nos que lle gustaba ter unha corte coma a da raíña.

Entre estas diferentes intrigas existía rivalidade e envexa e as damas que as compoñían celábanse tamén entre si polo favor ou polos amantes. Os intereses de grandeza e de elevación encontrábanse frecuentemente unidos a estes outros intereses menos importantes, pero non menos sensibles. Así, había unha especie de axitación sen desorde nesta corte, o que a facía máis divertida pero tamén máis perigosa para unha moza. A señora de Chartres era consciente deste perigo e non pensaba noutra cousa ca en protexer del a súa filla. Rogoulle, non tanto como nai senón como amiga, que lle confiase todas as galanterías que lle dixesen e prometeulle que lle axudaría a conducirse nos asuntos nos que unha moza nova se ve frecuentemente implicada.

O cabaleiro de Guisa amosou de xeito tan claro as súas intencións e desexos con respecto á señorita de Chartres que ninguén os ignorou. Non obstante, vía que o que desexaba era imposible, pois sabía que non era un partido conveniente para ela polos poucos bens que posuía para soste o seu rango. Sabía por outra parte, que os seus irmáns non aprobarían que casase polo temor ao abaixamento que os irmáns menores lles achegan normalmente ás grandes casas. O cardeal de Lorena fixolle ver que non se enganaba e condenou a súa inclinación pola señorita de Chartres cunha calor extraordinaria pero sen dicirlle as verdadeiras razóns. Este cardeal odiaba o vidamo, en segredo entón pero acabou sabendo. Antes preferiría para o seu irmán calquera outra alianza ca a do vidamo e declarou tan publicamente o improbable que era isto que a señora de Chartres se ofendeu. Esta encargouse de facer ver que o cardeal de Lorena non tiña nada que temer porque ela non pensaba neste matrimonio. O vidamo tomou a mesma conduta e sentiu, aínda máis ca a señora de Chartres, a do cardeal de Lorena porque el coñecía a verdadeira causa.

O príncipe de Clèves non dera mostras menos públicas da súa paixón ca o cabaleiro

de Guisa. O duque de Nevers desgustouse ao coñecer esta inclinación e creu, non obstante, que só tiña que falar co seu fillo para que cambiase de conduta. Sorprendeuse ao encontrar nel a decidida intención de casar coa señorita de Chartres, así que censurou o seu proxecto, púxose furioso e ocultou tan pouco a súa cólera que o asunto se estendeu axiña pola corte e chegou ata a señora de Chartres. Esta estaba segura de que o señor de Nevers vería o casamento coa súa filla coma unha vantaxe para o seu fillo e estrañoulle que a casa de Clèves e a de Guisa temesen a súa alianza en lugar de desexala. O despeito que sentiu fixolle pensar en encontrar un partido para a súa filla que a puxese por riba daqueles que se consideraban superiores a ela. Despois de examinar todo decidiuse polo príncipe delfín, fillo do duque de Montpensier, que estaba en idade casadeira e que era o máis grande que había na corte. Como a señora de Chartres era moi intelixente, contaba coa axuda do vidamo que tiña un gran prestixio e como, en efecto, a súa filla era un partido considerable, actuou con tanta habilidade e éxito que o señor de Montpensier desexou este casamento e parecía que xa todo estaba feito.

O vidamo, que coñecía a inclinación do señor de Anville pola raíña delfina, creu, non obstante, que cumpría empregar o poder que tiña esta princesa sobre el para comprometelo a servir a señorita de Chartres ante o rei e ante o príncipe de Montpensier, de quen era amigo íntimo. Falou disto coa raíña e ela aceptou de boa gana colaborar nun asunto no que se trataba da elevación dunha persoa que ela apreciaba moito. Díxollo ao vidamo e aseguroulle que, aínda que o que ía facer desgustaría o cardeal de Lorena, o seu tío, pasaría por riba desta consideración porque tiña motivos para queixarse del e porque el defendía sempre os intereses da raíña contra os seus propios.

As persoas galantes conténtanse sempre cun pretexto que lles dea a oportunidade de falarlles aos que as aman. Tan pronto o vidamo deixou a delfina, ordenoulle a Chastelart, que era favorito do señor de Anville e que coñecía a paixón que sentía por ela, que lle fose falar da súa parte para encontrarse na casa da raíña pola noite.

Chastelart recibiu este encargo con moita alegría e respecto. Este xentilhome procedía dunha boa casa do Delfinado pero o seu mérito e intelixencia elevábano por riba do seu nacemento. Era recibido e ben tratado por todos os grandes señores da corte e o favor da casa de Montmorency uníranos particularmente ao señor de Anville. Era atractivo, hábil en todos os exercicios, cantaba ben, facía versos e tiña un ánimo galante e apaixonado que lle gustou tanto ao señor de Anville que o nomeou confidente do seu amor pola raíña delfina. A confianza achegábo a esta princesa e foi véndoa frecuentemente como comezou a sentir

esa desgraciada paixón que lle quitou a razón e que lle custou á fin a vida.

O señor de Anville acudiu pola noite á casa da raíña. Alegrouse de que a delfina o escollese para traballar en algo que ela desexaba e prometeulle obedecer exactamente as súas ordes. Non obstante, cando a señora de Valentinois foi informada do proxecto deste casamento, púxolle tantos obstáculos e influíu tanto no rei que, cando o señor de Anville lle falou deste tema, o rei manifestoulle que el non o aprobaba e mesmo ordenou que llo dixera ao príncipe de Montpensier. É fácil imaxinar o que sentiu a señora de Chartres a causa da ruptura dunha empresa que ela tanto desexara e cuxo fracaso lles daba unha gran vantaxe aos seus inimigos e prexudicaba moito a súa filla.

A raíña delfina testemuñoulle á señorita de Chartres, con moito cariño, o desgusto por non poder ser útil.

– Xa ve –díxolle– que non teño ningún poder. A raíña e a duquesa de Valentinois ódianme tanto que é difícil que, elas ou os que dependen delas, non frustren todo o que eu desexo. Non obstante –engadiu–, nunca intentei outra cousa ca agradarlles e elas ódianme a causa da miña nai, a raíña, que noutro tempo, lles causou moita inquietude e celos. O rei estivera namorado dela antes de estalo da señora de Valentinois e nos primeiros anos do seu matrimonio, cando aínda non tiña fillos, aínda que el amase a duquesa, parecía case resolto a separarse para casar coa miña nai. A señora de Valentinois, que temía unha muller que el amara xa e cuxa beleza e intelixencia podían facer diminuír o seu favor, aliouse co condestable que tampouco desexaba que o rei casase cunha irmá dos señores de Guisa. Conseguiron que o finado rei estivese de acordo con eles e, aínda que odiase mortalmente a duquesa de Valentinois, como amaba a raíña, axudoulles para impedir que o rei se separase. Para quitarlle totalmente a idea de casar coa miña nai prepararon o casamento dela co rei de Escocia, que estaba viúvo da señora Madalena, irmá do rei, porque era o máis rápido para concluír e faltaron, así, aos compromisos que tiñan co rei de Inglaterra, que a desexaba ardentemente. Pouco faltou para que este erro no causase unha ruptura entre os dous reis. Henrique VIII non podía consolarse da dor de non casar coa miña nai e de todas as outras princesas francesas que lle propoñían dicía sempre que nunca substituiría a que lle quitaran. É certo que a miña nai posuía unha beleza perfecta e que é algo notable que, sendo viúva dun duque de Longueville, tres reis desexasen casar con ela. A súa desgraza fixo que casase co menos poderoso e que acabase nun reinado no que só encontrou penas. Din que me parezo a ela e temo parecerme tamén polo meu desgraciado destino pois parece que nunca poderei gozar de toda felicidade que parece prepararse para min.

A señorita de Chartres díxolle á raíña que ese tristes presentimentos estaban tan mal fundados que non os conservaría moito tempo e que non debía dubidar de que a súa felicidade non respondía ás aparencias.

Ninguén ousaba xa pensar na señorita de Chartres, ben por temor a desgustar o rei, ben por temor a non ter éxito cunha persoa que aspiraba a un príncipe de sangue. O señor de Clèves non se detivo ante ningunha destas consideracións. A morte do duque de Nevers, o seu pai, que sucedeu entón, deixouno nunha total liberdade de seguir a súa inclinación e, tan pronto pasou o tempo do loito, non pensou noutra cousa ca en como casar coa señorita de Chartres. Sentíase feliz de facerlle a proposición nun momento no que o que pasara afastara os outros partidos e no que era case seguro que non o ía rexeitar. O que turbaba a súa alegría era o temor de que ela non o amase realmente pois prefería o pracer de gustarlle á seguridade de casar con ela sen que ela o amase.

O cabaleiro de Guisa inspiráralle celos pero como estaban máis fundados no mérito deste príncipe ca en ningunha das accións da señorita de Chartres, só pensou en tratar de descubrir se era o bastante afortunado coma para que ela aprobase as súas intencións. Só a vía na tertulia das raíñas ou nas asembleas polo que era difícil ter unha conversa a soas. Non obstante, encontrou a oportunidade e faloulle da súa intención e da súa paixón con todo o respecto imaxinable. Meteulle présa por saber cales eran os sentimentos dela por el e díxolle que os que el tiña por ela eran dunha natureza que o farían eternamente desgraciado se ela só obedecía por deber á vontade da súa nai.

Como a señorita de Chartres tiña o corazón nobre, quedou verdadeiramente afectada de recoñecemento ante a conduta do príncipe de Clèves. Este recoñecemento deulles ás súas respostas e ás súas palabras un certo aire de dozura que bastaba para darlle esperanzas a un home tan perdidamente namorado como estaba este príncipe, de maneira que quedou contento dunha parte do que el desexaba.

A señora de Chartres díxolle á súa filla que o señor de Clèves posuía tanta grandeza e tan boas calidades e que aparentaba tanta prudencia para a súa idade que, se estaba disposta a casar con el, ela o consentiría con alegría. A señorita de Chartres respondeu que lle notaba as mesmas calidades e que casaría con el con menos repugnancia ca con outro, pero que non sentía ningunha inclinación particular por el.

Ao día seguinte, este príncipe fixo que falasen de parte súa coa señora de Chartres quen aceptou a proposición e, esta non tivo medo de entregarlle a súa filla a un marido que ela non podía amar. Acordaron as condicións, falaron co rei e o matrimonio foi anunciado

publicamente.

O señor de Clèves encontrábase feliz aínda que vía, con moita pena, que os sentimentos da señorita de Chartres non ían máis alá da estima e do recoñecemento e non podía gabarse de que ocultase outros máis compracentes, porque o estado no que estaban lle permitiría amosalos sen chocar coa súa extrema modestia. Non había día que non se queixase por isto.

– É posible –preguntoulle el– que poida ser infeliz casándome con vostede? E é certo que o son... O que vostede sente por min é só unha especie de bondade que non me pode satisfacer pero non sente nin impaciencia nin inquietude nin pena. Non se amosa máis afectada pola miña paixón do que o estaría ante unha unión fundada só nas vantaxes da súa fortuna e non nos seus encantos.

– É vostede inxusto queixándose –respondeulle ela– e non sei que máis pode vostede desexar pois o decoro impídeme que faga nada máis.

– É certo –díxolle el– que vostede me dá certas mostras coas que me contentaría se houberse algo máis pero non é que o decoro a reteña, senón que só el é o que fai que faga o que fai. Do resto non chego a afectar a súa inclinación, nin o seu corazón e a miña presenza non lle causa nin pracer nin turbación.

– Non dubide –dixo– de que me alegra velo e de que me ruborizo tan frecuentemente cando o vexo que pode estar seguro de que velo me causa turbación.

– Non me engano a min mesmo con iso –respondeu el–, pois sei que é un sentimento de modestia e non un impulso do corazón do que me poida sentir orgulloso.

A señorita de Chartres non sabía que responder porque estes matices estaban por riba dos seus coñecementos e o señor de Clèves decatábase perfectamente do lonxe que estaba ela dos sentimentos que o poderían satisfacer, xa que nin chegaba a entendedelos.

O cabaleiro de Guisa volveu dunha viaxe poucos días antes da voda. Como encontrara obstáculos insalvables no proxecto de casar coa señorita de Chartres e non ignoraba os sentimentos do señor de Clèves por ela, dérase por vencido pero, con todo, viuse sensiblemente aflixido ao vela converterse na muller doutro. Esta dor non apagou a súa paixón e seguiu namorado dela. Cando volveu fíxolle saber que era ela a causa da extrema tristeza que se apreciaba no seu rostro e que, posuíndo tanto mérito e tantos encantos, era difícil que o fixese desgraciado sen sentir ningunha piedade. Ela non podía evitar tela pero iso non lle espertaba outros sentimentos e contáballe á súa nai a pena que lle causaba a aflicción deste príncipe.

A señora de Chartres admiraba a sinceridade da súa filla e con razón pois nunca foi tan grande nin tan natural, pero tamén se estrañaba de que nada alterase o seu corazón e máis aínda cando vía que o príncipe de Clèves non conseguía máis ca os outros. Isto fixo que intentase unila ao seu prometido e facerlle comprender o que lle debía á inclinación deste por ela antes de coñecela e á paixón que lle testemuñara preferíndoa a todos os outros partidos, nun tempo no que xa ninguén ousaba pensar nela.

O matrimonio foi acordado e a cerimonia tivo lugar no Louvre. Pola noite, o rei e as raíñas viñeron cear á casa da señora de Chartres con toda a corte, onde foron recibidos cunha magnificencia admirable. O cabaleiro de Guisa non ousou distinguirse dos outros non asistindo a esta cerimonia pero non puido dominar a súa tristeza que era fácil notar.

O señor de Clèves viu que os sentimentos da señorita de Chartres non cambiaran ao cambiar de nome. A calidade de marido déralle grandes privilexios, pero non outro lugar no corazón da súa muller. Iso fixo tamén que, por ser o seu marido, non deixase de ser o seu amante, porque desexaba sempre algo máis ca a posesión e, aínda que ela vivise perfectamente con el, el non era totalmente feliz. Conservaba por ela unha paixón violenta e inqueda que turbaba a súa alegría e na que os celos non tiñan nada que ver pois nunca houbo un marido que estivese tan lonxe de telos nin muller tan lonxe de provocalos. Ela estaba, non obstante, exposta no medio da corte pois ía todos os días a xunto das raíñas e da irmá do rei. Todos os home mozos e galantes a vían na casa dela e na do duque de Nevers, o seu cuñado, cuxa casa estaba aberta a todo o mundo, pero inspiraba un respecto tan grande e parecía tan allea á galantería que o mariscal de Saint-André, aínda que audaz e apoiado polo favor do rei, non ousaba amosarlle máis ca con atencións e con deberes que estaba namorado dela. Outros estaban no mesmo estado pero a señora de Chartres uníralle á honestidade da súa filla un xeito de comportarse tan exacto co decoro que parecía unha persoa imposible de seducir.

A duquesa de Lorena, ao tempo que traballara pola paz, tamén traballara polo casamento do duque de Lorena, o seu fillo, que fora acordado coa princesa Claudia de Francia, segunda filla do rei. As vodas foron fixadas para o mes de febreiro.

Mentres tanto, o duque de Nemours quedara en Bruxelas, totalmente ocupado cos seus proxectos en Inglaterra. Recibía ou enviaba alá correos continuamente e as súas esperanzas aumentaban cos días. Por fin, Lignerolles díxolle que era momento de que a súa presenza fose acabar o que tan ben comezara. Recibiu esta nova con toda a alegría posible nun home ambicioso que se ve elevado ao trono só pola súa reputación. O seu ánimo estaba insensiblemente acostumado á grandeza desta fortuna e, aínda que a rexeitara ao principio

coma unha cousa inalcanzable, as dificultades desapareceran da súa imaxinación e xa non vía máis obstáculos.

Enviou rapidamente a París as ordes necesarias para preparar unha magnífica equipaxe, co fin de aparecer en Inglaterra cun esplendor proporcionado ao proxecto que o conducía alí e apurouse el mesmo para regresar á corte e poder asistir ao casamento do duque de Lorena.

Chegou a véspera dos esponsais e, desde esa mesma noite, foille dar conta ao rei do estado do seu proxecto e recibir as súas ordes e consellos para o que quedaba por facer. Despois, acudiu á tertulia das raíñas. A señora de Clèves non estaba alí de maneira que non o viu nin soubo que el chegara. Oíralle falar deste príncipe a todo o mundo coma o home máis atractivo e máis agradable da corte e, sobre todo, a delfina describírallo dunha maneira e faláralle tantas veces del que lle espertara a curiosidade e mesmo a impaciencia de velo.

Pasou todo o día dos esponsais na casa a prepararse para ir pola noite ao baile e ao festín real que se celebraba no Louvre. Cando chegou, a súa beleza e adorno causaron admiración. O baile comezou e cando estaba bailando co señor de Guisa, comezou a oírse moito barullo cara á porta da sala, coma se entrase alguén a quen se lle deixaba paso. A señora de Clèves acabou de bailar e, mentres buscaba coa mirada alguén para o seguinte baile, o rei gritoulle que collera o que chegaba. Deu a volta e viu un home que supuxo, de entrada, que só podía ser o señor de Nemours, quen pasaba por riba dalgúns asentos para chegar á zona de baile. Era tan ben feito que era imposible non sorprenderse ao velo por primeira vez e especialmente esa noite na que puxera un coidado especial en prepararse, o que aumentaba aínda máis o seu brillante aspecto.

Tamén era difícil ver a señora de Clèves por primeira vez sen estrañarse moito e, así, o señor de Nemours quedou tan sorprendido coa súa beleza que, cando estivo cerca dela e ela lle fixo a reverencia, non puido absterse de dar mostras da súa admiración. Cando empezaron a bailar elevouse na sala un murmurio de loanzas. O rei e as raíñas decatáronse de que era a primeira vez que se vían e pensaron no curioso que era velos bailar xuntos sen coñecerse. Cando acabaron chamáronos sen darlles a oportunidade de falar con ninguén e preguntáronlles se non tiñan ganas de saber quen era o outro e se o sospeitaban.

– Eu, señora –dixo o señor de Nemours–, non teño dúbidas pero como a señora de Clèves non ten as mesmas razóns para adiviñar quen son coma as que eu teño para recoñecela, gustárame que a súa maxestade tivese a bondade de presentarme.

– Creo –dixo a delfina– que ela sabe quen é vostede tan ben como vostede sabe quen

é ela.

– Asegúrolle, señora –dixo a señora de Clèves, que parecía un pouco incómoda– , que non adiviño tanto como vostede pensa.

– Adiviña moi ben –respondeu a delfina– e mesmo hai algo de grato para o señor de Nemours en non querer confesarlle que vostede o coñece aínda que nunca o vise.

A raíña interrompeunos para facer continuar o baile e o señor de Nemours bailou coa raíña delfina, princesa dunha beleza perfecta, como lle parecera ao señor de Nemours antes de marchar a Flandres. Non obstante, toda esa noite, só puido admirar a señora de Clèves.

O cabaleiro de Guisa, que a adoraba aínda, estaba aos seus pés e o que acababa de pasar causáralle unha dor sensible. Tomou coma un presaxio que a fortuna destinase o señor de Nemours a namorarse da señora de Clèves e fose que en efecto se apreciase sobre o seu rostro algunha turbación ou que os celos fixesen que o cabaleiro de Guisa vise máis alá da verdade, creu que ela quedara impresionada ao ver aquel príncipe e non puido absterse de dicirlle que o señor de Nemours era moi afortunado de que ela o coñecese por unha aventura que tiña algo de galante e de extraordinario.

A señora de Clèves volveu á casa co espírito tan embargado de todo o que pasara no baile que, aínda que fose moi tarde, foi ao cuarto da súa nai para contarlle e looulle o señor de Nemours dun xeito que fixo que a señora de Chartres intuise o mesmo ca o cabaleiro de Guisa.

Ao día seguinte, tivo lugar a cerimonia das vodas e a señora de Clèves viu o duque de Nemours cun aspecto e cunha graza tan admirables que aínda se sorprendeu máis.

Os días seguintes, viuno na reunión da raíña delfina, xogar á pelota co rei, nas carreiras de aneis, oíuno falar e viu que superaba todos os demais e que se volvía o centro da conversa en todos os lugares nos que estaba, tanto polo seu físico coma polo encanto do seu carácter que causou, en pouco tempo, unha grande impresión no seu corazón.

Tamén é certo que, como o señor de Nemours sentía por ela unha inclinación violenta, que lle daba a dozura e a alegría que inspiran os primeiros desexos de gustar, era máis amable do que acostumaba a ser, de maneira que, véndose frecuentemente e véndose un ao outro coma o máis perfecto que existía na corte, era difícil que non se gustasen infinitamente.

A duquesa de Valentinois participaba en todas as festas e o rei sentía por ela a mesma paixón e dedicáballe as mesmas atencións ca nos comezos da súa relación. A princesa de Clèves, que estaba nesa idade na que non se cre que unha muller poida ser amada cando pasa dos vinte e cinco anos, miraba con extrema estrañeza a inclinación que o rei tiña por aquela

duquesa, que era avoa e que acababa de casar a súa neta, e faláballe disto con frecuencia á señora de Chartres:

– É posible, señora –dícialle– que o rei leve namorado tanto tempo?, ¿como pode amar unha muller que é moito máis vella ca el, que foi amante do seu pai e que o é aínda doutros, segundo o que oín dicir?

– É certo –respondeulle ela– que non foi nin o mérito nin a fidelidade da señora de Valentinois o que fixo nacer a paixón do rei, nin o que a conservou. E é tamén certo que esa paixón non ten escusa, pois se esta muller fose nova e bela e de bo berce, se tivese o mérito de non amar antes ninguén, se amase o rei cunha fidelidade exacta e o amase pola súa persoa e sen interese pola grandeza nin pola fortuna e sen servirse do seu poder máis ca para cousas honestas ou favorables para o rei, habería que confesar que sería difícil non loar este príncipe pola grande inclinación que sente por ela. Se non tivese medo de que vostede –continuou a señora de Chartres– me acuse do que se acusa a todas as mulleres da miña idade, que lles gusta contar as historias dos seus tempos, contarialle como comezou a paixón do rei por esta duquesa e outras cousas da corte do finado rei que mesmo teñen moita relación coas que pasan aínda no presente.

– Non só estou lonxe de acusala –dixo a señora de Clèves– de recontar historias pasadas, senón que me queixo, señora, de que non me contase as presentes e que non me amosase os diferentes intereses e as diversas alianzas da corte. Ignóroas dun xeito tan absoluto que cría, hai poucos días, que o señor condestable se levaba moi ben coa raíña.

– Pois tiña unha opinión ben oposta á verdade –respondeu a señora de Chartres–. A raíña odia o condestable e se algunha vez chega a ter poder, fará que o note pois ela sabe que o condestable lle dixo varias veces ao rei que, de todos os seus fillos, só os naturais se parecen a el.

– Eu nunca sospeitaría este odio –interrompeu a señora de Clèves– despois de ver o coidado que a raíña poñía en escribirlle ao condestable durante a súa prisión, a alegría que amosou cando volveu e como lle chama sempre meu compadre, o mesmo ca o rei.

– Se xulga sobre as aparencias na corte –respondeu a señora de Chartres– enganarase continuamente pois o que parece non é case nunca a verdade.

Pero volvamos á señora de Valentinois. Vostede sabe que se chama Diana de Poitiers, de casa moi ilustre que vén dos antigos duques de Aquitania. A súa avoa era filla natural de Luís XI pero non todo é grande no seu nacemento. Saint-Vallier, o seu pai, viuse implicado nun asunto do condestable de Borbón, do que debeu oír falar. Foi condenado a que lle

cortaran a cabeza e conducido ao cadafalso. A súa filla, dunha admirable beleza, e que xa lle gustara ao finado rei, actuou tan ben –non sei por que medios– que conseguiu que lle perdoasen a vida ao pai. Comunicáronlle o perdón no momento no que ía recibir o golpe da morte, pero o medo afectáralle de tal xeito que xa perdera o coñecemento e morreu poucos días despois. A súa filla apareceu na corte coma a amante do rei. A viaxe de Italia e a prisión deste príncipe interromperon esta paixón. Cando Francisco I volveu de España e a rexenta foi a onda el a Baiona, esta levou todas as súas fillas, entre as que estaba a señorita de Pisseleu, que foi despois duquesa de Étampes. O rei namorouse dela, aínda que era inferior en nacemento, en intelixencia e en beleza á señora de Valentinois e só tiña coma vantaxe sobre esta a súa xuventude. Oínlle varias veces dicir que ela nacera o día no que Diana de Poitiers casara. O odio facíallo dicir pero non era verdade pois moito me enganaría se a duquesa de Valentinois non casou co señor de Brézé, gran senescal de Normandía, na época na que o rei se namorou da señora de Étampes. Nunca houbo un odio tan grande coma o destas dúas mulleres. A duquesa de Valentinois non lle podía perdoar á señora de Étampes que lle quitase o título de amante do rei e a señora de Étampes sentía uns tremendos celos da señora de Valentinois porque o rei mantiña unha relación con ela. Este príncipe non lles gardaba unha fidelidade exacta ás súas amantes pois, aínda que sempre había unha que tiña o título e os honores, as mulleres chamadas da *pequena banda* compartían por quendas. A perda do delfín, o seu fillo, que morreu en Tournon, supostamente envelenado, causoulle unha forte aflición. O segundo fillo non lle inspiraba a mesma tenrura nin o mesmo gusto. Non lle encontraba a suficiente audacia nin vivacidade e queixouse disto un día ante a señora de Valentinois quen lle dixo que quería facer que se namorase dela para que se volvease máis vivo e agradable. Conseguiuno como vostede ve e hai máis de vinte anos que esta paixón dura sen verse alterada nin polo tempo nin polos obstáculos.

O finado rei opúxose nun principio e, fose porque aínda amase a señora de Valentinois para ter celos ou que fose empurrado pola duquesa de Étampes, que se desesperaba porque o delfín se unise coa súa inimiga, o certo é que viu esta paixón cunha cólera e cunha pena que amosaba todos os días. Non obstante, o seu fillo non temía nin a súa cólera nin o seu odio e nada o puido obrigar a diminuír nin a ocultar a súa paixón e o rei tivo que acostumar-se a sufrila. Así, esta oposición á súa vontade afastouno aínda máis e uniuno ao duque de Orleáns, o seu terceiro fillo, que era un príncipe guapo, apaixonado e ambicioso, dunha xuventude fogosa, que necesitaba ser moderada pero que faría del un príncipe dunha grande elevación se a idade madurase o seu carácter.

O rango de herdeiro do delfín e o favor do rei do duque de Orleáns provocaban entre eles unha especie de rivalidade, que comezara na infancia e que sempre permanecera, que chegaba ao odio. No momento no que o emperador estaba en Francia deulle unha preferencia absoluta ao duque de Orleáns sobre o delfín, o que lle doeu tanto a este que, cando o emperador estaba en Chantilly, quixo obrigar o condestable a detelo sen esperar a orde do rei. O condestable non quixo, o rei censurouno despois por non seguir o consello do seu fillo e esta razón tivo moito que ver na decisión de afastalo da corte.

A duquesa de Étampes utilizou a rivalidade dos dous irmáns para aproveitarse do duque de Orleáns e para que este a apoiase ante o rei e en contra da señora de Valentinois. Tivo éxito pois este príncipe, sen estar namorado dela, implicouse nos seus intereses coma o delfín nos da señora de Valentinois o que causou dúas cábalas na corte, como pode imaxinar, pero as intrigas non se limitaron só ás liortas de mulleres.

O emperador, que conservara a amizade polo duque de Orleáns, ofrecéralle varias veces devolverlle o ducado de Milán. Nas proposicións que se fixeron despois para a paz, esperaba darlle as dezasete provincias e casalo coa súa filla. O delfín non desexaba nin a paz nin este casamento. Utilizou o condestable, ao que sempre amou, para facerlle ver ao rei de que importancia era non darlle ao seu sucesor un irmán tan poderoso como sería o duque de Orleáns coa alianza do emperador e as dezasete provincias. O condestable apoiou de moi bo grado os sentimentos do delfín porque se opoñía dese xeito aos da señora de Étampes, a súa inimiga declarada e que desexaba ardentemente a elevación do duque de Orleáns.

O delfín mandaba entón o exército do rei en Champaña e reducira o do emperador a tal extremo que este morrería se a duquesa de Étampes, que temeu que demasiadas vantaxes nos fixesen refusar a paz e a alianza do emperador co duque de Orleáns, non avisase secretamente os inimigos para que sorprendesen as vilas de Épernay e Château-Thierry que estaban cheas de víveres. Fixérono e salvaron desta maneira todo o seu exército.

Esta duquesa non gozou durante moito tempo do éxito da súa traizón. Pouco despois, o duque de Orleáns morreu, en Farmoutier, dunha especie de enfermidade contaxiosa. Amaba unha das máis belas mulleres da corte e era correspondido por ela. Non lle vou dicir o seu nome porque despois viviu con tanta honestidade e ela mesma ocultou con tanto coidado a paixón que sentía por este príncipe que merece que se lle conserve a reputación. O azar fixo que recibise a nova da morte do seu marido o mesmo día que soubo a do señor de Orleáns, de forma que lle serviu como pretexto para tapar a súa verdadeira aflición, sen ter que escondela.

O rei apenas sobreviviu ao seu fillo e morreu dous anos despois. Recomendoulle ao

delfín que utilizase o cardeal de Tournon e o almirante de Annebauld pero non falou do condestable, que estaba entón relegado en Chantilly. Con todo, a primeira cousa que fixo o rei, o seu fillo, foi chamalo e entregarlle o goberno dos asuntos.

A duquesa de Étampes foi expulsada da corte e recibiu todos os malos tratos que podía esperar dunha inimiga todopoderosa. A duquesa de Valentinois vingouse entón a gusto tanto desta duquesa coma daqueles que a desgustaran e o seu poder fíxose máis absoluto sobre o espírito do rei ca cando era delfín. Desde hai doce anos que este príncipe reina, ela é ama absoluta de todas as cousas, dispón cargos e asuntos e fixo que botasen o cardeal de Tournon, o chanceler Olivier e Villeroy. Os que quixeron abrílle os ollos ao rei sobre a súa conduta, morreron no intento. O conde de Taix, grande amo da artillería, non a estimaba e non puido absterse de falar das súas aventuras e sobre todo da do conde de Brissac, de quen o rei xa tiña moitos celos. Non obstante, ela actuou tan ben que o conde de Taix caeu en desgraza: quitáronlle o cargo e o que é increíble, conseguiu que llo desen ao conde de Brissac e nomeouno, a continuación, mariscal de Francia. Os celos do rei aumentaron de tal maneira que non puido soportar que este mariscal permanecese na corte, pero os celos que son agres e violentos no resto dos homes, son suaves e moderados nel polo extremo respecto que sente pola súa amante de forma que só ousou afastar o seu rival co pretexto de lle dar o goberno de Piemonte. Pasou alí varios anos; veu o inverno pasado, coa escusa de pedir tropas e outras cousas necesarias para o exército que manda. Quizais o verdadeiro motivo da viaxe fose o desexo de volver ver a señora de Valentinois e o temor de que ela o esquecese. O rei recibiuo con moita frialdade. Os señores de Guisa, que non o estiman pero que non ousan manifestalo a causa da señora de Valentinois, usaron o vidamo, que é o seu inimigo declarado, para conseguir que non obtivese nada do que viñera pedir. Non era difícil prexudicalo pois o rei ódiao e a súa presenza cáusalle inquietude de forma que se viu obrigado a volver sen levar máis froito da súa viaxe ca o de, talvez, reavivar no corazón da señora de Valentinois uns sentimentos que a ausencia comezaba a extinguir. O rei tivo outros motivos para estar celoso, pero ou non os soubo ou non ousou queixarse deles.

– Non sei, miña filla –engadiu a señora de Chartres–, se non lle contaría máis cousas das que tiña gana de saber.

– Estou ben lonxe, señora, de me queixar diso –respondeu a señora de Clèves– e sen medo de molestala, preguntaríaalle aínda varias circunstancias que ignoro.

A paixón do señor de Nemours pola señora de Clèves foi desde o principio tan violenta que lle quitou o gusto e mesmo o recordo de todas as persoas que amara e con quen

mantivera contacto durante a súa ausencia. Non só buscou pretextos para romper con elas senón que non tivo paciencia para escoitar as súas queixas nin para responder aos reproches. A delfina, por quen el manifestara sentimentos bastante apaixonados, non puido permanecer no seu corazón contra a señora de Clèves. A súa impaciencia pola viaxe a Inglaterra comezou a moderarse e xa non apurou con tanto ardor as cousas necesarias para a súa partida. Ía con frecuencia ás reunións da raíña delfina porque alí podía ver a señora de Clèves e non lle importaba deixar imaxinar o que quixeran dos seus sentimentos por esta raíña pois a señora de Clèves pareceulle tan valiosa que preferiu non darlle mostras da súa paixón a arriscarse a que a coñecese o público. Nin sequera falou disto co vidamo de Chartres, que era o seu amigo íntimo e a quen non lle ocultaba nada. Adoptou unha conduta tan sensata e comportouse con tanto coidado que ninguén sospeitou que estivese namorado da señora de Clèves, a non ser o cabaleiro de Guisa. Ela mesma tería dificultades para darse conta, se a inclinación por el non lle concedese unha atención particular polas súas accións, que non lle permitiu ter dúbidas.

Non tivo a mesma disposición para contarlle á súa nai o que pensaba dos sentimentos deste príncipe ca a que tivera para falar dos seus outros amantes e sen ter o proxecto consciente de ocultarllo, non lle dixo nada. A señora de Chartres, non obstante, vía de sobras, tan ben coma a propensión que a súa filla tiña por el o que lle causou unha sensible dor. Decatábase do perigo que corría a súa filla ao ser amada por un home coma o señor de Nemours por quen ela sentía inclinación. Confirmou as súas sospeitas por unha cousa que pasou poucos días despois.

O mariscal de Saint-André, que buscaba todas as ocasións de exhibir a súa magnificencia, suplicoulle ao rei, co pretexto de amosarlle a súa casa, acabada de pouco, que lle fixese o honor de ir cear alí coas raíñas. Este mariscal estaba moi feliz de amosarlle á señora de Clèves este gasto estrepitoso, que chegaba á profusión.

Algúns días antes do escollido para esta cea, o rei delfín, cuxa saúde era bastante mala, encontrouse mal e non recibiu a ninguén. A súa muller, a raíña, pasou todo o día ao seu lado. Pola noite, como se encontraba mellor, mandou que entrasen todas as persoas importantes que estaban na antecámara. A raíña delfina marchou aos aposentos e alí viu a señora de Clèves e algunhas outras damas das máis achegadas.

Como xa era bastante tarde e non estaba vestida, a delfina non foi saudar a raíña, mandoulle dicir que non iría e fixo que lle trouxesen as pedrerías a fin de escoller algo para o baile do mariscal de Saint-André e para darllo á señora de Clèves, a quen llo prometera. Cando estaban con isto o príncipe de Condé, cuxa calidade facía que tivese todas as portas

abertas, chegou. A raíña delfina díxolle que viña sen dúbida de ver o seu marido, o rei, e preguntoulle que se facía alá.

– Discútese contra o señor de Nemours, señora –respondeu–, pero el defende con tanta calor a súa opinión que ten que referirse a el. Creo que ten algunha amante que lle causa inquietude cando está no baile, pois di que é algo moi molesto para un amante ver no baile a persoa amada.

– Como! –dixo a delfina–, o señor de Nemours non quere que a súa amante vaia ao baile? Eu pensei que os maridos podían desexar que as súas mulleres non fosen pero, os amantes, nunca pensei que puidesen ter este sentimento.

– O señor de Nemours pensa –dixo o príncipe de Condé– que o baile é o máis insoportable para os amantes, tanto se son correspondidos coma se non. Di que, se o son, teñen pena por selo menos durante varios días porque non hai unha muller á que o coidado do seu adorno non lle impida pensar no seu amante. Di tamén que elas están totalmente ocupadas cos preparativos e que o coidado que poñen nisto non é só para os amantes senón para todo o mundo. Opina que as mulleres, cando están no baile, queren gustarlles a todos os que as observan e que cando están satisfeitas da súa beleza, senten unha alegría na que o amante non ten a maior parte. Di tamén que, cando non se é correspondido, aínda se sofre máis vendo a amada nunha reunión e que canto máis admirada é polo público máis se sofre por non ser amado e que sempre se teme que a súa beleza faga nacer algún amor máis afortunado ca o seu. En fin, cre que non hai sufrimento semellante ao de ver a amada no baile, a non ser o de saber que ela está alí e el non.

A señora de Clèves finxía non escoitar o que dicía o príncipe de Condé pero escoitábao con atención. Vía claramente que a opinión que sostiña o señor de Nemours tiña algo que ver con ela e sobre todo no que dicía da pena de non ir ao baile onde estaba a súa amante, porque el non podía estar no do mariscal de Saint-André posto que o rei o enviara cabo do duque de Ferrara.

A raíña delfina ría co príncipe de Condé e non aprobaba a opinión do señor de Nemours.

– Só hai unha ocasión –díxolle o príncipe– na que o señor de Nemours aproba que a súa amada vaia ao baile e é cando é el quen o dá. Di que o ano pasado lle deu un á súa maxestade e que viu coma un favor que lle facía a súa amada ir, aínda que aparentemente só a seguía a vostede. Pensa que participar nun acto que el ofrece sempre é facerlle un favor a un amante e que é tamén agradable que a súa amada o vexa ser dono dun lugar onde está toda a

corte e cumprir cos honores da súa casa.

– O señor de Nemours tivo razón –dixo a raíña delfina, sorrindo– en aprobar que a súa amante fose ao baile pois cando o deu eran tantas as que posuían este título que, se non fosen, habería pouca xente.

Tan pronto como o príncipe de Condé comezara a contar as opinións do señor de Nemours sobre o baile, a señora de Clèves sentira moita gana de non ir ao do mariscal de Saint–André. Estaba de acordo en que non debía ir á casa dun home que a amaba e alegrouse de ter unha razón para facerlle un favor ao señor de Nemours. Levou, non obstante, o adorno que lle dera a raíña delfina pero pola noite, cando llo amosou á nai, díxolle que non tiña intención de usalo, que o mariscal de Saint–André se empeñaba tanto en facer ver que ela lle gustaba que seguramente quixese tamén facer crer que ela participaba na diversión que el lle ofrecía ao rei e que, co pretexto de facer os honores da casa, lle dedicaría atencións que a incomodarían.

A señora de Chartres combateu algún tempo a opinión da súa filla, por encontrala estraña, pero vendo que se obstinaba accedeu e díxolle que entón tiña que fínxir estar enferma e ter así unha escusa para non ir ao baile, porque as verdadeiras razóns non serían aprobadas e mesmo debían impedir que se sospeitasen. A señora de Clèves aceptou de boa gana pasar algúns días sen saír da casa para non ir a un lugar no que o señor de Nemours non estaría e el marchou sen ter o pracer de saber que ela non iría ao baile.

O duque volveu ao día seguinte do baile e soubo que ela non fora pero como non sabía que lle contaran a conversa da casa do rei delfin, estaba lonxe de considerarse o bastante afortunado para ter algo que ver nesta decisión.

Ao día seguinte, cando estaba coa raíña e falaba coa delfina, a señora de Chartres e a señora de Clèves viñeron e achegáronse a esta princesa. A señora de Clèves estaba un pouco descoidada, coma unha persoa que se encontrase mal aínda que o seu rostro non respondía á súa vestimenta.

– Véxoa tan guapa –díxolle a delfina– que non podería crer que estivo enferma. Penso que o príncipe de Condé, ao contarlle o parecer do señor de Nemours sobre o baile, a persuadiu de que lle faría un favor ao mariscal de Saint–André se ía á súa casa e que foi iso o que lle impediu ir.

A señora de Clèves púxose rubia polo que a delfina adiviñaba tan xustamente e porque o dicía diante do señor de Nemours.

A señora de Chartres comprendeu nese momento por que a súa filla non quixera ir ao

baile e para evitar que o señor de Nemours se dese conta coma ela, tomou a palabra aparentando dicir a verdade.

– Asegúrolle, señora –díxolle á delfina–, que a súa maxestade faille máis honor á miña filla do que merece. É certo que estaba enferma pero creo que, se non llo impedise eu, non deixaría de seguila e de amosarse tan desmellorada como estaba, só polo pracer de ver todo o que houbo de extraordinario na festa de onte pola noite.

A delfina creu o que dicía a señora de Chartres e o señor de Nemours quedou ben contrariado de encontrar verosimilitude no que dicía aínda que o rubor da señora de Clèves lle fixo sospeitar que o que a delfina dixera non estaba totalmente afastado da verdade. Á señora de Clèves molestáralle nun principio que o señor de Nemours puidese crer que non fora á casa do mariscal de Saint–André por el pero despois sentiu un pouco de pena de que a súa nai lle quitase totalmente esta ilusión.

Aínda que a asemblea de Cercamp se rompera, as negociacións pola paz continuaran e as cousas dispuxéronse de tal xeito que, cara á fin de febreiro, houbo unha nova xuntanza en Cateau–Cambrésis. Volveron alí os mesmos representantes e a ausencia do mariscal de Saint–André liberou o señor de Nemours do rival que máis temía, tanto pola atención que poñía en observar os que se achegaban á señora de Clèves coma polos avances que podía conseguir ante ela.

A señora de Chartres non quixo deixarlle ver á súa filla que coñecía os seus sentimentos por este príncipe por medo a perder a súa confianza e non poder dicirlle as cousas que quería dicirlle. Púxose un día a falar del e mesturou cousas boas con moitas loanzas envelenadas sobre a habilidade que tiña o duque para non namorarse e para tomar as relacións coas mulleres coma un pracer e non coma unha unión seria. Non é –engadiu– que non se lle sospeite unha gran paixón pola raíña delfina e creo que vai a onda ela moi frecuentemente polo que lle aconsello evitar, no que poida, falar con el e sobre todo en particular porque, tratándoa como o fai a delfina, a xente empezará a dicir que é a súa confidente e xa sabe que desagradable é esta reputación. Penso que, se este rumor continúa, é mellor que vaia con menos frecuencia á casa da delfina, a fin de non verse mesturada en aventuras de galantería.

A señora de Clèves nunca oíra falar do señor de Nemours e da delfina e quedou tan sorprendida do que lle dixo a nai e creu darse conta de como se enganara en todo o que pensara sobre os sentimentos deste príncipe que lle cambiou a cara. A señora de Chartres notou o cambio pero como chegou xente nese momento, a señora de Clèves marchou e

pechouse no seu gabinete.

Non se pode expresar a dor que sentiu ao volverse consciente, polo efecto do que lle acababa de dicir a súa nai, do interese que sentía polo señor de Nemours e que aínda non se confesara a si mesma. Percibiu entón que os seus sentimentos por el eran os que o señor de Clèves lle solicitara tantas veces e decatouse do vergonzoso que era sentilos por outro home que non fose un marido que os merecía. Sentiuse ferida e preocupada polo temor de que o señor de Nemours quixese utilizala como pretexto ante a delfina e este pensamento determinouna a contarlle á señora de Chartres o que aínda non lle dixera.

Foi ao día seguinte de mañá ao seu cuarto para facer o que decidira pero encontrouse con que a señora de Chartres tiña un pouco de febre, de forma que non quixo molestala. Como este mal parecía non ter importancia, a señora de Clèves foi pasar a velada coa delfina quen estaba no seu gabinete con dúas ou tres damas das máis achegadas.

– Falabamos do señor de Nemours –díxolle esta raíña ao vela– e admirabamos canto cambiou desde o seu retorno de Bruxelas. Antes de marchar, tiña un número infinito de amantes o que era mesmo un defecto nel pois aproveitaba por igual as que tiñan mérito coma as que non. Desde que volveu, non coñece nin unhas nin outras e nunca se viu nel un cambio tan grande. Mesmo creo que cambiou de humor e que está menos alegre ca de costume.

A señora de Clèves non respondeu nada e pensou con vergonza que, se non estivese xa desenganada, tomaría todo o que lle dicían do cambio do príncipe por mostras de paixón. Sentía certa amargura contra a delfina ao verlle disimular e estrañarse dunha cousa da que aparentemente ela sabía mellor a causa ca ninguén. Non puido evitar falarlle disto e, cando as outras damas se afastaron, achegouse a ela e díxolle baixiño:

– O que acaba de dicir é tamén para min, señora, e quéreme ocultar que vostede é a causa de que o señor de Nemours cambiase de conduta?

– Vostede é inxusta –díxolle a delfina– pois sabe que non lle oculto nada. É certo que o señor de Nemours, antes de ir a Bruxelas, parecía ter a intención de me deixar ver que lle gustaba, pero desde que volveu, non parece acordarse diso e confeso que teño curiosidade por saber que o fixo cambiar. Será ben difícil que non o descubra –engadiu– pois o vidamo de Chartres, que é o seu amigo íntimo, está namorado dunha muller sobre a que teño certo poder e saberei así que foi o que produciu o cambio.

A delfina falou dunha maneira que convenceu a señora de Clèves e encontrouse, sen querelo, nun estado de máis calma e de máis dozura ca antes.

Cando volveu a carón da súa nai, soubo que estaba moito peor do que a deixara. A

febre aumentara e, os días seguintes, aumentoulle de tal xeito que parecía tratarse dun mal grave. A señora de Clèves, nunha aflicción extrema, non saía do cuarto da súa nai e o señor de Clèves pasaba alí case todos os días tanto polo interese que tiña pola señora de Chartres coma para impedir que a súa muller se abandonase á tristeza e tamén para ter o pracer de vela pois a súa paixón non diminuíra.

O señor de Nemours, que sempre fora amigo del, non deixara de selo desde o seu retorno de Bruxelas. Durante a enfermidade da señora de Chartres, este príncipe encontrou o medio de ver varias veces a señora de Clèves fínxindo buscar o seu marido ou de ir buscalo para pasear. Ía mesmo a horas nas que sabía que non estaba e, coa escusa de esperalo, permanecía na antecámara da señora de Chartres onde sempre había varias persoas importantes. A señora de Clèves ía alí con frecuencia e, aínda que estivese apesurada, non lle parecía menos bela ao señor de Nemours, quen lle amosaba canto lle importaba a súa aflicción e lle falaba disto cun ton tan doce e tan submisivo que a persuadía facilmente de que non era da delfina de quen el estaba namorado.

Non podía evitar sentirse turbada ante el e sentir, ao mesmo tempo pracer ao velo. Cando xa marchara e pensaba que o encanto que experimentaba na súa presenza era o comezo da paixón, pouco faltaba para crer que o odiaba pola dor que lle causaba este pensamento.

A señora de Chartres empeorou tan considerablemente que se empezou a perder a esperanza pola súa vida. Recibiu o que os médicos lle dixeron do perigo que corría cunha coraxe digna da súa virtude e da súa piedade. Unha vez que estes marcharon, fixo que se retirase todo o mundo e mandou chamar a señora de Clèves.

– Temos que separarnos, miña filla –díxolle, tendéndolle a man–. O perigo no que a deixo e a necesidade que ten de min aumentan a angustia de separarme de vostede. Sei que sente inclinación polo señor de Nemours e non lle pido que mo confese porque xa non estou en estado de usar a súa sinceridade para conducila. Hai xa tempo que me dei conta desta inclinación pero non lle quixen falar dela por medo a que vostede mesma se dese conta de algo do que aínda non era consciente. Está ao bordo do precipicio e fan falta grandes esforzos e grandes violencias para retela. Pense no que lle debe ao seu marido, no que se debe a si mesma e pense que vai perder unha reputación que gañou e que tanto lle desexei. Teña forza e coraxe, miña filla, retírese da corte, obrigue o seu marido a que a leve de aquí, non tema tomar decisións demasiado difíciles e rudas por horribles que parezan nun principio porque as súas consecuencias serán máis doces ca as desgrazas dunha galantería. Se outras razóns, á

parte da virtude e do seu deber a poden obrigar ao que desexo, diríalle que, se hai algo capaz de turbar a felicidade que espero saíndo deste mundo, sería vela caer coma as outras mulleres, pero se esta desgraza lle sucede, recibo a morte con alegría para non ser testemuña.

As bágoas da señora de Clèves caían sobre a man da súa nai, que estaba entre as súas, e a señora de Chartres conmovéndose díxolle:

– Adeus, miña filla, acabemos unha conversa que nos entenrece demais a ambas e acórdese, se pode, de todo o que lle acabo de dicir.

Virouse do outro lado acabando estas palabras e mandoulle á súa filla que chamase as serventas, sen querer escoitar nin dicir nada máis. A señora de Clèves saíu do cuarto da nai no estado no que se pode imaxinar mentres esta só pensaba en prepararse para a morte. Viviu aínda dous días, durante os cales, xa non quixo ver a súa filla que era a única cousa á que se sentía unida.

A señora de Clèves estaba extremadamente apesurada, o seu marido non a abandonaba e, tan pronto como a señora de Chartres morreu, levouna ao campo, para afastala dun sitio que só acedaba máis unha dor como nunca se vira. Aínda que a maior parte desta dor estaba producida pola tenrura e polo recoñecemento, a necesidade que ela tiña da súa nai, para protexerse contra o señor de Nemours, tamén tiña que ver. Sentíase desgraciada ao verse abandonada a si mesma, nun momento no que era tan pouco dona dos seus sentimentos e onde tanto desexaría ter alguén que a puidese compadecer e darlle forza. A maneira en que o señor de Clèves a trataba facíalle desexar máis ca nunca non faltar a nada do que lle debía. Testemuñoulle así máis cariño e máis tenrura ca nunca. Non quería que se separase dela e parecíalle que, a forza de achegarse a el, el a protexería contra o señor de Nemours.

Este príncipe foi ao campo ver o señor de Clèves e fixo todo o posible para ver tamén a señora de Clèves. Ela non quixo recibilo porque, sabendo que non podía evitar amalo, decidira evitalo en todas as ocasións que dependesen dela.

O señor de Clèves veu a París para cumprir cos seus deberes na corte e prometeulle á súa muller que volvería ao día seguinte pero non volveu ata o día despois.

– Espereino onte todo o día –díxolle a señora de Clèves, cando chegou– e debo facerlle reproches por non vir cando mo prometera. Vostede sabe que se podía sentir unha nova aflición no estado no que estou, sería a da morte da señora de Tournon, que recibín esta mañá. Aínda que non a coñecese afectaríame, pois sempre causa piedade que unha muller nova e guapa coma ela morrese en dous días pero, ademais, era unha das persoas que máis me gustaban do mundo e que parecía ter tanta prudencia coma mérito.

– Pídoille desculpas por non volver onte –respondeu o señor de Clèves– pero tiña que consolar un desgraciado e érame imposible deixalo. En canto á señora de Tournon, aconséllolle que non sufra por ela, se a bota de menos coma unha muller chea de honestidade e digna da súa estima.

– Asómbreme a súa actitude –respondeu a señora de Clèves– pois oínlle dicir varias veces que non había muller na corte que estimase máis.

– É certo –respondeu el– pero as mulleres son incomprensibles e, cando as vexo a todas, síntome tan feliz de estar con vostede que non podería admirar o suficiente a miña felicidade.

– Estímame máis do que vallo –dixo a señora de Clèves suspirando– e aínda non é tempo de me sentir digna de vostede. Cónteme, suplícollo, que o decepcionou da señora de Tournon.

– Hai moito tempo que o fixo e que sei que amaba o conde de Sancerre a quen lle daba esperanzas de casar.

– Non podo crer –interrompeu a señora de Clèves– que a señora de Tournon, tras ese afastamento tan extraordinario que testemuñou polo matrimonio desde que quedou viúva e tras as declaracións públicas de non volver casar nunca, lle dese esperanzas a Sancerre.

– Se llas dese só a el –replicou o señor de Clèves– non habería por que estrañarse, pero o que é sorprendente é que llas daba a Estouteville ao mesmo tempo e voulle contar como foi a historia.

SEGUNDA PARTE

Vostede xa sabe que Sancerre e eu somos amigos. Non obstante, hai dous anos máis ou menos que se namorou da señora de Tournon e ocultoumo co mesmo coidado ca a todo o mundo. Eu nin o sospeitaba pois a señora de Tournon parecía aínda inconsolable pola morte do seu marido e vivía nun retiro austero. A irmá de Sancerre era case a única persoa que vía e foi na casa dela onde se namoraron.

Unha noite que debía representarse unha comedia no Louvre e que só faltaban o rei e a señora de Valentinois para que comezase, viñeron avisar de que esta se encontraba mal e que o rei non viría. Deduciuse facilmente que o mal da duquesa se trataba dalgún altercado co rei. Sabiamos que el tivera celos do mariscal de Brissac mentres este estivera na corte pero como regresara a Piemonte, varios días atrás, non podíamos imaxinar o motivo da desavinza.

Cando estaba falando disto con Sancerre, chegou o señor de Anville á sala e díxome baixiño que o rei tiña unha aflición e unha cólera que causaban pena porque nunha reconciliación entre el e a señora de Valentinois, había uns días, tras os problemas que tiveran polo mariscal de Brissac, o rei regaláralle un anel e rogáralle que o levase sempre. Cando a duquesa se estaba vestindo para ir ver a comedia, o rei fíxose en que non levaba o anel e preguntoulle a razón. Ela estrañouse tanto de non telo, que lles preguntou ás serventas, e estas, por mala sorte ou por falta de instrucións, responderon que había catro ou cinco días que non o vían.

Este tempo coincidía, precisamente, co da partida do mariscal de Brissac –comentou o señor de Anville– e o rei non dubidou de que ela lle entregara o anel ao despedirse. Este pensamento espertou tan vivamente todos os celos, aínda non ben extintos, que se encolerizou contra o que é normal nel e fíxolle mil reproches. Acaba de volver aos cuartos moi aflixido, pero non sei se máis porque a señora de Valentinois sacrificase o anel ou polo temor de que lle desgustase a súa cólera.

Tan pronto como o señor de Anville acabou de me relatar esta nova, achegueime a Sancerre para contarlla, coma un segredo que me acababan de confiar e do que lle prohibía falar.

Ao día seguinte, fun moi cedo á casa da miña cuñada e encontrei a señora de Tournon á cabeceira da súa cama. Esta non estimaba a señora de Valentinois e sabía que a miña cuñada non tiña motivo de loarse diso tampouco. Sancerre estivera na casa dela ao saír da comedia e contáralle a pelexa do rei coa duquesa e a señora de Tournon viñera contarllo á miña cuñada, sen saber ou sen reflexionar que fora eu quen lla contara ao seu amante.

Tan pronto como me acheguei, a miña cuñada díxolle á señora de Tournon que me podían confiar o que acababa de dicirme e, sen esperar o seu permiso, contoume palabra por palabra todo o que eu lle dixera a Sancerre o día antes. Pode imaxinarse como me estrañou isto. Observei a señora de Tournon e pareceume que estaba incómoda. A súa incomodidade causoume sospeitas pois eu só llo contara a Sancerre, el deixárame ao saír da comedia sen me dicir a razón e acordeime de terlle oído loar a señora de Tournon extremadamente. Todas estas cousas abrironme os ollos e foime fácil descubrir que tiñan unha relación e que a vira despois de separarse de min.

Amoloume tanto que me ocultase esta aventura que dixen varias cousas coas que lle dei a entender á señora de Tournon a imprudencia que cometera. Acompañeina ata a súa carroza e asegúreille, ao despedirme dela, que envexaba a fortuna daquel que lle contara o

conflicto do rei e da señora de Valentinois.

Fun inmediatamente buscar a Sancerre, fixenlle mil reproches e díxenlle que coñecía a súa relación coa señora de Tournon, sen dicirlle como a descubrira. Viuse obrigado a confesarma e conteille deseguido como o soubera e el contoume tamén os detalles da súa aventura. Díxome que, aínda que era o fillo menor da súa casa e que, aínda que estaba moi lonxe de poder pretender un partido tan bo, ela estaba resolta a casar con el. Quedei moi sorprendido. Díxenlle a Sancerre que a presionase para acordar o casamento e que tiña que temer todo dunha muller que tiña o artificio de soste, ante o público, unha imaxe tan apartada da verdade. Respondeume que estivera verdadeiramente aflixida, pero que a inclinación que sentira por el superara esta aflición e que non podía amosar publicamente un cambio tan grande de súpeto. Aduciu aínda algunhas razóns máis para escusala que me fixeron ver ata que punto estaba namorado. Aseguroume que a obrigaría a consentir que eu soubese a súa relación, posto que fora ela mesma quen ma contara. Obrigouna, en efecto, pero con moito traballo e convertinme entón no seu confidente.

Nunca vin unha muller dunha conduta tan honesta e tan agradable con respecto ao seu amante e, non obstante, sempre me chocaba a súa afectación por aparentar estar aínda aflixida. Sancerre estaba tan namorado e tan satisfeito da maneira en que ela o trataba que non ousaba meterlle présa por concluír o casamento, por medo a que pensase que el a desexaba máis polo interese ca por unha verdadeira paixón. Falou con ela disto e ela pareceulle decidida a casar e comezou mesmo a abandonar o retiro no que vivía e a volver ao mundo. Ía ver a miña cuñada a horas nas que estaba con ela unha parte da corte. Sancerre só viña ás veces, pero os que ían todas as noites e a vían frecuentemente, encontrábana moi amable.

Pouco tempo despois de que comezase a abandonar a soidade, a Sancerre pareceulle advertir un certo arrefriamento na súa paixón. Díxome varias veces sen que eu vise ningún fundamento nas súas queixas pero, á fin, como me dixo que en lugar de fixar o casamento, parecía distanciarse, comecei a crer que non se equivocaba na súa inquietude. Respondinlle que mesmo se a paixón da señora de Tournon diminuíse despois de dous anos, non habería por que estrañarse; que se, mesmo sen que diminuíse, non fose o suficientemente forte para obrigala a casar con el, non debería queixarse; que este matrimonio ante o público, o prexudicaría, non só porque non era un partido bastante bo para ela senón tamén polo prexuízo que lle traería á súa reputación e que todo o que el podía desexar era que non o enganase nin lle dese falsas esperanzas. Díxenlle aínda que, se ela non tiña o valor de casar

con el ou lle confesase que amaba outro, non debía enfurecerse nin queixarse senón que debía conservar por ela estima e recoñecemento.

Doulle –díxenlle– o consello que tomaría para min mesmo, pois a sinceridade é para min tan importante que creo que se a miña amante, e mesmo a miña muller, me confesase que alguén lle gusta, me sentiría aflixido sen estar amargado. Deixaría o papel de amante ou de marido para darlle consellos e compadecela.

Estas palabras fixeron que a señora de Clèves se ruborizase ao ver tanta similitude co seu propio estado que se sorprendeu e sufriu unha turbación da que lle custou moito tempo recuperarse.

– Sancerre falou coa señora de Tournon –continuou o señor de Clèves– e díxolle todo o que eu lle aconsellara pero ela tranquilizouno con tanto coidado e amosouse tan ofendida polas súas sospeitas que llas borrou totalmente. Aprazou, con todo, o casamento ata a volta dunha viaxe que el tiña que facer e que ía ser bastante longa, pero portouse tan ben ata que el marchou e pareceu tan triste que crin, coma el, que o amaba realmente. Sancerre marchou hai aproximadamente tres meses. Durante a súa ausencia, vin pouco a señora de Tournon porque vostede me ocupou totalmente e eu só sabía que el debía volver logo.

Antonte, cando cheguei a París, souben que ela morrera e mandei saber novas del. Dixéronme que chegara a véspera, precisamente o día da morte da señora de Tournon. Fun velo inmediatamente con medo de como o ía encontrar e a súa aflición era moito maior do que eu imaxinara.

Nunca vin unha dor tan profunda e tan tenra. Desde o momento no que me viu, abrazoume saloucando:

– ¡Non a verei máis, non a verei máis, está morta! ¡Eu non era digno dela, pero seguireina logo!

Calou e logo, de tempo en tempo, repetindo sempre “¡está morta e non a verei máis!”, volvía aos gritos e aos choros e permanecía coma un home que xa perdera a razón. Díxome que non recibira moitas cartas dela durante a súa ausencia pero que non se estrañara porque a coñecía e sabía que non lle gustaba correr riscos coas cartas. Non tiña dúbidas de que fose casar con el á volta e considerábaa coma a persoa máis amable e máis fiel que existira; críase tenramente amado e perdíaa no momento no que pensaba unirse con ela para sempre. Todos estes pensamentos o sumían nunha aflición violenta que o atafegaba totalmente e confeso que non podía evitar emocionarme.

Tiven que deixalo, non obstante, para ir á casa do rei e prometinlle que volvería logo.

Así o fixen, en efecto, e quedei moi sorprendido de velo nun estado totalmente diferente a como o deixara. Estaba no seu cuarto de pé, furioso, movéndose e parándose coma se estivese fóra de si.

– Veña, veña –díxome–, veña ver o home máis desesperado do mundo. Son máis desgraciado do que o era hai pouco e o que acabo de saber da señora de Tournon é peor ca a súa morte.

Pensei que a dor lle turbara a razón e non podía imaxinarme que houbera algo peor ca a morte dunha amante que se ama e pola que se é amado. Díxenlle que mentres a súa aflicción estivese dentro duns límites que a aprobaría e que estaría de acordo con ela pero que non o compadecería máis se se abandonaba á desesperación e perdía a razón.

– ¡Sentíriame feliz de perder a razón e mesmo a vida! –exclamou–. A señora de Tournon érame infiel e coñezo a súa infidelidade e a súa traizón ao outro día da súa morte, nun momento no que a miña alma está anegada e penetrada pola dor máis viva e polo amor máis tenro que nunca se sentiu. Nun momento no que a súa imaxe estaba no meu corazón coma a cousa máis perfecta que existiu e a máis perfecta con respecto a min, sei que me enganei e que non merece que chore por ela. Con todo, teño a mesma aflicción pola súa morte ca se me fose fiel e sinto a súa infidelidade coma se non estivese morta. Se soubese do seu cambio antes da morte, os celos, a cólera e a rabia encheríanme e curtiríanme dalgún xeito contra a dor da súa perda pero estou nunha situación na que non podo nin consolarme nin odiala.

Vostede pode imaxinar como me sorprende o que me dicía Sancerre así que lle preguntei como soubera o que me acababa de dicir. Contoume que un momento despois de marchar eu, Estouteville, que é o seu amigo íntimo, pero que non sabía nada da súa relación coa señora de Tournon, o viñera ver; que, ao principio se sentara e que comezara a chorar e a pedirlle perdón por ocultarlle o que lle ía contar; que lle rogaba que tivese piedade del porque viña abrialle o seu corazón e que estaba vendo o home máis aflixido do mundo pola morte da señora de Tournon.

Oír este nome –díxome Sancerre– sorprendeume tanto que, aínda que o meu primeiro impulso foi dicirlle que eu estaba máis aflixido ca el, non tiven, con todo, a forza de falarlle. Continuou e díxome que estaba namorado dela desde había seis meses; que sempre quixera dicirmo pero que ela llo prohibira expresamente e con tanta autoridade que non ousara desobedecerlle; que ela se namorara del case ao mesmo tempo ca el dela; que lle ocultaran a súa relación a todo o mundo; que nunca estivera na casa dela publicamente; que el tivera o

pracer de consolala da morte do seu marido e que ía casar con ela cando morreu pero que esta voda, que era un efecto da paixón, parecería un efecto do deber e da obediencia pois ela convencera o seu pai para que llo ordenase a fin de que non se vise un cambio demasiado grande na súa actitude, que fora contraria a casar de novo.

Mentres Estouteville me falou –díxome Sancerre– deille credibilidade ás súas palabras, porque vin que eran cribles e que o tempo no que el me dixo que comezara a amar a señora de Tournon é precisamente aquel no que ela me pareceu cambiada, pero un momento despois vino coma un mentireiro e un visionario. Estiven a piques de dicirllo, deseguido preferín aclarar primeiro as miñas dúbidas e fíxenlle varias preguntas. En fin, fíxen tanto por asegurarme da miña desgraza que me preguntou se coñecía a letra da señora de Tournon e puxo enriba da miña cama catro cartas dela e o seu retrato. Nese momento entrou o meu irmán e Estouteville tivo que marchar para que non o vise chorar. Ao marchar díxome que volvería esta tarde buscar o que me deixaba. Libreime do meu irmán co pretexto de me encontrar mal, pola impaciencia de ver as cartas que me deixaran e coa esperanza de encontrar algo que me disuadise do que Estouteville acababa de dicirme. Pero, aí, ¿que encontrei? ¡Que tenrura, que xuramentos, que promesas de casamento, que cartas, nunca vin outras parecidas! Así –engadiu el– sinto á vez a dor da morte e a da infidelidade, dous males frecuentemente comparados pero que nunca se deron ao mesmo tempo na mesma persoa. Confeso, con vergonza, que sinto aínda máis a súa perda ca o seu cambio e non podo considerala o bastante culpable para aceptar a súa morte. Se vivise tería o pracer de facerlle reproches e de vingarme facéndolle coñecer a súa inxustiza pero como xa non a verei máis –dicía de novo–, xa non a verei máis, este mal é o máis grande de todos os males. Desexaría devolverlle a vida á custa da miña. ¡Que desexo...! Se volvese, viviría para Estouteville... ¡Que feliz era onte! –exclamou–, ¡que feliz era! Aínda que me sentía coma o home máis aflixido do mundo, a miña aflición era razoable e encontraba certa dozura en pensar que non debía consolarme máis. Hoxe, todos os meus sentimentos son inxustos. Pago o mesmo tributo de dor por unha paixón fínxida ca por unha paixón verdadeira. Non podo nin odiar nin amar o seu recordo; non podo nin consolarme nin aflixirme. Polo menos –díxome, volvéndose de golpe cara a min– faga, suplicollo, que non vexa máis a Estouteville pois só o seu nome me causa horror. Sei que non teño ningún motivo para queixarme del, é culpa miña ocultarlle que amaba a señora de Tournon. Se el o soubese, pode que nunca se unise a ela e ela non me sería infiel. El veume confiar a súa dor e deume mágoa. E con razón –exclamou–, el amaba a señora de Tournon, ela amábao e non a verá máis. Con todo, sinto que non podo evitar odialo

e por iso de novo, suplicollo, evite que o vexa.

Sancerre púxose de novo a chorar, a falar coa señora de Tournon e a dicirlle as cousas máis tenras do mundo. A continuación, pasou ao odio, ás lamentacións, aos reproches e ás imprecacións contra ela. Como o vin nun estado tan violento, deime conta de que me facían falta algúns recursos para axudarme a calmar o seu ánimo. Mandeí buscar o seu irmán que quedara co rei e falei con el na antecámara antes de que entrase e conteille o estado no que estaba Sancerre. Demos ordes para impedir que vise a Estouteville e estivemos unha parte da noite tratando de que recuperase a razón. Esta mañá encontréino aínda máis aflixido, o seu irmán quedou con el e eu volví a onda vostede.

– ¡Non podería quedar máis sorprendida! –dixo entón a señora de Chartres–. Cría que a señora de Tournon era incapaz de amar e de enganar.

– A habilidade e a hipocrisía –dixo o señor de Clèves– non poden ir máis lonxe do que ela os levou. Fíxese que, cando Sancerre sospeitaba que ela cambiara, era certo porque empezaba a amar a Estouteville. Dícialle a este último que a consolaba da morte do seu marido e que era el a causa de que abandonase o seu retiro e a Sancerre parecíalle que era porque decidíramos que ela xa non se amosase tan apesurada. Ela obrigaba a Estouteville a ocultar a súa relación e quería aparentar casar con el por orde do seu pai, coma un efecto do coidado pola súa reputación e era, en realidade, para abandonar a Sancerre sen que el tivese de que queixarse. Teño que volver –continuou o señor de Clèves–, para ver este infeliz e creo que vostede debe volver tamén a París. É hora de que vexa xente e que reciba ese número infinito de visitas das que non podería dispensarse.

A señora de Clèves aceptou volver e fíxoo ao día seguinte. Víase máis tranquila con respecto ao señor de Nemours ca antes. Todo o que lle dixera a señora de Chartres ao morrer e a dor da súa morte suspenderan os seus sentimentos o que lle facía crer que estaban totalmente borrados.

Desde a noite mesma que chegou, a delfina foina ver e, despois de darlle o pésame, díxolle que, para distraela dos tristes pensamentos, quería poñela ao tanto de todo o que pasara na corte durante a súa ausencia e contoulle deseguido varias cousas singulares.

– Pero o que teño máis ganas de contarlle –engadiu– é que é certo que o señor de Nemours está apaixonadamente namorado e que os seus amigos máis íntimos, non só non son os seus confidentes, senón que non poden adiviñar quen é a muller que ama. Con todo, este amor é o bastante forte para facerlle descoidar ou abandonar, mellor dito, as esperanzas dunha coroa.

A delfina contoulle despois todo o que pasara sobre Inglaterra.

– Souben o que acabo de dicirle polo señor de Anville e díxome esta mañá que o rei mandou buscar, onte pola noite, o señor de Nemours, por culpa das cartas de Lignerolles. Este quere volver e escíbelle ao rei que non pode soste máis ante a raíña de Inglaterra os adiamentos do señor de Nemours; que a raíña empeza a sentirse ofendida pois, aínda que non dera unha resposta afirmativa, xa dixera bastante coma para arriscar unha viaxe. O rei leulle a carta ao señor de Nemours quen, en vez de falar en serio, como facía ao principio, non fixo máis ca rir, facer bromas e burlarse das esperanzas de Lignerolles. Dixo que toda Europa condenaría a súa imprudencia se se arriscaba a ir a Inglaterra coma un pretendido marido da raíña sen estar seguro do seu éxito.

– Paréceme tamén –engadiu– que empregaría mal o meu tempo facendo esta viaxe nun momento no que o rei de España fai tan grandes instancias para casar con esta raíña. Quizais non fose un rival temible nunha aventura pero penso que nun matrimonio a súa maxestade non me aconsellaría disputarlle nada.

– Aconsellaríallo nesta ocasión –dixo o rei– pero non ten nada que disputarlle porque sei que ten outra intención e, aínda que así non fose, a raíña María encontrouse demasiado mal baixo o xugo de España para crer que a súa irmá queira volver tomalo e se deixe cegar ante o brillo de tantas coroas xuntas.

– Se non se deixa cegar polas coroas –replicou o señor de Nemours– será porque quere ser feliz por amor. Estivo namorada de milord Courtenay, hai xa algúns anos, quen tamén era amado pola raíña María, que casaría con el, co consentimento de toda Inglaterra, se ela non soubese que a xuventude e a beleza da súa irmá Isabel afectaban máis a Courtenay ca a esperanza de reinar. A súa maxestade sabe que os celos violentos que sentiu fixeron que metese os dous en prisión, que enviase despois a milord Courtenay ao exilio e que a determinaron tamén a casar co rei de España. Creo que Isabel, que está actualmente no trono, volverá a chamar logo este milord e que escollerá un home que amou e que merece o seu amor, antes ca un home ao que nunca viu.

– Estaría de acordo con vostede –dixo o rei– se Courtenay vivise aínda pero souben, hai algúns días, que morreu en Padua, onde estaba relegado. Xa vexo –engadiu, deixando o señor de Nemours– que habería que facer a súa voda como se fixo a do delfin e mandar casar a raíña de Inglaterra mediante embaixadores.

O señor de Anville e o vidamo, que estaban co rei e co señor de Nemours, están convencidos de que é esta mesma paixón que o ocupa o que o desvía dun proxecto tan

ambicioso. O vidamo, que o ve máis ca ninguén, díxolle á señora de Martigues que o duque cambiara tanto que el xa non o recoñece e que o que máis lle estraña é que non lle ve ningunha relación nin o ve esconderse a horas particulares de forma que cre que non ve a soas a persoa que ama e é iso o estraño no señor de Nemours: que ame unha muller sen ser correspondido.

¡Que veneno para a señora de Clèves as palabras da delfina! ¿Como non recoñecerse coma aquela persoa cuxo nome se ignoraba e como non sentirse chea de recoñecemento e de tenrura, escoitando, dunha fonte que non lle podía ser sospeitosa, que o señor de Nemours, que xa afectaba o seu corazón, lle ocultaba a súa paixón a todo o mundo e descoidaba por amor a ela as esperanzas dunha coroa? Non se pode imaxinar o que sentiu e a turbación que se elevou na súa alma. Se a delfina a observase con atención, notaría facilmente que o que acababa de dicir a alterara pero como non tiña ningunha sospeita da verdade continuou a falar sen reflexionar.

– O señor de Anville –engadiu– que, como lle acabo de dicir, me contou todos estes detalles, cre que eu sei máis ca el e ten tan boa opinión dos meus encantos que está convencido de que son a única persoa que puido provocar tamaños cambios no señor de Nemours.

Estas últimas palabras da delfina producíronlle á señora de Clèves unha turbación distinta á que tiña uns momentos antes.

– Eu compartiría a opinión do señor de Anville –respondeu– pois todo parece apuntar, señora, a que ten que ser polo menos unha princesa coma vostede quen lle faga desprezar a raíña de Inglaterra.

– Se o soubese confesaríallo –dixo a delfina– e saberíao se fose verdade. Ese tipo de paixóns non lle escapan á vista da que as causa, pois é a primeira a decatarse. O señor de Nemours só me testemuñou lixeiras compracencias, pero hai, non obstante, unha diferenza tan grande entre a maneira en que se comportaba comigo á actual que podo asegurarlle que non son a causa da indiferenza pola coroa de Inglaterra.

Con vostede aquí distráíome –engadiu a delfina– e case me esquezo de que teño que ir ver a princesa. Xa sabe que a paz está case concluída pero quizais non saiba que o rei de España non quixo aceptar ningún artigo sen a condición de casar el con esta princesa, en vez do príncipe don Carlos, o seu fillo. Ao rei foille moi difícil decidirse pero por fin consentiu e foi axiña anunciarlle esta nova á princesa. Imaxino que estará inconsolable pois a ninguén lle gusta casar cunha persoa coa idade e o carácter do rei de España, sobre todo a ela que posúe

toda a alegría da primeira xuventude xunto á beleza e que esperaba casar cun príncipe novo polo que sente inclinación sen velo nunca. Non sei se o rei encontrará nela toda a obediencia que desexa e encargoume que fose vela porque sabe que me quere e cre que podó influír algo no seu ánimo. Deseguido farei unha visita ben diferente: irei gozar coa irmá do rei. Todo está decidido para a súa voda co señor de Savoia que virá dentro de pouco tempo. Nunca ninguén da idade desta princesa se sentiu tan alegre por casar. A corte vai estar máis bela e máis rica ca nunca e, a pesar da súa aflición, ten que virnos axudar a demostrarlles aos estranxeiros que nesta corte non temos belezas mediocres.

Despois de dicir estas palabras, a delfina deixou a señora de Clèves e, ao día seguinte, a voda da princesa foi sabida por todo o mundo. Os días seguintes, o rei e as raíñas foron ver a señora de Clèves. O señor de Nemours, que esperara o seu regreso cunha extrema impaciencia e que desexaba ardentemente poder falar con ela a soas, esperou para ir vela á hora na que todo o mundo marchara e que ninguén máis chegaría. Tivo éxito no seu proxecto e chegou cando as últimas visitas saían.

Á calor. A princesa de Clèves estaba recostada na cama e ao ver o señor de Nemours ruborizouse, o que non diminuíu a súa beleza. Sentou en fronte dela, co temor e coa timidez que causan as verdadeiras paixóns e permaneceu algún tempo sen poder falar. A señora de Clèves non estaba menos cortada, de xeito que gardaron silencio moito tempo. Á fin, o señor de Nemours tomou a palabra e compadeceuna pola súa aflición. Á señora de Clèves agradoulle poder seguir a conversa sobre este tema e falou algún tempo sobre a perda que sufrira e dixo que, aínda que o tempo diminuíse a intensidade da súa dor, sempre lle quedaría unha impresión tan forte que o seu carácter sería distinto.

– As grandes aflicións e as paixóns violentas –dixo o señor de Nemours– provocan grandes cambios no ánimo e, eu non me recoñezo despois de que volví de Flandres. Moita xente notou este cambio e mesmo a delfina me falou disto aínda onte.

– É certo –asentiu a señora de Clèves– que o notou e creo que lle oín dicir algo.

– Non me molesta, señora –dixo o señor de Nemours–, que ela o notase pero gustaríame que non fose a única. Hai persoas ás que un só ousa demostrarlles a paixón que espertan a través das cousas que non teñen que ver con elas e, ao non ousar amosarlle que as ama, un querería polo menos que visen que un non quere ser amado por ninguén. Un querería, tamén, que soubesen que non hai beleza, sexa do rango que sexa, que non resulte indiferente e que non hai coroa que un queira comprar ao prezo de non volver velas. As mulleres xulgan, normalmente, a paixón que se sente por elas –continuou el– polo coidado

que se ten en gustarlles e en buscalas, pero isto non é difícil por pouco amables que sexan. O que é difícil é non abandonarse ao pracer de seguilas, evitalas por medo a deixar aparecer en público e ante elas mesmas, os sentimentos que un ten. E o que demostra aínda mellor un verdadeiro amor é volverse totalmente oposto ao que un era e xa non ter ambición nin pracer, despois de non ocuparse doutra cousa toda a vida.

A señora de Clèves entendía perfectamente o que o señor de Nemours intentaba dicirlle con estas palabras e parecíalle que debería responder e non soportalas. Parecíalle tamén que non debería escoitalas, nin testemuñar que as entendía, que tiña que dicir algo e non rir. O discurso do señor de Nemours gustáballe e ofendíaa case por igual, vía nel a confirmación de todo o que lle fixera pensar a delfina. Encontráballe algo de galante e de respectuoso pero tamén algo de atrevido e de demasiado intelixible. A inclinación que sentía por este duque causáballe unha turbación que non dominaba. As palabras confusas dun home que gusta provocan máis axitación ca as declaracións abertas dun home que non gusta. Permanecía entón sen responder e o señor de Nemours decatouse do seu silencio, do que non tiraría malos presaxios se a chegada do señor de Clèves non lle puxese fin á conversa e á súa visita.

Este príncipe viña contarlle á súa muller as novidades de Sancerre pero ela non tiña demasiada curiosidade pola continuación desta aventura. Estaba tan preocupada polo que acababa de pasar que apenas podía ocultar a distracción do seu ánimo. Cando se viu libre para pensar, deuse conta de que se enganara ao pensar que o señor de Nemours lle era indiferente. O que este lle dixera causara toda a impresión que podía desexar e convencéaa totalmente da súa paixón. As súas accións casaban demasiado ben coas palabras para deixarlle algunha dúbida á princesa. Xa non se gabou da esperanza de non amalo e só pensou en non demostrarllo nunca. Era unha empresa cuxas dificultades xa coñecía. Sabía que o único medio de ter éxito era evitando a súa presenza e, como o seu loito lle daba a oportunidade de estar máis retirada ca de costume, usou este pretexto para non ir máis aos lugares nos que el a podía ver. Como a causa da súa profunda tristeza parecía ser a morte da súa nai, non lle buscaban outra.

O señor de Nemours estaba desesperado por non vela case nunca e, sabendo que non a ía encontrar en ningunha reunión nin en ningunha diversión onde estaba toda a corte, non ía el tampouco. Finxía unha gran paixón pola caza e facía partidas os mesmos días nos que había as xuntanzas das raíñas. Unha lixeira enfermidade serviulle de pretexto durante moito tempo para quedar na casa e para evitar ir a todos os lugares nos que sabía que a señora de

Clèves non estaría.

O señor de Clèves caeu enfermo case ao mesmo tempo. A señora de Clèves non o deixou durante a súa enfermidade pero, cando se sentiu mellor e empezou a ver xente, e entre outros o señor de Nemours que, co pretexto de estar aínda feble, pasaba con el a maior parte do día, viu que non podía permanecer alí. Non obstante, non tivo a forza de marchar as primeiras veces que o señor de Nemours veu. Había demasiado tempo que non o vía para decidir non velo. Este príncipe encontrou o medio de facerlle entender, mediante indirectas, pero que ela entendía porque sabía a relación que tiña co que lle dixera na casa dela, que marchaba de caza para poder pensar e que non acudía ás xuntanzas porque ela non estaba alí.

Ela executou a resolución que tomara de marchar de onda o seu marido cando estivese con el o señor de Nemours, o que foi, non obstante, moi violento. Este príncipe decatouse de que ela fuxía e sentiuse sensiblemente afectado.

O señor de Clèves non se fixou nun principio na conduta da súa muller pero despois deuse conta de que ela non quería permanecer no seu cuarto cando había xente. Falou disto con ela e ela respondeulle que o decoro lle aconsellaba non estar todas as noites coa xuventude da corte; que lle suplicaba que lle permitise facer unha vida máis retirada do que acostumaba; que, antes, a virtude e a presenza da súa nai lle autorizaban moitas cousas que unha muller da súa idade non podía permitirse.

O señor de Clèves, que trataba sempre con dozura e compracencia a súa muller, non o fixo nesta ocasión e díxolle que non quería que cambiase de conduta en absoluto. Estivo a piques de dicirlle que corría o rumor de que o señor de Nemours estaba namorado dela, pero non tivo o valor de nomealo. Sentiu, así mesmo, vergonza por querer usar unha falsa razón e disfrazar a verdade ante un home que tiña tan boa opinión dela.

Algúns días despois, o rei estaba coa raíña á hora do círculo e falaban dos horóscopos e das predicións. As opinións sobre o creto debido a estas ciencias estaban divididas. A raíña concedíalles moita fe e sostiña que despois de tantas cousas que foran preditas e que sucederan non se podía dudar de que houbera algo de certo nelas. Outros opinaban que, entre un número infinito de predicións, as poucas que se cumprían eran produto do azar.

– Noutro tempo tiven moita curiosidade polo futuro –dixo o rei– pero dixéronme tantas cousas falsas e tan pouco verosímiles que quedei convencido de que non se pode saber nada verdadeiro. Hai algúns anos que veu aquí un home dunha gran reputación en astroloxía e todo o mundo o foi ver. Eu fun coma os outros pero sen dicirlle quen era e levei comigo os señores de Guisa e de Escars e fíxenos pasar os primeiros. O astrólogo, con todo, dirixiuse

antes a min coma se pensase que era o amo dos outros. Quizais me coñecese; non obstante, díxome unha cousa que non me conviría se soubese quen son. Predixo que me matarían nun duelo e díxolle a continuación ao señor de Guisa que o matarían polas costas e ao de Escars que a patada dun cabalo lle rompería a cabeza. O señor de Guisa case se ofendeu con esta predición coma se o acusase de fuxir. Ao de Escars non lle gustou saber que debía acabar nun accidente tan desgraciado. En fin, saímos todos descontentos do astrólogo. Non sei que lle sucederá ao señor de Guisa e ao de Escars pero non parece que eu vaia morrer nun duelo. Acabamos de asinar a paz, o rei de España e eu e, aínda que non fose así, dubido que nos batésemos e que eu o mandase chamar como meu pai fixo chamar a Carlos V.

Despois de que o rei contase a desgraza que lle predicaran, os que defenderan a astroloxía abandonaron a súa defensa e estiveron de acordo en que non debían darlle ningunha credibilidade.

– Pois eu –dixo moi alto o señor de Nemours– son o home que menos debe crer do mundo porque –xirándose cara á señora de Clèves, que estaba ao lado del– me predicaron –díxolle baixiño– que sería feliz polas bondades da persoa pola que sinto a paixón máis violenta e respectuosa do mundo. Vostede debe xulgar, señora, se debo crer nas predicións.

A delfina creu, polo que o señor de Nemours dixera en alto, que o que murmuraba era algunha falsa predición e preguntoulle ao príncipe que lle dicía á señora de Clèves. Se estivese máis despistado, sorprenderíao esta petición, pero tomando a palabra sen vacilar:

– Dícialle, señora –respondeu–, que me predicaron que sería elevado a unha fortuna tan alta que nin ousaría pretender.

– Se non lle fixeron máis ca esta predición –dixo a delfina sorrindo e pensando no asunto de Inglaterra– aconséllolle non descreer na astroloxía pois podería encontrar razóns para defendela.

A señora de Clèves comprendeu o que quería dicir a delfina, pero entendía tamén que a fortuna da que o señor de Nemours falaba non era a de ser rei de Inglaterra.

Como xa pasara bastante tempo desde a morte da súa nai, tiña que comezar a aparecer ante a sociedade e a facer a corte coma de costume. Vía o señor de Nemours nas tertulias da delfina, na casa do señor de Clèves, a onde acudía frecuentemente con outras persoas importantes da súa idade, a fin de non facerse notar, pero ela sentía ao velo unha turbación que el percibía facilmente.

Por moita precaución que tomase en evitar as súas miradas e en falarlle menos ca a outro, escapábanlle certas mostras que eran produto dun primeiro impulso e que lle

demostraban a este príncipe que non lle era indiferente. Un home menos observador ca el non se decataría, pero el tiña experiencia no amor e era difícil que non notase cando o amaban. O cabaleiro de Guisa e o señor de Nemours sabían que eran rivais un do outro. Era o único home da corte que descubrira a verdade porque o seu interese o fixera máis observador ca os outros. Coñecer reciprocamente os seus sentimentos provocáballes unha amargura que se amosaba en todo e sen, non obstante, rebentar en ningún conflito, eran absolutamente opostos. Nas carreiras de aneis, nas loitas de barreiras e en todas as diversións nas que o rei se ocupaba ían sempre de diferente parte e a súa emulación era tanta que non se podía ocultar.

O asunto de Inglaterra volvía frecuentemente á mente da señora de Clèves e parecíalle que o señor de Nemours non resistiría aos consellos do rei e ás instancias de Lignerolles. Vía con pena que este último non estaba aínda de volta e esperábao con impaciencia. Se se deixase levar polos seus impulsos, informaríase con detalle do estado deste asunto pero o mesmo sentimento que lle producía curiosidade, obrigábaa a ocultala e preguntaba só pola beleza, polo carácter e polo humor da raíña Isabel. Levaron un retrato desta á casa do rei que lle pareceu máis belo do que lle gustaría e non puido evitar dicir que estaba moi favorecida.

– Non o creo –dixo a delfina que estaba presente–, esta princesa ten fama de ser bela e de ter un carácter forte por riba do común e toda a vida mo puxeron coma exemplo. Debe ser amable se se parece a Ana Bolena, a súa nai. Nunca houbo muller con máis encantos e máis atractivos tanto no físico coma no carácter. Oín dicir que o seu rostro ten algo de vivo e singular e que non ten ningún parecido coas belezas inglesas.

– Paréceme tamén –dixo a señora de Clèves– que dixeron que nacera en Francia.

– Os que o creron enganáronse –dixo a delfina– e voulle contar a súa historia en poucas palabras.

Procedía dunha boa casa de Inglaterra. Henrique VIII estivera namorado da súa irmá e da súa nai e mesmo se sospeitou que ela era a súa filla. Veu aquí coa irmá de Henrique VII, que casou co rei Luís XII. Esta princesa, que era nova e galante, tivo moita pena por deixar a corte de Francia tras a morte do seu marido pero Ana Bolena, que tiña as mesmas inclinacións ca a súa ama, non se puido decidir a marchar. O finado rei estaba namorado dela e quedou coma dama de honor da raíña Claudia. Esta raíña morreu e a señora Margarida, irmá do rei, duquesa de Alençon e despois raíña de Navarra, da que viu os contos, levouna para o seu lado e puxo ante esta princesa as doutrinas da relixión nova. Volveu despois a Inglaterra e aí fascinou a todo o mundo porque tiña os modais de Francia que lles gustan a todas as nacións: cantaba ben e bailaba admirablemente. Puxérona como doncela da raíña

Catarina de Aragón e o rei Henrique VIII namorouse perdidamente dela.

O cardeal de Wolsey, o seu favorito e primeiro ministro, pretendera o pontificado e, descontento co emperador, que non o apoiara nesta pretensión, resolveu vingarse e aliar o rei, o seu amo, con Francia. Convenceu o rei Henrique VIII de que o seu matrimonio coa tía do emperador era nulo e propúxolle casar coa duquesa de Alençon, cuxo marido acababa de morrer. Ana Bolena, que era ambiciosa, mirou este divorcio coma un camiño que a podía conducir ao trono. Comezou a darlle ao rei de Inglaterra nocións da relixión de Lutero e comprometeu o finado rei a apoiar en Roma o divorcio de Henrique, coa esperanza de que casase coa duquesa de Alençon. O cardeal de Wolsey fixo que o delegasen a Francia para tratar este asunto pero o seu amo non foi capaz de decidirse a soportar nin sequera que lle fixesen a proposición e envioulle unha orde, a Calais, de non falar deste casamento.

Ao retorno de Francia, o cardeal de Wolsey foi recibido con honores semellantes aos que se lle ofrece ao rei mesmo e nunca un favorito levou o orgullo e a vaidade ata tal extremo. Preparou unha entrevista entre os dous reis que tivo lugar en Boulogne. Francisco I deulle a man a Henrique VIII quen non a quería recibir. Tratáronse un ao outro cunha magnificencia extraordinaria e intercambiáronse vestidos parecidos aos que mandaran facer para eles mesmos. Acórdome de ter oído dicir que os que o finado rei lle enviou ao rei de Inglaterra eran de raso carmesí, galonado en triángulo, con perlas e diamantes e o manto de veludo bordado de ouro. Despois de estar algúns días en Boulogne, foron aínda a Calais. Ana Bolena estaba aloxada na casa de Henrique VIII coma unha raíña e Francisco I fíxolle os mesmos regalos e os mesmos honores ca se o fose. En fin, tras unha paixón de nove anos, Henrique casou con ela sen esperar a disolución do seu primeiro matrimonio, que el solicitaba a Roma desde había tempo. O papa pronunciou as fulminacións contra el con precipitación e Henrique irritouse tanto que se declarou xefe da relixión e arrastrou a toda Inglaterra ao desgraciado cambio no que a ve.

Ana Bolena non gozou moito tempo da súa grandeza pois, aínda que a cría máis asegurada pola morte de Catarina de Aragón, un día que asistía con toda a corte ás carreiras de aneis que organizaba o vizconde de Rochefort, o seu irmán, o rei, viuse golpeado por uns celos tan intensos que abandonou de súpeto o espectáculo, marchou a Londres e deixou orde de deter a raíña, o vizconde de Rochefort e algúns máis, aos que cría amantes ou confidentes desta princesa. Aínda que parecía que estes celos naceran nese momento, había xa tempo que foran inspirados pola vizcondesa de Rochefort que, ao non poder soportar a estreita unión do seu marido coa raíña, fixo que o rei a vise coma unha amizade criminal de forma que este

príncipe que, ademais, estaba namorado de Xoana Seymour, só pensou en desfacerse de Ana Bolena. En menos de tres semanas, fixo que procesasen esta raíña e o seu irmán, que lles cortasen a cabeza e casou con Xoana Seymour. Tivo despois varias mulleres, que repudiou ou que mandou matar. Entre outras, estaba Catarina Howard, de quen era confidente a condesa de Rochefort e que acabou coa cabeza cortada coma ela. Foi así castigada por crimes que lle supuxera a Ana Bolena e Henrique VIII morreu, despois de adquirir unha gordura prodixiosa.

Todas as damas que escoitaran o relato da delfina agradecéronlle que lles contase iso da corte de Inglaterra e entre outras a señora de Clèves, que non puido evitar preguntarlle aínda algunhas cousas sobre a raíña Isabel.

A raíña delfina mandara facer pequenos retratos de todas as persoas belas da corte para enviarllos á súa nai. O día que acababan o da señora de Clèves, a delfina foi pasar a velada con ela. O señor de Nemours non deixou de estar alí pois non perdía a ocasión de ver a señora de Clèves sen deixar que se notase, con todo, que a buscaba. Ese día pareceulle que estaba tan guapa que, se non o estivese xa, namoraría dela. Non ousaba, non obstante, observala mentres a pintaban e temía que se lle notase o pracer de mirala.

A delfina pediulle ao señor de Clèves un retratiño que tiña da súa muller para comparalo co que lle estaban facendo. Todo o mundo deu a súa opinión sobre un e outro e a señora de Clèves ordenoulle ao pintor que retocase algo no peiteado do retrato que lle acababa de dar. O pintor, para obedecerlle, sacou o retrato da caixa na que estaba e, despois de traballar nel, volveu colocalo por riba da mesa.

Había moito tempo que o señor de Nemours desexaba ter o retrato da señora de Clèves. Cando viu o que era do señor de Clèves, non puido resistir as ganas de roubarllo a un marido que consideraba tenramente amado e pensou que, entre tantas persoas como había alí, ninguén sospeitaría especialmente del.

A delfina estaba sentada na cama e falaba en voz baixa coa señora de Clèves que estaba de pé diante dela. A señora de Clèves viu por entre unha das cortinas, que estaba a medio pechar, o señor de Nemours, coas costas contra a mesa, situada aos pés da cama, e viu que, sen xirar a cabeza, collía rapidamente algo da mesa. Non lle foi difícil adiviñar que se trataba do seu retrato e sentiuse tan turbada que a delfina notou que non escoitaba e preguntoulle en alto que estaba mirando. O señor de Nemours deu a volta ao oíla e encontrou os ollos da señora de Clèves fixos sobre el e pensou que posiblemente vira o que acababa de facer.

A señora de Clèves estaba moi incómoda. A razón dicíalle que debía pedir o retrato

pero, se o pedía publicamente, descubríalle a todo o mundo os sentimentos deste príncipe e se llo pedía en privado, case o obrigaba a falarlle da súa paixón. Á fin pensou que máis valía deixarllo e sentiuse contenta de concederlle un favor que ela lle podía facer sen que el o soubese. O señor de Nemours, que notaba a súa confusión e que case adiviñaba a causa, achegouse a ela e díxolle baixiño:

– Se viu o que ousei facer, teña a bondade, señora, de deixarme crer que o ignora; non lle pido nada máis.

E retirouse despois de dicir estas palabras sen esperar resposta.

A delfina saíu para ir pasear, seguida de todas as damas e o señor de Nemours marchou á súa casa, por non poder ocultar en público a alegría de ter un retrato da señora de Clèves. Sentía o máis agradable que a paixón pode facer sentir pois amaba a persoa máis amable da corte e facíase amar aínda que ela non quixese e vía en todas as súas accións esa especie de turbación e de confusión que causa o amor na inocencia da primeira xuventude.

Pola noite, buscaron o retrato con moito coidado e como encontraron a caixa na que debería estar, non supuxeron que fora roubado senón que caera por casualidade. O señor de Clèves estaba apesado por esta perda e, despois de buscar aínda máis inutilmente, díxolle á súa muller, pero dun xeito que facía ver que non o pensaba realmente, que sen dúbida tiña algún amante oculto e que lle dera o retrato ou que el o roubara porque só un amante se podía contentar coa pintura sen a caixa.

Estas palabras, aínda que ditas de broma, causaron unha viva impresión no ánimo da señora de Clèves e fixéronlle xurdir remorsos. Reflexionou na violencia da inclinación que a arrastraba cara ao señor de Nemours e notou que xa non era dona das súas palabras nin do seu aspecto. Pensou que Lignerolles volvera, que xa non temía o asunto de Inglaterra, que xa non tiña sospeitas sobre a delfina, que xa non había nada que a puidese protexer e que só encontraría seguridade afastándose. Pero como non era capaz de afastarse, encontrábase nunha situación extrema e pronta a caer no que lle parecía a maior das desgrazas, que era deixarlle ver ao señor de Nemours o amor que sentía por el. Acordábase de todo o que a señora de Chartres lle dixera ao morrer e que lle aconsellara tomar todo tipo de decisións, por moi difíciles que fosen, antes ca embarcarse nunha aventura. O que o señor de Clèves lle dixera sobre a sinceridade, ao falarlle da señora de Tournon, volvelle á mente e pareceulle que lle debía confesar a inclinación que sentía polo señor de Nemours. Pensou nisto moito tempo e despois estrañouse pois pareceulle que era unha loucura e volveu caer na confusión de non saber que decisión tomar.

A paz estaba asinada e a princesa Isabel, con moita repugnancia, decidira obedecerlle ao seu pai, o rei. Nomearan o duque de Alba para vir casar con ela en nome do rei católico e debía chegar logo. Esperábase, tamén, o duque de Savoia que viña casar coa irmá do rei, e cuxa voda se debía facer ao mesmo tempo. O rei só pensaba en facer que estas vodas fosen célebres pola diversión, onde podía amosar a destreza e a magnificencia da súa corte. Propuxeron todo o que se podía facer de máis vistoso mediante bailes e comedias pero o rei opinaba que estas diversións eran demasiado modestas e quixo algo de máis brillo. Decidiu facer un torneo, onde os estranxeiros participasen e onde o pobo puidese asistir coma espectador. Todos os príncipes e mozos aprobaron con alegría o proxecto do rei e sobre todo o duque de Ferrara, o señor de Guisa e o señor de Nemours que superaban os demais en todos os exercicios. O rei escolleunos para ser con el os catro mantedores do torneo.

Publicaron por todo o reino que, o quince de xuño, na vila de París estaría aberto o paso pola súa maxestade moi cristiá e polos príncipes Alfonso do Leste, duque de Ferrara, Francisco de Lorena, duque de Guisa e Santiago de Savoia, duque de Nemours, para resistir contra todos os que fosen comezar o primeiro combate, a cabalo en liza, en dobre peza, catro golpes de lanza e un polas damas. O segundo combate sería a golpes de espada, un a un ou dous a dous, á vontade dos xuíces do campo e o terceiro combate a pé, tres golpes de pica e seis de espada. As lanzas, as espadas e as picas serían entregadas polos mantedores e segundo a elección dos combatentes e, se ao correr picaban o cabalo coa espora, quedarían fóra da categoría. Habería catro xefes de campo para dar as ordes e aqueles participantes que combatesen mellor terían un premio cuxo valor sería establecido polos xuíces. Todos os combatentes, tanto franceses coma estranxeiros, terían que ir tocar un ou varios dos escudos que estarían colgados na escalinata no extremo da liza, segundo quixesen. Alí encontrarían un oficial de armas que os recibiría para alistalos segundo o seu rango e segundo os escudos que tocasen. Os combatentes terían que ir acompañados por un xentilhome co seu escudo e coas súas armas, para poñelos na escalinata tres días antes do comezo do torneo e que, non sendo así, non serían recibidos sen o permiso dos mantedores.

Mandaron construír unha liza cerca da Bastilla, que viña do castelo de Tournelles, atravesaba a rúa Saint–Antoine e ía dar ás cortes reais. A ambos os lados había tribunas e anfiteatros, con palcos cubertos que formaban unha especie de galerías dun efecto visual moi bonito e que podían conter un número infinito de persoas. Todos os príncipes e señores xa non se ocuparon máis ca de dispor o necesario para aparecer co máximo esplendor e para incluír, entre as súas iniciais ou divisas, algo de galante que tivese relación coas mulleres que

amaban.

Poucos días antes da chegada do duque de Alba, o rei xogou unha partida de pelota co señor de Nemours, o cabaleiro de Guisa e o vidamo de Chartres. As raíñas foron velos xogar acompañadas por todas as damas, entre outras a señora de Clèves. Unha vez que a partida estivo acabada, cando saían, Chastelart achegouse á raíña delfina e díxolle que o azar acababa de pórllle nas mans unha carta de amor que caera do peto do señor de Nemours. Esta raíña, que sempre sentía curiosidade por todo o que tiña que ver co duque, díxolle a Chastelart que lla dese. Colleuna e seguiu a raíña, a súa sogra, que marchaba co rei para ver como traballaban na liza. Despois de estar alí algún tempo, o rei ordenou que lle levasen uns cabalos que mandara vir había pouco e, aínda que non estaban adestrados, quíxoos montar e deulles un a cada un dos que o seguiran. O rei e o señor de Nemours montaron nos cabalos máis fogosos que se quixeron botar un ao outro. O señor de Nemours, para non ferir o rei, recuou bruscamente e fixo que o seu cabalo fose contra un poste do picadeiro, con tanta violencia coa sacudida cambaleou. Correron a acudirllle e parecía considerablemente ferido. Quen máis se asustou foi a señora de Clèves e o cariño que sentía por el causoulle unha apreensión e unha turbación que non se ocupou en ocultar. Achegouse a el canda as raíñas cun aspecto tan alterado que un home menos interesado ca o cabaleiro de Guisa notaría a súa preocupación. Así, este notouno perfectamente e estivo máis atento ao estado da señora de Clèves ca ao do señor de Nemours. O golpe que dera este príncipe causoulle un vaído tan grande que permaneceu algún tempo sen poder erguer a cabeza. Cando a ergueu de novo, o primeiro que viu foi a señora de Clèves en cuxo rostro percibiu a mágoa que sentira por el e observouna dunha maneira que lle amosou o agradecido que estaba. A continuación, deulles as grazas ás raíñas polo interese que lle testemuñaban e escusouse do seu estado ante elas. O rei ordenoulle que fose descansar.

A señora de Clèves, unha vez recuperada do susto, reflexionou logo no que deixara ver. O cabaleiro de Guisa non a deixou moito tempo coa esperanza de que ninguén se decatara. Cando lle ofreceu a man para acompañala fóra da liza, díxolle:

– Eu son máis digno de compaixón ca o señor de Nemours, señora. Perdóeme se lle falto ao profundo respecto que sempre me inspirou e se lle amoso a viva dor que me causa o que acabo de ver: é a primeira vez que me atrevo a falarlle e será tamén a última. A morte, ou polo menos un afastamento eterno, quitaranme dun lugar onde xa non podo vivir pois acabo de perder o triste consolo de crer que todos os que ousan mirala son tan desgraciados coma min.

A señora de Clèves só respondeu con algunhas palabras mal coordinadas coma se non entendese o que significaban as do cabaleiro de Guisa. Noutro tempo ofenderíaa que el lle falase dos seus sentimentos por ela, pero nese momento, só sentía aflicción por ver que se decatara dos dela polo señor de Nemours. O cabaleiro de Guisa quedou tan convencido e cheo de dor que, desde ese día, tomou a decisión de non soñar nunca máis co amor da señora de Clèves e para poder abandonar esta empresa, que lle parecera tan difícil e gloriosa, facíalle falta outra cuxa grandeza puidese ocupalo. Decidiu tomar Rodas, cidade na que xa pensara antes e, cando a morte o levou do mundo na flor da súa xuventude e cando adquirira a reputación dun dos máis grandes príncipes do seu século, o único que lle pesou por deixar a vida, foi non poder executar unha resolución tan bela, cuxo éxito el cría infalible por todo o empeño que puxera.

A señora de Clèves, ao saír da liza, foi ver a raíña, coa mente ocupada con todo o que pasara. Pouco despois veu o señor de Nemours, magnificamente vestido e coma se non se resentise do accidente que sufrira. Parecía mesmo máis alegre ca de costume pois a alegría do que vira, dáballe un aspecto que aumentaba o seu encanto. Todo o mundo quedou sorprendido cando entrou e todos lle preguntaban como estaba, agás a señora de Clèves que permaneceu cerca da cheminea finxindo non velo. O rei saíu dun gabinete e, véndoo cos outros, chamouno para falar con el da súa aventura. Ao pasar cerca da señora de Clèves díxolle baixiño:

– Hoxe recibín mostras da súa piedade, señora, pero non é iso o único que quero.

Ata ese momento señora de Clèves tiña dúbidas de se este príncipe se decatara da súa sensibilidade por el e as súas palabras demostráronlle que non se enganara. Sufría ao ver que xa non era dona de ocultar os seus sentimentos e que llos deixara ver ao cabaleiro de Guisa e tamén ao señor de Nemours pero ao mesmo tempo sentía algo de dozura.

A raíña delfina, que tiña unha extrema impaciencia por saber que dicía a carta que Chastelart lle dera, achegouse á señora de Clèves:

– Vaia ler esta carta –díxolle–. Vai dirixida ao señor de Nemours e, polo que parece, é desa amante pola que deixou todas as outras. Se non a pode ler agora, gárdea. Veña esta tarde onda min para devolverma e para dicirme se sabe quen a escribiu.

Tras estas palabras, a delfina deixou a señora de Clèves, tan estrañada e cun asombro tan grande que quedou algún tempo inmóbil. A impaciencia e a turbación non lle permitiron seguir coa raíña e marchou aínda que non era a hora á que acostumaba retirarse. Sostiña a carta cunha man tremente e os seus pensamentos estaban tan confusos que non tiña nada

claro e sentía unha dor insoportable, que nunca sentira nin coñecera ata entón. Tan pronto como estivo no seu gabinete, abriu a carta que dicía así:

CARTA

Ameino demasiado para deixarlle crer que o cambio que notou en min foi un efecto da miña lixeireza e quero dicirlle que a súa infidelidade foi a causa. Sorprenderase de que lle fale da súa infidelidade, que me ocultou con tanta habilidade e que coidei tanto en ocultarlle que a coñecía, que ten razón para estar estrañado de que me sexa coñecida. Eu mesma me sorprendo de non deixarlle notar nada pois nunca houbo dor coma a miña. Cría que vostede sentía por min unha paixón violenta; eu xa non lle ocultaba a miña por vostede e, no momento no que a amosei totalmente, souben que me enganaba, que amaba outra e que, polo que parece, me sacrificaba por esta nova amante. Soubeno o día da carreira de aneis e foi o que fixo que non asistise. Finxín estar enferma para tapar o trastorno do meu ánimo e púxenme, en efecto, enferma pois o meu corpo non puido soportar unha axitación tan violenta. Cando comecei a sentirme mellor, finxín estar aínda moi mal, a fin de ter un pretexto para non velo nin escribirlle. Precisaba tempo para decidir de que maneira debía actuar con vostede. Tomei e abandonei moitas veces as mesmas decisións, pero á fin encontréino indigno de ver a miña dor e decidín non amosarlle. Quería ferir o seu orgullo facéndolle ver que a miña paixón se debilitaba por si soa. Crín que diminuiría así o prezo do sacrificio que vostede facía e non quería que darlle o pracer de mostrar canto o amaba para parecer máis amable. Resolvín escribirlle cartas tépedas e lánguidas para que aquela á que llas amosaba soubese que o deixaba de amar. Non quixen que ela gozase do pracer de saber que eu era consciente de que triunfaba sobre min, nin aumentar o seu triunfo coa miña desesperación e cos meus reproches. Pensei que o castigaría bastante rompendo con vostede e que só lle causaría unha lixeira dor se deixaba de amalo cando vostede xa non me amaba. Crín que era necesario que vostede me amase para sentir o mal de non ser amado que eu experimentaba tan cruelmente. Pensei que se dalgún xeito podía reavivar os seus sentimentos de antes por min, era facéndolle ver que os meus cambiaran pero finxindo ocultarllo e finxindo non ter a forza de confesarllo. Tomei esta decisión pero que difícil me foi e ao volver a velo pareceume imposible de executar. Estiven a piques de rebentar con reproches e con bágoas; o estado no que me encontraba pola miña saúde servíume para disimular ante vostede a miña turbación e a miña aflición. Despois sostívome o pracer de

disimular con vostede, como o fai vostede comigo; con todo, tiña que conterme tanto para dicirlle e para escribirlle que o amaba, que vostede viu antes do que quería que os meus sentimentos cambiaran. Sentiuse ferido e queixouse. Intentaba tranquilizalo pero era dunha maneira tan forzada que o convencía aínda máis de que xa non o amaba. En fin, fixen todo o que tiña intención de facer. A rareza do seu corazón fixo que volveuse ao meu lado, a medida que vía que eu me afastaba. Gocei de todo o pracer que pode dar a vinganza; pareceume que vostede me amaba máis ca nunca e fixenlle ver que eu xa non o amaba. Tiven motivos para crer que abandonara aquela pola que me deixara e para estar convencida de que nunca lle falara de min, pero o seu retorno e a súa discreción non puideron reparar a súa lixeireza. O seu corazón estivo compartido con outra, vostede enganoume e iso abonda para quitarme o pracer de ser amada por vostede, como eu cría que merecía selo, e para permanecer nesta resolución que tomei de non velo máis e que tanto lle estraña.

A señora de Clèves leu e releu esta carta varias veces, sen saber, con todo, o que lía. Só vía que o señor de Nemours non a amaba como ela pensara e que amaba outras ás que enganaba coma a ela. Que idea e que nova para unha persoa do seu carácter, que tiña unha paixón tan violenta e que acababa de amosarlle a un home que consideraba indigno e a outro que maltrataba por amor a aquel. Parecíalle que a causa da súa aflición, tan viva e punzante, era o que pasara naquel día e que, se o señor de Nemours non tivese razóns para crer que ela o amaba non se preocuparía porque amase outra, pero enganábase a si mesma e este mal, para ela insoportable, eran celos con todos os horrores dos que poden estar acompañados. Descubría por medio daquela carta que o señor de Nemours tiña unha relación desde había tempo e pensaba que a muller que escribira a carta tiña carácter e mérito e parecía digna de ser amada; encontráballe máis coraxe do que se encontraba a si mesma e envexaba a forza que tivera para ocultarlle os seus sentimentos ao señor de Nemours. Deducía, pola fin da carta, que esta persoa se cría amada; pensaba que a discreción que este príncipe lle amosara e que tanto a afectara quizais non era máis ca o efecto da paixón que sentira por esta outra persoa a quen el temía desgustar. En fin, pensou en todo o que podía aumentar a súa aflición e desesperación. ¡Como se censurou a si mesma e canto reflexionou sobre os consellos que a nai lle dera! ¡Canto se arrepentiu de non ser obstinada en apartarse das relacións do mundo, a pesar da oposición do señor de Clèves, ou de non seguir o pensamento de confesarlle a este a súa inclinación polo señor de Nemours! Pensou que mellor tería sido descubrirlle a un marido cuxa bondade coñecía e que estaría interesado en tapala, ca deixarlle ver a un home que era

indigno, que a enganaba, que a sacrificaba quizais e que só quería ser amado por ela por orgullo e vaidade. En fin, viu que todos os males que lle podían suceder e que todos os extremos nos que se podía encontrar eran menores ca deixarlle ver ao señor de Nemours que o amaba e saber que este amaba outra. Todo o que a consolaba era pensar polo menos que despois de saber isto, xa non tiña nada que temer por ela e que estaba totalmente curada da inclinación que sentía por aquel príncipe.

Non se acordou da orde que lle dera a delfina de acudir ao seu cuarto. Meteuse na cama e finxiu encontrarse mal de forma que, cando o señor de Clèves volveu de estar co rei, díxéronlle que estaba durmida aínda que estaba ben lonxe da tranquilidade que conduce ao sono. Pasou toda a noite afluxida e relendo a carta que tiña nas mans.

Non era a única que tiña o repouso turbado por aquela carta. O vidamo de Chartres, que fora quen a perdera e non o señor de Nemours, estaba extremadamente inquedo. Pasara toda a noite na casa do señor de Guisa que lle dera unha cea ao duque de Ferrara, o seu cuñado, e a toda a xuventude da corte. O azar fixo que cando estaban ceando falasen de cartas bonitas. O vidamo de Chartres dixo que el levaba unha, a máis bonita de todas as que foran escritas. Forzárono a que a ensinase pero negouse. O señor de Nemours díxolle que non tiña nada e que só falaba por vaidade. O vidamo respondeulle que aínda que poñía a súa discreción a proba, non ensinaría a carta pero que lería algunhas partes que demostrarían que poucos homes recibían cartas coma aquela. Ao mesmo tempo, quixo coller a carta e non a encontrou. Buscou inutilmente. Empezaron a meterse con el pero como parecía tan preocupado pararon. Marchou antes ca os outros dereito á casa con impaciencia por ver se deixara alí a carta que lle faltaba. Cando a estaba buscando aínda, un criado da raíña veuno buscar para dicirlle que a vizcondesa de Uzès pensara que lle tiñan que advertir rapidamente que dixeran na casa da raíña que lle caera unha carta de amor do peto cando estaba na partida de pelota; que contaran unha gran parte do que dicía a carta; que a raíña amosara moita curiosidade de vela; que lla mandara buscar a un dos seus xentilhomes serventes pero que este lle respondera que a deixara nas mans de Chastelart.

O criado díxolle aínda moitas outras cousas ao vidamo de Chartres que acabaron de causarlle unha gran preocupación. Saíu inmediatamente para ir á casa dun xentilhome que era amigo íntimo de Chastelart e fixo que se erguese a pesar da hora que era, para ir pedir a carta, sen dicir que era el quen a pedía e quen a perdera. Chastelart, que estaba convencido de que a carta era do señor de Nemours e que estaba namorado da delfina, non dubidou de que fose este quen a mandara pedir. Respondeu, cunha alegría maligna, que lle entregara a carta á

raíña delfina. O xentilhomo veulle dar esta resposta ao vidamo de Chartres, o que aumentou aínda máis a súa inquietude. Tras permanecer moito tempo indeciso sobre o que debía facer, pensou que só o señor de Nemours lle podía axudar a saír daquel apuro.

Marchou á casa deste e entrou no seu cuarto cando comezaba a amencer. Este príncipe durmía cun sono tranquilo alimentado polas cousas agradables que vira o día anterior na señora de Clèves. Sorprendeuse de que o espertase o vidamo de Chartres e preguntoulle se viña alterar o seu repouso por vingarse do que lle dixera na cea pero o aspecto do vidamo fixo que pensase que algunha razón sería o levaba alí.

– Veño confiarlle o asunto máis importante da miña vida –díxolle–. Sei que vostede non ten que agradecerme pois neste momento son eu quen preciso a súa axuda, pero tamén sei que tería perdido a súa estima se lle contase todo o que lle vou dicir, sen que a necesidade me obrigase. Caeume a carta da que falaba onte pola noite e éme dunha consecuencia extrema que ninguén saiba que se dirixe a min. Viuna moita xente que estaba na partida de pelota onde caeu onte; vostede tamén estaba e eu pídolle que por favor diga que foi vostede quen a perdeu.

– Debe pensar que eu non teño amante –dixo o señor de Nemours sorrindo– para propoñerme algo así e para imaxinar que non hai unha persoa coa que podo pórme a mal se deixo crer que recibo semellantes cartas.

– Rógolle –dixo o vidamo– que me escoite en serio. Se vostede ten unha amante, e non o dubido aínda que non saiba quen é, será fácil xustificarse ante ela e dareille un xeito seguro de facelo. Mesmo se non se xustifica só lle vai custar unha rifa momentánea, pero eu, por esta aventura, deshonro unha persoa que amo apaixonadamente e que é unha das mulleres máis dignas de estima do mundo e, por outra parte, atraio un odio implacable, que me custará a miña fortuna e quizais algo máis.

– Non podo entender todo o que me di –respondeu o señor de Nemours– pero vexo que os rumores que correron do interese dunha gran princesa por vostede non son de todo falsos.

– Non –dixo o vidamo de Chartres–, e Deus quixese que o fosen pois non me encontraría na lea na que me encontro pero teño que contarlle todo o que pasou, para que vexa todo o que teño que temer.

Desde que estou na corte, a raíña sempre me tratou con moita distinción e amabilidade e podería crer que sentía bondade por min. Non obstante, isto non tiña nada de particular e nunca pensara en ter outros sentimentos por ela ca os de respecto. Mesmo estaba

moi namorado da señora de Thémínes: véndoa é fácil pensar que se pode amar cando se é amado por ela e eu érao. Hai case dous anos, cando a corte estaba en Fontainebleau, coincidín dúas ou tres veces conversando coa raíña a horas nas que había moi pouca xente. Pareceume que o meu carácter lle gustaba e que estaba de acordo con todo o que eu dicía. Un día puxémonos a falar da confianza e eu dixen que non había ninguén en quen eu confiase totalmente; que cría que un sempre se arrepentía de facelo e que sabía moitas cousas das que nunca falara. A raíña díxome que isto aumentaba a súa estima por min; que non encontrara ninguén en Francia que soubese gardar un segredo e que era o que máis lle preocupara porque isto lle quitara o pracer de entregar a súa confianza; que era necesario, na vida, ter alguén a quen se lle puidese falar e sobre todo en persoas do seu rango. Os días posteriores, volveu falar varias veces do mesmo e incluso me contou cousas bastante particulares que pasaban. En fin, pareceume que desexaba asegurarse da miña discreción e que tiña ganas de confiarme os seus segredos. Este pensamento uníume a ela, conmoveume esta distinción e fixénlle a corte con máis asiduidade da acostumada. Unha tarde na que o rei e todas as damas foran pasear a caballo polo bosque e ela non quixera ir porque se atopara un pouco mal, quedei con ela. Baixou ata o bordo do estanque e deixou a man dos seus escudeiros para camiñar con máis liberdade. Despois de dar varios paseos, achegouse a min e ordenoume que a seguise.

– Quero falar con vostede –díxome– e verá, polo que lle vou contar, que son a súa amiga.

Parou ao dicir isto e mirándome fixamente continuou:

– Vostede está namorado e como quizais non se fía de ninguén, cre que o seu amor non é coñecido pero éo e mesmo por persoas interesadas. Axéxano, saben os lugares nos que ve a súa amante e teñen intención de ir sorprendelo. Non sei quen é ela, non llo pregunto, e só quero protexelo das desgrazas nas que pode caer. Vexa que trampa me tendía e que fácil era caer nela. Ela quería saber se eu estaba namorado e sen preguntarme de quen e, sen deixarme ver máis ca a intención de agradarme, quitábame a idea de que me falaba por curiosidade ou con outro propósito.

Non obstante, contra todo tipo de aparencia, descubrín a verdade. Eu estaba namorado da señora de Thémínes pero, aínda que ela me amaba, non era o suficiente afortunado coma para vela en lugares particulares e para temer que me sorprendesen polo que vin que non podía ser dela de quen a raíña falaba. Tamén tiña unha relación de galantería con outra muller menos bela e menos severa ca a señora de Thémínes e que era posible que descubriaran onde a vía pero como me preocupaba pouco, érame fácil protexerme de todo tipo de perigo deixando

de vela. Así pois, decidín non confesarlle nada á raíña e asegúreille, pola contra, que había moito tempo que abandonara o desexo de me facer amar por mulleres das que podía esperar selo, porque as encontraba a case todas indignas de atraer un home honesto e que só algo moi superior a elas me podía interesar.

– Vostede non me fala con sinceridade –dixo a raíña–, sei que non é así. O trato que lle dou obrígoa a non ocultarme nada. Quero que sexa meu amigo pero non podo, se lle outorgo este título, ignorar cales son as súas relacións. Vexa se o quere comprar polo prezo de contarmas: doulle dous días para pensalo pero, unha vez pasado este tempo, pense ben no que me dirá e acórdese de que se despois vexo que me enganou, non llo perdoarei na miña vida.

A raíña deixoume despois de me dicir isto, sen esperar resposta. Pode crer que quedei co ánimo ben afagado polo que me acababa de dicir. Os dous días que me dera para pensar parecéronme demasiado curtos para decidirme. Dábame conta de que ela quería saber se eu estaba namorado e que desexaba que non o estivese. Vía os efectos e as consecuencias da decisión que ía tomar. Por unha parte a miña vaidade víase alimentada por unha unión particular coa raíña e unha raíña cuxa persoa era aínda extremadamente amable e por outra, amaba a señora de Thémynes e, aínda que cometía unha especie de infidelidade con esta outra muller da que lle falei, non era capaz de romper con ela. Vía tamén o perigo ao que me expoñía enganando a raíña e o difícil que era enganala; con todo, non puideron decidirme a refusar o que a fortuna me ofrecía e arrisqueime a todo o que a miña mala conduta me podía ocasionar. Rompín a relación coa muller coa que me podían descubrir e esperei poder ocultar a que tiña coa señora de Thémynes.

Ao cabo dos dous días que a raíña me dera, ao entrar no cuarto onde estaban todas as damas en círculo, díxome en alto, cun aire grave que me sorprendeu:

– ¿Pensou no asunto do que lle encarguei saber a verdade?

– Si, señora –respondinlle–, e é como lle dixera eu.

– Veña esta noite á hora á que teño que escribir –dixo ela– e acabarei de darlle as miñas ordes.

Fixen unha profunda reverencia sen dicir nada e fun á hora que ela me marcara. Encontreina na galería na que estaban o seu secretario e algunhas das súas damas. Tan pronto me viu, veu a xunto miña e levoume ao outro extremo da galería.

– Ben –díxome–, despois de pensalo, ¿non ten nada que dicirme nin o xeito de tratalo merece que me fale sinceramente?

– É porque lle falo sinceramente, señora– respondinlle–, que non teño nada que dicirlle e xúrolle á súa maxestade, con todo o respecto que lle debo, que non estou unido a ningunha muller da corte.

– Quero crelo –dixo a raíña– porque así o desexo e deséxoo porque quero que estea totalmente unido a min e é imposible que a súa amizade me satisfaga se está namorado. Non se pode confiar nos que o están, nin contar coa súa discreción porque andan demasiado distraídos. A amante é a súa primeira ocupación e isto non é compatible coa maneira na que quero que vostede se una a min. Acórdese entón de que é porque me dá palabra de non ter ningunha relación polo que o escollo para entregarlle a miña confianza. Acórdese de que quero a súa toda, que non quero que teña máis amigos nin amigas ca aqueles que me gusten e que ten que abandonar toda ocupación, agás a de compracerme. A súa fortuna non quedará abandonada e conducireina con máis aplicación ca vostede mesmo e, sexa o que sexa o que faga por vostede, dareime por ben recompensada se se porta comigo como espero. Escóllo para confiarlle todas as miñas penas e para axudarme a alivialas. Verá que non son mediocres. Sufro, aparentemente sen moita pena, a unión do rei coa duquesa de Valentinois pero resúltame insoportable. Ela manipula o rei, engánao, desprézame e toda a miña xente a prefire a ela. A raíña, a miña nora, orgullosa da súa beleza e do creto dos seus tíos, non cumpre cos seus deberes cara a min. O condestable de Montmorency é amo do rei e do reinado; ódiame e deume mostras do seu odio que non podo esquecer. O mariscal de Saint–André é un mozo audaz que non se porta mellor comigo ca os outros. O detalle das miñas desgrazas daralle mágoa, ata agora nunca ousei confiar en ninguén e confío en vostede; faga que non me arrepinta e sexa o meu único consolo. Os ollos da raíña puxéronse rubios ao dicir estas palabras e eu tiven ganas de botarme aos seus pés de tanto que me conmoveu a bondade que me demostraba. Desde ese día, tivo en min unha confianza absoluta e xa non fixo nada sen antes consultarme e mantiven con ela unha relación que dura aínda.

TERCEIRA PARTE

Non obstante, por moi satisfeito e ocupado que estivese con esta nova unión coa raíña, sentía pola señora de Thémynes unha inclinación que non podía vencer. Pareceume que deixaba de amarme e, en lugar de, se fose prudente, usar o cambio que apreciaba nela para curarme, o meu amor aumentou e actuei tan mal que a raíña tivo certo coñecemento desta unión. Os celos son naturais nas persoas da súa categoría e quizais esta princesa sinta por min

sentimentos máis intensos do que cre ela mesma. O rumor de que eu estaba namorado causoulle tan grandes inquietudes e tan grandes penas que me crin cen veces perdido ante ela. Conseguín tranquilizala a forza de atencións, de fe, de submisión e de falsos xuramentos pero non podería enganala moito tempo se a señora de Thémynes non me separase dela mesmo sen eu querelo. Finxiu que xa non me amaba e quedei tan convencido que me obriguei a non atormentala máis e a deixala tranquila. Algún tempo despois, escribiúme esta carta que perdín. Souben así que ela coñecía a relación que eu tivera con esta outra muller da que lle falei e que era a causa do seu cambio. Como xa non tiña nada máis que me ocupara, a raíña estaba bastante contenta comigo. Non obstante, como os sentimentos que teño por ela non me volven incapaz de calquera outro cambio e un non se namora á súa vontade, namoreime da señora de Martigues, pola que xa sentía inclinación mentres ela estaba de doncela da raíña delfina. Tiven ocasión de ver que lle gustaba; a discreción que lle fixen aparentar e da que non sabe todas as causas élle agradable e a raíña non ten ningunha sospeita sobre esta relación pero ten outra que non é menos molesta. Como a señora de Martigues está sempre na casa da raíña delfina, eu vou alí moito máis frecuentemente ca de costume. A raíña imaxinouse que estaba namorado desta princesa. O rango da raíña delfina, que é igual ao seu, e a beleza e a xuventude que ten sobre ela, cáusanlle uns celos da súa nora que van ata a furia e o odio que xa non pode ocultar. O cardeal de Lorena, que me parece que aspira desde hai tempo aos favores da raíña e que ve que eu ocupo o lugar que el quereda ocupar, co pretexto de reconciliar a delfina con ela, indagou nas súas discrepancias. Non dubido que non descubrise o verdadeiro motivo da acritude da raíña e creo que me prexudica todo o posible, sen deixar ver que esa é a súa intención. Velaí o estado no que están as cousas á hora na que lle falo. Imaxine o efecto que pode producir a carta que perdín e que a miña desgraza me fixo meter no peto para devolverlla á señora de Thémynes. Se a raíña ve esta carta, saberá que a enganei e que, case ao mesmo tempo que a enganaba coa señora de Thémynes, enganaba a señora de Thémynes con outra. Imaxine que opinión lle pode dar iso de min e se poderá volver confiar na miña palabra. Se non ve esta carta, ¿que lle vou dicir? Sabe que lla deron á delfina; crerá que Chastelart recoñeceu a escritura desta raíña e que a carta é dela; imaxinará que a persoa da que se manifesta sentir celos é ela mesma. En fin, non hai nada que non poida pensar e nada que eu non deba temer dos seus pensamentos. Engádalle a isto que sigo moi namorado da señora de Martigues; que seguramente a delfina lle amosará esta carta que crerá escrita hai pouco e terei tamén problemas coa persoa que máis amo no mundo e da que máis debo temer. Vexa entón, se teño razón para suplicarlle que diga que a carta é súa e de

pedirlle, como favor, que a vaia retirar das mans da delfina.

– Ben vexo –dixo o señor de Nemours– que non se pode estar metido nunha lea máis grande e hai que confesar que é o que merece. Acúsame de ser un amante infiel e de ter varias relacións á vez, pero vostede supérame de tal xeito que nin sequera ousaría imaxinar as cousas que intentou. ¿Como pretendía conservar unha relación coa señora de Thémines comprometéndose coa raíña e como esperaba estar coa raíña e poder enganala? É italiana e raíña e, en consecuencia, desconfiada, celosa e orgullosa. Cando a boa sorte, máis ca a boa conduta, o liberara dos compromisos que tiña, adquiriu outros novos e imaxinou que, no medio da corte, podería amar a señora de Martigues sen que a raíña se dese conta. Debería pór coidado de lle quitar a vergonza de ser ela a que deu os primeiros pasos. Sei que sente por vostede unha paixón violenta aínda que a súa discreción lle impide dicirmo e a miña preguntarllo, desconfía e a verdade está contra vostede.

– ¿É vostede o indicado para atafegarme con reprimendas? –interrompeu o vidamo–. ¿A súa experiencia non lle di que se debe ser indulxente coas miñas faltas? Admito que me equivoquei pero, pense, suplícollo, en tirarme do abismo no que estou. Paréceme que vostede debería ir ver a raíña delfina tan pronto esperte para pedirlle a carta, coma se a perdesse.

– Xa lle dixen –dixo o señor de Nemours– que a proposición que me fai é un pouco extraordinaria e que o meu interese particular faime encontrar dificultades; pero, ademais, se viron caer a carta do seu peto, paréceme difícil convencer de que caera do meu.

– Pensei que lle dixera –respondeu o vidamo– que lle contaron á raíña delfina que caera do seu.

– ¡Como! –dixo bruscamente o señor de Nemours, que viu nese momento como este erro podía prexudicar a súa imaxe ante a señora de Clèves–, ¿dixéronlle á raíña delfina que fun eu quen deixei caer a carta?

– Si –dixo o vidamo–, dixéronllo e o que provocou esta equivocación foi que había varios xentilhomes das raíñas nun dos cuartos do xogo da pelota onde estaba a nosa roupa cando os nosos criados foron buscala. Ao mesmo tempo a carta caeu, os xentilhomes vírona e lérona en alto. Uns creron que era súa e outros miña. Chastelart, que a colleu e a quen veño de lla pedir, dixo que lla dera á raíña delfina, coma unha carta de vostede e os que faloron coa raíña dixéronlle, por desgraza, que era miña. Así pois, vostede pode facer o que eu desexo e quitarme da lea na que estou.

O señor de Nemours amara sempre o vidamo de Chartres e o seu parentesco coa señora de Clèves facía que o estimase aínda máis. Non obstante, non podía decidirse a asumir

o risco de que ela oíra falar desta carta coma algo que tiña que ver con el. Púxose a pensar e o vidamo, dubidando máis ou menos do motivo da súa reflexión, díxolle:

– Vexo que teme pórse a mal coa súa amante e mesmo crería que é a raíña delfina se os poucos celos que lle vexo polo señor de Anville non me quitasen esta idea. Pero, aínda que así sexa, é xusto que non sacrifique o seu repouso polo meu e quero proporcionarlle o medio de facerlle ver á súa amada que esta carta se dirixe a min e non a vostede: velaí un papel da señora de Amboise, amiga da señora de Thémynes e a quen lle confiou todos os sentimentos que tiña por min. Neste papel pídemme que lle devolva a carta da súa amiga que perdín; o meu nome está no papel e o que está dentro proba, sen ningunha dúbida, que a carta que se me pide é a mesma que encontraron. Poño este papel nas súas mans e consinto que llo amose á súa amante para xustificarse. Suplícolle que non perda un momento e que vaia, esta mañá, á casa da delfina.

O señor de Nemours prometeullo ao vidamo de Chartres e colleu o papel da señora de Amboise. Non obstante, o seu proxecto non era ver a raíña delfina pois sentía que había algo que tiña que facer antes. Non dubidaba que esta lle falara da carta á señora de Clèves e non podía soportar que unha persoa que el amaba tan perdidamente, puidese crer que tiña algún compromiso con outra.

Foi á casa dela á hora que creu que podía estar esperta e mandoulle dicir que non pediría o honor de vela a unha hora tan inoportuna se non fose por un asunto de importancia. A señora de Clèves estaba aínda na cama, co ánimo agre e axitado polos tristes pensamentos que tivera durante a noite. Quedou extremadamente sorprendida cando lle dixeron que o señor de Nemours a quería ver pero a amargura que sentía non a fixo vacilar para dicir que estaba mala e que non podía falar con el.

O duque non quedou ferido ante esta negativa pois unha mostra de frialdade, motivada quizais polos celos, non era un mal agoiro. Foi ao apartamento do señor de Clèves e díxolle que viña de xunto a súa muller, que sentía non poder vela porque tiña que falar con ela dun asunto importante para o vidamo de Chartres. Fíxolle entender ao señor de Clèves en poucas palabras a consecuencia deste asunto e o señor de Clèves levouno ao momento ao cuarto da súa muller. Se non estivese ás escuras, á señora de Clèves custaríalle ocultar a súa turbación e a estrañeza de ver entrar o señor de Nemours guiado polo seu marido. O señor de Clèves díxolle que se trataba dunha carta e que era necesaria a axuda dela polos intereses do vidamo, que ela vería co señor de Nemours o que tiñan que facer e que el marchaba ver o rei que acababa de mandalo buscar.

O señor de Nemours quedou a soas coa señora de Clèves, como desexaba.

– Veño preguntarlle, señora –díxolle–, se a delfina non lle falou dunha carta que Chastelart lle entregou onte.

– Algo me dixo –respondeu a señora de Clèves–, pero non vexo que relación ten esta carta cos intereses do meu tío e podo asegurarlle que el non aparece nomeado nela.

– É certo, señora –dixo o señor de Nemours–, non está nomeado; con todo, a carta vai dirixida a el e é moi importante para el que vostede a retire das mans da delfina.

– Non podo comprender –dixo a señora de Clèves– por que lle importa que esta carta non sexa vista e por que hai que reclamála en nome seu.

– Se me dá a oportunidade de explicarme, señora– dixo o señor de Nemours–, amosareille logo a verdade e saberá cousas tan importantes para o vidamo que non lle confiaría nin sequera ao príncipe de Clèves, se non necesitase a súa axuda para poder vela.

– Penso que todo o que me diga será inútil –respondeu a señora de Clèves cun aire seco– e máis vale que vaia ver a raíña delfina e que, sen andar con rodeos, lle explique o interese que ten vostede nesta carta, pois dixéronlle ademais que era súa.

A acritude que o señor de Nemours advertía no ánimo da señora de Clèves causáballe o pracer máis sensible que tivera nunca e atrasaba a impaciencia de se xustificar.

– Non sei, señora, que lle dixeron á delfina, pero non teño nada que ver con esa carta que está dirixida ao vidamo.

– Así o creo –replicou a señora de Clèves–, pero dixéronlle o contrario á raíña delfina e non lle vai parecer verosímil que as cartas do vidamo caian dos seus petos. Por iso, a menos que vostede teña algunha razón que non coñezo para esconderlle a verdade á raíña delfina aconséllolle que lla confese.

– Non teño nada que confesarlle –dixo el–. A carta non se dirixe a min e, se hai alguén a quen desexo convencer, non é a delfina. Pero, señora, como se trata da fortuna do vidamo, deixe que lle conte uns feitos que son mesmo dignos da súa curiosidade.

A señora de Clèves manifestou co seu silencio que estaba lista para escoitar e o señor de Nemours contoulle, o máis sucintamente que puido, todo o que acababa de saber do vidamo. Aínda que fosen cousas propias para causar estrañeza e seren escoitadas con atención, a señora de Clèves oíunas cunha frialdade tan grande que indicaba que non lle parecían verdade ou que lle eran indiferentes. Mantivo a mesma actitude ata que o señor de Nemours lle falou do papel da señora de Amboise, que ía dirixido ao vidamo de Chartres e que era a proba de todo o que el lle acababa de contar. Como a señora de Clèves sabía que

esta muller era amiga da señora de Thémínes, viu que o que lle dicía o señor de Nemours parecía verdade, e isto fíxolle pensar que a carta quizais non se dirixise a el. Este pensamento tirouna de súpeto e, ao seu pesar, da frialdade que amosara ata entón. O duque, despois de lerlle o papel que o xustificaba, amosoullo para que o lese e díxolle que podía coñecer a letra. Non puido absterse de collelo, de observar o pé para ver se se dirixía ao vidamo de Chartres e lelo todo para ver se a carta que lle pedía era a mesma que ela tivera nas mans. O señor de Nemours aínda engadiu todo o que cría oportuno para convencela e, como é fácil convencer dunha verdade agradable, a señora de Clèves estivo segura de que el non tiña nada que ver con aquela carta.

Comezaron entón a razoar xuntos sobre o apuro e o perigo no que se encontraba o vidamo, a censurar a súa mala conduta e a buscar medios de socorrello. Estrañouse do proceder da raíña, confesoulle ao señor de Nemours que ela tiña a carta tan pronto como creu que el era inocente e aprobou, cun espírito aberto e tranquilo, o que parecía nun principio non dignarse a oír. Acordaron que non debían devolverlle a carta á raíña delfina, por medo a que lla amosase á señora de Martigues, que coñecía a letra da señora de Thémínes e que adiviñaría facilmente polo seu interese polo vidamo, que a carta se dirixía a el. Acordaron tamén que non tiñan que confiarlle á delfina nada do que tiña que ver coa raíña, a súa sogra. A señora de Clèves, co pretexto dos asuntos do seu tío, accedía con pracer a gardar todos os segredos que o señor de Nemours lle confiaba.

Este príncipe só lle falara dos intereses do vidamo e a liberdade na que se encontraba para conversar daríalle unha ousadía que nunca tivera, se non lle viñesen avisar á señora de Clèves que a raíña delfina lle ordenaba ir a onda ela. O señor de Nemours tivo que marchar e foi cabo do vidamo para dicirlle que despois de deixalo pensara que era mellor dirixirse á señora de Clèves, a súa sobriña, ca ir dereito á delfina. Non lle faltaron razóns para aprobar o que fixera para ter éxito.

Mentres tanto, a señora de Clèves vestiuse rapidamente para ir á casa da raíña. Tan pronto como apareceu, esta princesa fixo que se achegase e díxolle baixiño:

– Hai dúas horas que a espero e nunca me sentín tan incómoda por ocultar a verdade coma esta mañá. A raíña oíu falar da carta que lle dei onte e cre que foi o vidamo de Chartres quen a deixou caer. Xa sabe que lle interesa; mandou buscar a carta e fíxolla pedir a Chastelart. Este díxolle que ma dera e viñéronma pedir coa escusa de que era unha carta bonita pola que a raíña sentía curiosidade. Non me atrevín a dicir que a tiña vostede; pensei que ía imaxinar que eu lla dera a causa do vidamo, o seu tío, e que podía pensar que hai un

grande entendemento entre el e eu. Pareceume que xa sufría porque me visitase frecuentemente, de xeito que lle dixen que a carta estaba na roupa que levaba onte e que os que tiñan a chave saíran. Déame logo a carta –engadiu–, para que lla envíe e poder lela antes para ver se coñezo a letra.

A señora de Clèves viuse aínda máis apurada do que pensara.

– Non sei, señora, como vai facer –respondeu–, pois o señor de Clèves, a quen lla dei para ler, devolveulla ao señor de Nemours que veu esta mañá rogarlle que lla pedise a vostede. O señor de Clèves cometeu a imprudencia de dicirlle que a tiña el e tivo a febleza de ceder ante as súplicas do señor de Nemours para que lla devolvese.

– Vostede méteme na lea máis grande na que puiden estar nunca –dixo a delfina– e cometeu unha falta ao devolverlle a carta ao señor de Nemours, pois xa que fun eu quen lla dei, non debería devolverlla sen o meu permiso. ¿Que quere que lle diga á raíña e que vai pensar? Crerá, e con razón, que esta carta me afecta e que hai algo entre o vidamo e eu. Nunca quedará convencida de que a carta era do señor de Nemours.

– Sinto moito –respondeu a señora de Clèves– o problema que lle causo. Vexo a súa magnitude pero foi culpa do señor de Clèves e non miña.

– Foi súa –dixo a delfina– por darlle a carta, non hai outra muller no mundo que lle conte ao seu marido todo o que sabe.

– Sei que me equivoquei, señora, pero pense en reparar a miña equivocación e non en xulgala.

– ¿Acórdase, máis ou menos, do que dicía a carta? –preguntou entón a delfina.

– Si, señora –respondeu–, acórdome porque a lin máis dunha vez.

– Se é así, ten que ir rapidamente mandala escribir por unha man descoñecida. Enviareilla á raíña. Non lla amosará a aqueles que a viron e se o fai sosterei sempre que é a que Chastelart me deu e el non se atreverá a dicir o contrario.

A señora de Clèves prestouse a facelo e aínda máis cando pensou que mandaría ir buscar o señor de Nemours para volver ver a carta, a fin de facer que a copiasen palabra por palabra e intentar imitar a letra e poder enganar a raíña. Tan pronto como estivo na casa, contoulle ao seu marido o problema da delfina e rogoulle que mandase ir buscar o señor de Nemours. Foron buscalo e veu rapidamente. A señora de Clèves repetiulle todo o que xa lle dixera ao seu home e pediulle a carta pero o señor de Nemours xa lla devolvera ao vidamo de Chartres, quen quedara tan contento de vela de novo e de estar fóra do perigo que correra que lla enviou ao momento á amiga da señora de Thémis. A señora de Clèves viuse nun novo

apuro e, despois de falalo, decidiron escribir a carta de memoria. Pecháronse para traballar; deron a orde de non deixar entrar ninguén e mandaron que marchasen todos os criados do señor de Nemours. Este aire de misterio e de confidencia non era un encanto mediocre para o príncipe e mesmo para a señora de Clèves. A presenza do seu marido e os intereses do vidamo de Chartres tranquilizábana dalgún xeito sobre os seus escrúpulos. O seu único pracer era ver o señor de Nemours e sentía, por iso, unha alegría pura e sen alteración como nunca sentira. A felicidade e a alegría de ánimo, que o señor de Nemours nunca lle vira, facían que este a amase aínda máis. Como ata entón non vivira momentos tan agradables, a súa vivacidade aumentara e cando a señora de Clèves quixo comezar a recordar a carta e a escribirla, este príncipe, en lugar de axudarlle, non facía máis ca interrompela e dicirlle cousas graciosas. A señora de Clèves sumouse ao mesmo estado de alegría, de xeito que levaban xa moito tempo pechados e xa viñeran dúas veces de parte da raíña delfina, para advertirlle á señora de Clèves que apurase, e aínda non fixeran nin a metade da carta.

O señor de Nemours estaba tan contento por alongar un tempo que lle resultaba agradable que esquecía os intereses do seu amigo. A señora de Clèves divertíase e esquecía tamén os intereses do seu tío. Por fin, ás catro, a carta estaba acabada pero tan mal e a letra parecía tan pouco á que tiñan intención de imitar que era preciso que a raíña non tivese interese en saber a verdade para coñecela. Así pois non puideron enganala, por moito coidado que puxeron en persuadila de que esta carta se dirixía ao señor de Nemours. Quedou convencida, non só de que era do vidamo de Chartres, senón que creu que a raíña delfina tiña parte e que había algo entre os dous. Este pensamento aumentou de tal xeito o odio que sentía por esta princesa que nunca lle perdoou e perseguiu ata que a fixo saír de Francia.

Pola súa parte, o vidamo de Chartres quedou arruinado ante ela e, fose porque o cardeal de Lorena se volvera xa dono dela ou que a aventura da carta lle axudase a ver que a enganaba, axudoulle a descubrir os anteriores enganados do vidamo e é certo que nunca se puido reconciliar sinceramente con ela. A súa unión rompeuse e ela perdeuno a continuación na conxuración de Amboise onde se encontrou comprometido.

Despois de enviarlle a carta á delfina, o señor de Clèves e o señor de Nemours marcharon. A señora de Clèves quedou soa e tan pronto desapareceu a alegría causada pola presenza do seu amado, volveu coma dun soño. Mirou con estrañeza a prodixiosa diferenza do estado no que estaba pola noite co estado no que se encontraba entón e visualizou a acritude e a frialdade que lle amosara ao señor de Nemours, cando cría que a carta da señora de Thémines estaba dirixida a el. ¡Que calma e que dozura lle sucederan a esta acritude, tan

pronto como el a convencera de que a carta non ía dirixida a el! Cando pensaba que se reprochara coma un crime, o día antes, terlle dado mostras de sensibilidade que só a compaixón podían facer nacer e que, coa súa frialdade, lle manifestara celos, probas seguras de paixón, xa non se recoñecía a si mesma. Cando pensaba de novo que o señor de Nemours sabía que ela coñecía o seu amor e tamén que, a pesar deste coñecemento, xa non o trataba mal mesmo en presenza do seu marido, senón que ao contrario, nunca o vira tan favorablemente, que ela era a causa de que o señor de Clèves o mandase buscar e que acababan de pasar unha velada xuntos a soas, decatábase de que tiña un entendemento co señor de Nemours, que enganaba un marido que o merecía menos ca ninguén e tiña vergonza mesmo de parecer tan pouco digna de estima aos ollos do seu amante. Pero o que peor podía soportar de todo, era o recordo do seu estado na noite pasada e o punzante sufrimento que lle causara o pensamento de que o señor de Nemours amaba outra e que a enganaba.

Ata entón ignorara as mortais inquietudes da desconfianza e dos celos; non fixera outra cousa ca pensar en protexerse de amar o señor de Nemours e non empezara aínda a temer que el amase outra. Aínda que as sospeitas que lle provocara a carta desapareceran, non deixaron de abri-lle os ollos sobre o risco de ser enganada e de dar a impresión de desconfianza e de celos que nunca tivera. Estrañouse de non pensar aínda o pouco probable que era que un home coma o señor de Nemours, que sempre aparentara tanta lixeireza entre as mulleres, fose capaz dunha unión sincera e durable. Viu que era case imposible que puidese estar contenta con esta paixón. Pero mesmo se puidese estalo, ¿que quero facer? ¿Quero sufrila? ¿Quero responder a ela? ¿Quero faltarlle ao señor de Clèves? ¿Quero faltarme a min mesma? ¿Quero, en fin, exporme aos crueis arrepenimentos e ás mortais dores que causa o amor? Véxome vencida e superada por unha inclinación que me arrastra contra a miña vontade. Todas as miñas resolucións son inútiles; onte pensei todo o que penso hoxe e fago hoxe todo o contrario do que decidín facer onte. Cómpre apartarme da presenza do señor de Nemours; teño que marchar ao campo, por moi rara que poida parecer a miña viaxe e se o señor de Clèves se obstina en impedilo ou en querer saber as razóns, quizais lle faga o mal, e tamén a min mesma, de confesarllas. Permaneceu nesta resolución e pasou toda a noite na casa, sen ir saber onda a delfina o que pasara coa falsa carta do vidamo.

Cando o señor de Clèves veu, díxolle que quería ir ao campo, que se encontraba mal e que tiña necesidade de cambiar de aires. O señor de Clèves, que a vía dunha beleza que o convencía de que os seus males non eran considerables, burlouse ao principio da proposición desta viaxe e respondeulle que se esquecía de que as vodas das princesas e o torneo ían ter

lugar e que non lle quedaba demasiado tempo para prepararse e poder aparecer coa mesma magnificencia que as outras mulleres. As razóns do seu home non a fixeron cambiar de parecer e rogoulle que aceptase que, mentres el ía a Compiègne co rei, ela fose a Coulommiers, que era unha bonita casa a unha xornada de París que estaban construíndo con coidado. O señor de Clèves consentiu e ela marchou coa idea de non volver axiña. O rei marchou a Compiègne onde só ía estar algúns días.

Ao señor de Nemours doeulle non volver ver a señora de Clèves desde a velada tan agradable que pasara con ela e que aumentara as súas esperanzas. A impaciencia por volver vela non o deixaba repousar, de xeito que, cando o rei volveu a París, decidiu ir á casa da súa irmá, a duquesa de Mercoeur, que estaba no campo, bastante cerca de Coulommiers. Propúxolle ao vidamo acompañalo e aquel aceptou a proposición do señor de Nemours quen tiña a esperanza de ver a señora de Clèves e de ir á casa dela co vidamo.

A señora de Mercoeur recibíunos con moita alegría e só se ocupou de distraelos e de ofrecerlles todos os praceres do campo. Cando estaban nunha partida de caza perseguindo un cervo, o señor de Nemours perdeuse no bosque. Preguntando polo camiño que debía coller para volver, soubo que estaba preto de Coulommiers. Ao oír a palabra Coulommiers, sen facer ningunha reflexión e sen unha intención clara, foi a toda brida polo lado que lle indicaran. Chegou ao bosque e deixouse conducir ao chou polas rutas feitas con coidado, pensando que conducirían ao castelo. Á fin destas rutas encontrou un pavillón, en cuxa parte inferior estaba un gran salón e dous gabinetes, dos que un daba a un xardín de flores, separado do bosque só por un valado, e o segundo daba a unha grande avenida do parque. Entrou no pavillón e teríase parado a observar a beleza se non vise vir pola avenida o señor e a señora de Clèves, acompañados por un gran número de criados. Como non esperaba encontrar alí o señor de Clèves, que quedara co rei, o seu primeiro impulso foi esconderse. Entrou no gabinete que daba ao xardín de flores, coa intención de volver saír por unha porta que estaba aberta cara ao bosque pero, vendo que a señora de Clèves e o seu marido se sentaran no pavillón, que os seus criados quedarán no parque e que non podían vir sen pasar polo sitio no que estaban o señor e a señora de Clèves, non puido resistir a tentación de ver esta princesa nin a curiosidade de escoitar a súa conversa cun marido que lle provocaba máis celos ca ningún dos seus rivais.

Oíu que o señor de Clèves lle dicía á súa muller:

– Pero, ¿por que non quere volver a París? ¿Que a pode reter no campo? Véxolle, desde hai algún tempo, un gusto pola soidade que me estraña e que me aflixe porque nos

separa. Encóntroa mesmo máis triste ca de costume e temo que estea desgustada por algo.

– Non me pasa nada –respondeu ela cun aire confuso–, pero o tumulto da corte é tan grande e hai sempre tanta xente con vostede que é imposible que o corpo e o espírito non se cansen e que non se busque a calma.

– A calma –dixo el– non é propio para unha persoa da súa idade. O seu estilo de vida, na corte e na casa, non pode causarlle cansazo e temo máis ben que lle gusta estar separada de min.

– É inxusto comigo pensando así –dixo cunha incomodidade que aumentaba– pero suplícolle que me deixe quedar aquí. Se pode acompañarme, faramo moi feliz, con tal de que estea só e que non queira ter ese número infinito de persoas que non o deixan un momento.

– Ah, señora –exclamou o señor de Clèves–, o seu aspecto e as súas palabras fanme ver que ten razóns que eu descoñezo para desexar estar soa e suplícolle que mas diga.

Presionouna moito tempo para que llas dixese pero sen obrígala e, despois de que ela se defendese dunha maneira que aumentaba aínda máis a curiosidade do seu marido, permaneceu nun profundo silencio, coa mirada baixa. Despois, de súpeto, tomando a palabra e mirándoo, díxolle:

– Non me obrigue a confesarlle unha cousa que non teño a forza de confesar, aínda que tiven varias veces a intención. Pense só que a prudencia non quere que unha muller da miña idade, e dona da súa conduta, permaneza exposta no medio da corte.

– ¿Que insinúa, señora? –exclamou o señor de Clèves–. Non ousaría dicirillo por medo de ofendela.

A señora de Clèves non respondeu e o seu silencio acabou de confirmarlle ao seu marido o que el pensara:

– Non me di nada –dixo– e iso quere dicir que non me engano.

– Ben, señor –respondeu ela botándose de xeonllos–, voulle facer unha confesión que nunca se lle fíxo a un marido pero a inocencia da miña conduta e das miña intencións danme a forza. É certo que teño razóns para afastarme da corte e que quero evitar os perigos nos que se ven ás veces as mulleres da miña idade. Nunca dei ningunha mostra de febleza e non terei medo de dala se me permite retirarme da corte ou se a señora de Chartres vivise aínda para axudarme a conducirme. Por moi difícil que sexa a decisión que tomo, tómoa con alegría para conservarme digna de pertencerlle. Pídlle mil perdóns, se teño sentimentos que lle desgustan, pero polo menos non o desgustarei coas miñas accións. Pense que para facer o que fago, hai que ter máis cariño e máis estima por un marido ca nunca. Guíeme, teña piedade de

min e ámeme aínda, se pode.

O señor de Clèves permanecera, durante o discurso, coa cabeza entre as mans, fóra de si e non pensara en facer erguer a súa muller. Cando calou e el a mirou de xeonllos co rostro cuberto de bágoas e dunha beleza admirable, pensou morrer de dor e ergueuna bicándoa:

– Teña piedade de min vostede, señora –díxolle–, son digno dela, e perdóeme se, nos primeiros momentos dunha dor tan violenta coma a miña, non respondo, como debo, a un proceder coma o seu. Paréceme máis digna de estima e de admiración ca todas as mulleres do mundo, pero ao mesmo tempo véxome coma o home máis desgraciado que existiu nunca. Desde o primeiro momento no que a vin sentín por vostede unha paixón, que os seus rigores e a súa posesión non puideron extinguir e que dura aínda. Nunca lle puideron inspirar amor e vexo que teme telo por outro. ¿Quen é, señora, ese home tan afortunado que lle causa temor? ¿Desde cando lle gusta? ¿Que fixo para gustarlle? ¿Que camiño encontrou para chegar ao seu corazón? Consolábame dalgún xeito de non conseguir que se namorase de min porque pensaba que era incapaz de namorarse. Non obstante, outro consegue o que eu non puider. Sinto os celos dun marido e os dun amante xuntos e é imposible ter os dun marido tras un proceder coma o seu. É demasiado nobre para non inspirarme unha absoluta confianza e consólame mesmo coma amante. A confianza e a sinceridade que me demostra teñen un valor incalculable: estímame bastante para crer que non abusarei desta confesión. Ten razón, señora, non abusarei nin a amarei menos. Faime infeliz coa mostra de fidelidade máis grande que unha muller lle deu ao seu marido pero, acabe e dígame quen é ese que quere evitar.

– Suplícolle que non mo pregunte, dicidín non dicilo e creo que a prudencia non quere que llo nomee.

– Non tema, señora –dixo o señor de Clèves–, coñezo demasiado o mundo para ignorar que a consideración dun marido non impide namorarse da súa muller. Debe odiarse aqueles que o fan e non queixarse. De novo, señora, suplícolle que me diga o que teño ganas de saber.

– Presionárame inutilmente –dixo ela–; teño forza para calar o que creo que non debo dicir. A confesión que lle fixen non foi por debilidade pois hai que ter máis coraxe para confesar esta verdade ca para proporse ocultala.

O señor de Nemours non perdía unha palabra desta conversa e o que acababa de dicir a señora de Clèves provocáballe tantos celos coma ao seu marido. Estaba tan perdidamente namorado dela que cría que todo o mundo tiña os mesmos sentimentos. Era certo tamén que tiña varios rivais pero imaxinaba aínda máis e a súa mente perdíase en buscar aquel ao que se

refería a señora de Clèves. Crera bastantes veces que el non lle resultaba desagradable e deducira isto de cousas que, nese momento, lle pareceron tan lixeiras que non puido imaxinarse que provocara unha paixón tan violenta coma para recorrer a un remedio tan extraordinario. Estaba tan afectado que case non sabía o que vía e non lle podía perdoar ao señor de Clèves que non presionase o bastante a súa muller para que lle dixera o nome que ocultaba.

O señor de Clèves, non obstante, esforzábase por sabelo e, despois de presionala inutilmente:

– Paréceme –dixo ela– que debe estar satisfeito coa miña sinceridade, non me pida máis e non faga que me arrepiña do que acabo de facer. Confórmese coa seguridade que lle dou de que ningunha das miñas accións amosaron os meus sentimentos e que nunca me dixeron nada que puidese ofenderme.

– Ah, señora –dixo de súpeto o señor de Clèves–, non podería crela. Acórdome da súa turbación o día que se perdeu o seu retrato. Vostede, señora, regalou o retrato que tanto eu quería e que me pertencía lexitimamente. Non puido ocultar os seus sentimentos; ama, sábese e só a súa virtude a protexeu do resto ata aquí.

– ¿É posible –exclamou a princesa– que poida pensar que hai algún engano nunha confesión coma a miña, que ningunha razón me obrigaba a facerlle? Confíe nas miñas palabras; pago a confianza que lle pido a un prezo bastante alto. Crea, suplicollo, que non dei o retrato: é certo que vin como o collían pero non quixen que parecese que o vía por medo a exporme a que me dixeran cousas que aínda non ousaron dicirme.

– ¿Como lle amosaron que a aman –dixo o señor de Clèves– e que mostras de paixón lle deron?

– Afórreme o sufrimento –replicou ela– de repetir os detalles que me dan vergonza a min mesma por notalos e que me persuadiron da miña febleza.

– Ten razón, señora, son inxusto. Rexéitame todas as veces que lle pida cousas semellantes pero non se ofenda, con todo, se llas pido.

Nese momento varios criados, que quedaran nas avenidas, viñeron avisarlle ao señor de Clèves de que un xentilhome viña buscalo, de parte do rei, para ordenarlle que estivese esa noite en París. Viuse obrigado a marchar e non puido dicirlle nada á súa muller, agás que lle suplicaba vir ao outro día e que crese que, aínda que estaba aflixido, sentía por ela a tenrura e a estima que merecía.

Cando o príncipe marchou e a señora de Clèves quedou soa, e viu o que acababa de

facer, asustouse tanto que case lle parecía irreal. Viu que se privara a si mesma do corazón e da estima do seu marido e que se afundira nun abismo do que nunca sairía. Preguntábase por que fixera algo tan arriscado e vía que o fixera case sen premeditación. A singularidade dunha confesión semellante, da que non encontraba exemplo, fíxolle ver todo o perigo.

Pero cando pensaba que este remedio, por moi violento que fose, era o único que a podía protexer contra o señor de Nemours, viu que non debía arrepentirse e que non arriscara nada. Pasou toda a noite sumida na incerteza, na turbación e no temor pero, á fin, a calma volveu ao seu espírito e mesmo experimentou certa dozura en darlle este testemuño de fidelidade a un marido que o merecía, que sentía tanta estima e cariño por ela e que acababa de demostrarllo pola maneira en que recibira o que lle confesara.

Mentres tanto, o señor de Nemours saíu do lugar desde onde escoitara esta conversa que o emocionara sensiblemente e meteuse no bosque. O que dixera a señora de Clèves do seu retrato devolvéralle a esperanza e indicaba que non o odiaba. Ao principio abandonouse a esta alegría, pero non lle durou moito cando pensou que o mesmo que lle acababa de indicar que emocionara o corazón da señora de Clèves, tamén o persuadía de que non recibiría nunca ningunha mostra de amor e que era imposible ter unha relación cunha persoa que recorrera a un remedio tan extraordinario. Con todo, sentiu o pracer de reducila a ese extremo. Pensou que tiña éxito por facerse amar por unha muller tan diferente a todas as do seu sexo. En fin, sentiuse mil veces feliz e infeliz a un tempo. A noite sorprendeuno no bosque e custoulle moito encontrar o camiño para volver á casa da señora de Mercoeur, a onde chegou ao amencer. Resultoulle incómodo ter que dar conta do que o tivera; explicouse o mellor que lle foi posible e volveu ese mesmo día a París co vidamo.

Este príncipe estaba tan cheo de paixón e sorprendido polo que oíra que caeu nunha imprudencia bastante común como é falar en termos xerais dos sentimentos particulares e contar as propias aventuras baixo nomes falsos. Ao volver levou a conversa cara ao amor e enxalzou o pracer de estar namorado dunha persoa digna de ser amada. Falou dos efectos raros desta paixón e, finalmente, sen poder gardar para si a estrañeza que lle causaba a acción da señora de Clèves, contoulle ao vidamo, sen dicirlle o nome e sen dicirlle que tiña que ver con el. Contoulle todo con tanta calor e con tanta admiración que o vidamo sospeitou facilmente que a historia que o príncipe contaba era a súa propia. Presionouno moito para que llo confesase. Díxolle que sabía desde había tempo que tiña unha paixón violenta e que era inxusto desconfiar dun home que lle confiara o segredo da súa vida. O señor de Nemours estaba demasiado namorado para confesar o seu amor e sempre llo ocultara ao vidamo aínda

que era o home da corte que máis amaba. Respondeulle que un dos seus amigos lle contara esta aventura e que lle fixera prometer que non a contaría polo que lle suplicaba que gardase o segredo. Aínda que o vidamo lle prometeu que non a contaría o señor de Nemours arrepenhiuse.

Mentres tanto, o señor de Clèves fora a xunto do rei cunha dor mortal no corazón. Nunca un marido sentira unha paixón tan violenta pola súa muller nin a estimara tanto. O que acababa de saber non lle quitaba a estima pero era diferente da que sentira ata entón. O que máis curiosidade lle despertaba era a gana de adiviñar quen conseguira gustarlle. Ao principio viñéronlle á mente o señor de Nemours, porque era o máis amable da corte, o cabaleiro de Guisa e o mariscal de Saint-André, porque os dous intentaran conquistala e dedicábanlle aínda moitas atencións, de xeito que decidiu que tiña que ser algún destes tres. Chegou ao Louvre e o rei levouno ao seu gabinete para dicirlle que o escollera para conducir a princesa Isabel a España; que pensara que ningunha persoa cumpriría mellor ca el este mandado e que ninguén lle faría tanto honor a Francia coma a señora de Clèves. O señor de Clèves recibiu o honor desta elección como debía e mirouna mesmo coma unha solución que afastaría a súa muller da corte sen que parecese haber un cambio na súa conduta. Non obstante, o momento da partida estaba aínda lonxe para ser un remedio á confusión na que se encontraba. Escribiulle inmediatamente á señora de Clèves para dicirlle o que o rei acababa de anunciarlle e mandoulle de novo que quería que volvесе a París. Volveu como el lle ordenaba e cando se viron, estaban extraordinariamente tristes.

O señor de Clèves faloulle coma o home máis honesto do mundo e o máis digno do que ela fixera.

– Non teño ningunha inquietude pola súa conduta –díxolle–, é máis forte e ten máis virtudes do que vostede pensaba. Non é tampouco o temor do futuro o que me aflixe. Só me aflixe ver que ten sentimentos por outro que eu nunca conseguín inspirarlle.

– Non sei que responderlle –díxolle ela–, morro de vergonza falando disto. Evítame, suplícollo, semellantes conversas; regule a miña conduta, faga que non vexa a ninguén. É todo o que lle pido. Pero admita que non lle fale máis dunha cousa que me fai parecer tan indigna de vostede e que encontro tan indigna de min.

– Ten razón, señora. Abuso da súa dozura e confianza pero teña compaixón polo estado no que me puxo e pense que, a pesar do que me dixó, me oculta un nome que me provoca unha curiosidade que non me deixa vivir. Non lle pido que a satisfaga, non obstante, pero non podo absterme de dicirlle que creo que aquel que debo envexar é o mariscal de

Saint-André, o duque de Nemours ou o cabaleiro de Guisa.

– Non lle vou responder nada –díxolle ela pódose rubia– e non lle darei lugar coas miñas respostas a que diminúa ou fortaleza as súas sospeitas pero se intenta descubrirlas observándome, causárame unha incomodidade que todo o mundo notará. Por Deus – continuou ela– permita que, baixo o pretexto dalgunha enfermidade, non vexa a ninguén.

– Non, señora –replicou–, descubrirase logo que é un pretexto e, ademais, quero confiar en vostede: é o camiño que o corazón e a razón me aconsellan tomar. Co seu carácter, se a deixo facer o que queira, doulle límites máis estreitos dos que podería prescribirlle.

O señor de Clèves non se enganaba: a confianza que tiña na súa muller fortalecíaa máis contra o señor de Nemours e facíalle tomar decisións máis austeras ca ningunha coacción. Foi entón ao Louvre ver a delfina como acostumaba pero evitaba a presenza e as miradas do señor de Nemours con tanto coidado que lle quitaba case toda a alegría de creerse amado por ela. O duque de Nemours non vía nada nas súas accións que o persuadise do contrario e xa non sabía se o que oír fora un soño de tan pouco parecido que encontraba. A única cousa que lle aseguraba que non se equivocaba era a extrema tristeza da señora de Clèves, por moito que se esforzase en ocultala e quizais unhas miradas e unhas palabras máis amables non aumentasen o amor do señor de Nemours como o facía esta austera actitude.

Unha tarde na que os señores de Clèves estaban coa raíña, algún dixo que corría o rumor de que o rei nomearía aínda un gran señor da corte para ir levar a princesa a España. O señor de Clèves mirou a súa muller no momento no que engadiron que quizais fose o cabaleiro de Guisa ou o mariscal de Saint-André. Notou que non se emocionara ao oír estes dous nomes nin ante a proposición de que fixesen o camiño con ela. Iso fíxolle crer que non era ningún daqueles dous cuxa presenza temía ela e, querendo esclarecer as súas sospeitas, entrou no gabinete da raíña onde estaba o rei. Despois de agardar alí algún tempo volveu a xunto da súa muller e díxolle baixiño que acababa de saber que era o señor de Nemours quen iría con eles a España.

O nome do señor de Nemours e a idea de estar exposta a velo todos os días durante a viaxe, perante o seu marido, causoulle tal alteración á señora de Clèves que non puido esconder e, querendo xustificala, respondeu:

– É unha elección ben desagradable a deste príncipe pois compartirá todos os honores con vostede e paréceme que debería intentar que escollesen outro.

– Non é a miña fama, señora –dixo o señor de Clèves–, o que lle fai temer que o señor de Nemours veña comigo. A súa pena ten outra causa e dime o que me diría a alegría doutra

muller, pero non tema, o que lle acabo de dicir non é verdade e inventeino para asegurarme de algo que xa sabía.

Saíu despois de dicir estas palabras, porque non quería aumentar coa súa presenza a extrema confusión da súa muller.

O señor de Nemours entrou nese instante e notou enseguida o estado da señora de Clèves. Achegouse a ela e díxolle baixiño que non ousaba, por respecto, preguntarlle por que estaba máis pensativa ca de costume. A voz do señor de Nemours fixoa saír da súa abstracción e, mirándoo, sen oír o que acababa de dicirlle, sumida nos seus propios pensamentos de temor de que o seu marido o vise ao seu carón:

– ¡Por Deus –díxolle–, déixeme en paz!

– Ai, señora –respondeu el–, xa a deixo demais. ¿De que se pode queixar? Non me atrevo a falarlle, non me atrevo nin a mirala, achégome a vostede tremendo... ¿Por que merezo o que me acaba de dicir e por que me fai parecer que teño algo que ver coa pena que lle vexo?

Á señora de Clèves amoloulle deixar que o señor de Nemours se explicase máis claramente do que fixera en toda a súa vida. Deixouno, sen responder, e volveu á casa co ánimo máis axitado ca nunca. O seu marido deuse conta facilmente de que a súa incomodidade aumentara. Viu que ela temía que lle falase do que pasara e seguiu a un gabinete:

– Non me evite, señora –díxolle–, non lle direi nada que a poida desgustar; pídlle perdón polo susto que lle dei antes. O que oín é suficiente castigo. O señor de Nemours era de todos os homes o que eu máis temía. Vexo o perigo no que está; domínese polo amor a si mesma e, se é posible, por amor a min. Non llo pido coma marido senón coma un home cuxa felicidade depende de vostede e que sente por vostede unha paixón máis tenra e violenta ca aquel que o seu corazón prefire.

O señor de Clèves entenreceuse ao pronunciar estas últimas palabras e custoulle acabalas. A súa muller quedou afectada e, chorando, bicouno cunha tenrura e cunha dor que o puxo nun estado pouco diferente ao seu. Quedaron algún tempo sen dicir nada e separáronse sen ter forza para falar.

Os preparativos para o casamento da princesa estaban acabados. O duque de Alba chegou para casar con ela e foi recibido con toda a magnificencia e todas as cerimoniais propias de semellante ocasión. O rei enviou a onda el o príncipe de Condé, os cardeais de Lorena e de Guisa, os duques de Lorena, de Ferrara, de Aumale, de Bouillon, de Guisa e de

Nemours. Estes ían acompañados por varios xentilhomes e por un gran número de paxes vestidos con libreas. O rei esperou el mesmo o duque de Alba á primeira porta do Louvre, cos douscentos xentilhomes serventes e o condestable á cabeza. Cando o duque estaba próximo ao rei, quixo pórse de xeonllos, pero o rei impediullo e fíxoo camiñar ao seu lado ata onde estaba a raíña e a princesa, a quen o duque de Alba lle entregou un regalo magnífico de parte do seu señor. Foi enseguida á casa da señora Margarida, a irmá do rei, para cumprimentala de parte do señor de Savoia e asegurarlle que este chegaría en poucos días. Houbo grandes reunións no Louvre para amosarlle ao duque de Alba e ao príncipe de Orange, que o acompañara, as belezas da corte.

A señora de Clèves non ousou dispensarse de ir, aínda que non lle apetecese, por temor a desgustar o seu marido que lle ordenara que fose. O que máis o determinaba era a ausencia do señor de Nemours, quen fora a xunto do señor de Savoia e, desde que este príncipe chegou, tivo que permanecer cerca del para axudarlle en todas as cousas relativas ás cerimonia das vodas. Iso fixo que a señora de Clèves non vise este príncipe tan frecuentemente como estaba acostumada e sentía certo repouso.

O vidamo de Chartres non esquecera a conversa que tivera co señor de Nemours. Quedáralle na mente que a aventura que aquel príncipe lle contara era a súa propia e observábo con tanta atención que quizais esclarecese a verdade, se a chegada do duque de Alba e a do señor de Savoia non provocasen cambios e unha ocupación na corte que lle impediu descubrir nada. A gana de saber, ou máis ben a disposición natural que se ten de contarlle todo o que se sabe a quen se ama, fixo que lle contase á señora de Martigues a acción extraordinaria daquela dama, que lle confesara ao seu marido a paixón que sentía por outro. Aseguroulle que era o señor de Nemours quen inspirara esta violenta paixón e pediulle que lle axudara a observar este príncipe. A señora de Martigues quedou contenta de escoitar o que lle contaba o vidamo e a curiosidade que sempre lle vira á delfina por todo o que tiña que ver co señor de Nemours dáballe aínda máis ganas de descubrir aquela aventura.

Poucos días antes do escollido para a cerimonia do casamento, a raíña delfina ofreceulle unha cea ao rei, o seu sogro, e á duquesa de Valentinois. A señora de Clèves, ocupada en vestirse, chegou ao Louvre máis tarde ca de costume. Indo para alá, encontrou un xentilhome que a viña buscar de parte da delfina. Cando entrou no seu cuarto, aquela princesa gritoulle, desde a cabeceira da cama, que a esperaba cunha grande impaciencia.

– Creo, señora –respondeulle–, que non debo agradecerlle esta impaciencia e que non está causada pola gana de verme.

– Ten razón –replícoulle a raíña delfina– pero, con todo, ten que estarme agradecida pois quero contarlle unha aventura que seguro que lle agradará saber.

A señora de Clèves púxose de xeonllos ante a cama e, por sorte para ela, de costas á luz.

– Sabe –díxolle esta raíña– as ganas que temos de adiviñar que é o que causou o cambio do señor de Nemours: creo que o sei e é algo que a sorprenderá. Está perdidamente namorado dunha das mulleres máis belas da corte que tamén o ama.

Estas palabras, que a señora de Clèves non se podía atribuír pois non cría que ninguén soubese que ela amaba aquel príncipe, causáronlle unha dor que é fácil de imaxinar.

– Non vexo nada niso –respondeu– que deba sorprender dun home da idade e da beleza do señor de Nemours.

– Non é tampouco –dixo a delfina– o que lle debe estrañar senón saber que a muller que ama o señor de Nemours nunca lle deu ningunha mostra e que o medo que tivo de non dominar a súa paixón fixo que lla confesase ao seu marido, para que a levase da corte. E foi o señor de Nemours mesmo quen o contou.

Se a señora de Clèves sufría ao principio polo pensamento de que ela non tiña nada que ver con esta aventura, as últimas palabras da delfina causáronlle desesperación, pola certeza de ter moito. Non puido responder e quedou coa cabeza inclinada sobre a cama mentres a raíña continuaba a falar, tan ocupada do que dicía que non lle poñía atención a esta confusión. Cando a señora de Clèves estivo un pouco recuperada, respondeu:

– Esta historia non me parece verosímil, señora –respondeu–, e gustaríame saber quen lla contou.

– Foi a señora de Martigues –dixo a delfina– quen lla oíu ao vidamo de Chartres. Vostede sabe que el está namorado dela; confioulla coma un segredo e el sábea do duque de Nemours mesmo. É certo que o duque de Nemours non lle dixo o nome da dama nin lle confesou que era el o amado, pero o vidamo de Chartres non o dubida.

Cando a raíña delfina acabou de dicir isto, alguén se achegou á cama. A señora de Clèves estaba colocada dun xeito que lle impedía ver quen era pero non o dubidou cando a delfina exclamou cun aire de alegría e de sorpresa:

– ¡Velái o está! Voulle preguntar se é certo.

A señora de Clèves soubo que era o señor de Nemours, como en efecto era, sen virarse cara a el. Avanzou precipitadamente cara á delfina e díxolle en voz baixa que non lle debía falar daquel asunto, que llo confiara ao vidamo de Chartres e que se podían pór a mal.

A delfina respondeulle, rindo, que era demasiado prudente e dirixiuse ao señor de Nemours. Este estaba preparado para a reunión da noite e tomando a palabra cunha graza que lle era tan natural, díxolle:

– Creo, señora, que podo pensar, sen temeridade, que falaban de min cando entrei, que tiña intención de preguntarme algo e que a señora de Clèves se opuxo.

– É certo –respondeu a delfina–, pero esta vez non a compracerei como fago habitualmente. Quero que me diga se unha historia que me contaron é verdadeira e se é vostede o que está namorado e é amado por unha muller da corte que lle oculta a paixón con coidado e que lla confesou ao seu marido.

A turbación e a confusión da señora de Clèves ía máis alá do que se pode imaxinar e se a morte se presentase para tirala daquel estado aceptaría de bo grado. A confusión do señor de Nemours era aínda maior, se era posible. O discurso da delfina, que non o odiaba, en presenza da señora de Clèves, que era a persoa en quen ela tiña máis confianza de toda a corte e que tamén a tiña naquela, causáballe tal mestura de raros pensamentos que lle foi imposible dominar a expresión do rostro. A incomodidade que vía na señora de Clèves por culpa súa e a idea de que lle daba un motivo xusto para que o detestase causoulle un estremecemento que non lle permitiu responder. A delfina vendo ata que punto estaba desconcertado:

– Míreo, míreo –díxolle á señora de Clèves– e vexa se esta aventura non é a súa.

Non obstante, o señor de Nemours, recuperándose da súa turbación e vendo a importancia de saír dunha situación tan perigosa, fíxose dono de golpe do seu ánimo e do seu aspecto:

– Confeso, señora –dixo–, que non se pode estar máis sorprendido nin máis aflixido do que o estou pola infidelidade do vidamo de Chartres ao contar a aventura que lle confiei dun dos meus amigos. Podería vingarme –continuou, sorrindo cun aire tan tranquilo que case lle quitou á delfina as sospeitas que acababa de ter–. Confioume cousas que son de moita importancia pero non sei, señora –continuou–, por que me fai o honor de mesturarme nesta aventura. O vidamo non pode dicir que ten que ver comigo porque eu díxenlle o contrario. Pódeme convir a calidade dun home namorado, pero a dun home amado, non creo, señora, que ma poida atribuír.

Este príncipe quedou feliz de dicirlle algo á delfina que tivese que ver co que el aparentara noutro tempo, a fin de desviar a idea dos pensamentos que ela podería ter. Ela tamén creu entender o que el lle dicía pero, sen responder, continuou a meterse coa súa

confusión.

– Estaba preocupado, señora –respondeulle el–, polos intereses do meu amigo e polos xustos reproches que me podería facer por contar algo que é tan importante para a súa vida. Só me confiou a historia a medias e non me nomeou a muller que ama. Só sei que é o home máis namorado e máis digno de compaixón do mundo.

– ¿Por que o compadece –preguntou a delfina– se é correspondido?

– ¿Cre que o é, señora, e que unha muller que sente unha verdadeira paixón pode descubrirla ao seu marido? Esta muller non coñece o amor, sen dúbida, e confundiuo cun lixeiro recoñecemento polos sentimentos que inspira. O meu amigo non pode gabarse de ningunha esperanza, pero por moi desgraciado que é, séntese feliz por causar, polo menos, o medo de amalo e non cambiaría o seu estado polo do amante máis feliz do mundo.

– O seu amigo ten unha paixón ben fácil de satisfacer –dixo a delfina– e comezo a crer que non é de vostede de quen fala. Case son da opinión da señora de Clèves que opina que esta aventura non pode ser verdade.

– Non creo, en efecto, que o poida ser –dixo a señora de Clèves que aínda non dixerá nada– e aínda que o fose, ¿como se sabería? Non parece que unha muller, capaz de algo tan extraordinario, tivese a febleza de contala; aparentemente o seu marido non a contaría tampouco, ou sería un marido ben indigno do proceder que tiveron con el.

O señor de Nemours, que viu as sospeitas da señora de Clèves sobre o seu marido, contentouse de confirmalas pois sabía que era o rival máis temible que tiña que eliminar.

– Os celos –respondeu– e a curiosidade, quizais, de saber máis do que se lle dixo, poden facer que un marido cometa imprudencias.

A señora de Clèves xa non lle quedaba valor nin coraxe e, como non podía soportar a conversa, ía dicir que se encontraba mal, cando, por sorte para ela, a duquesa de Valentinois entrou e lle dixo á delfina que o rei ía chegar. Esta raíña foi ao gabinete para vestirse. O señor de Nemours achegouse á señora de Clèves, cando ela ía seguir a raíña.

– Daría a miña vida, señora –díxolle el–, por falarlle un momento pero de todo o importante que teño para dicirlle, nada mo parece máis ca suplicarlle que crea que se dixen algo que teña que ver coa delfina, o fixen por razóns que non teñen que ver con ela.

A señora de Clèves fixo que non oíra o señor de Nemours, deixouno sen miralo e púxose a seguir o rei que acababa de entrar. Como había moita xente, encerellouse no vestido e deu un tropezón. Usou a caída coma pretexto para saír dun lugar no que non tiña a forza de quedar e, finxindo non poder terse de pé, marchou para a casa.

Cando o señor de Clèves chegou ao Louvre estrañouse de non ver alí a súa muller. Contáronlle o accidente que sufrira e marchou inmediatamente para saber novas dela. Encontrouna na cama e viu que o seu mal non era importante. Cando levaba algún tempo con ela, decatouse da súa extrema tristeza e sorprendeuse.

– ¿Que lle pasa, señora? – preguntoulle–. Paréceme que ten algunha outra dor distinta da que se queixa.

– Síntome máis apesurada ca nunca–respondeu ela–. ¿Que uso fixo da confianza extraordinaria ou, mellor dito, louca que puxen en vostede? ¿Non merecía a súa discreción? e, se eu non a merecía, ¿o seu propio interese non o obrigaba a gardala? ¿Facía falta que a curiosidade de saber un nome que non debo dicirlle o obrigase a confiarlle todo a alguén para tratar de descubri-lo? Só esta curiosidade puido facer que cometese tan cruel imprudencia e as consecuencias non poderían ser máis molestas. Sábese esta aventura e acaban de contarme, sen saber que me interesa moito.

– ¿Que me di, señora? –respondeulle–. ¿Acúsame de contar o que pasou entre nós e dime que se sabe? Non me desculpo de contalo, non podo crelo. O máis seguro é que falasen doutra e entendese que era por vostede.

– Ah, señor, non hai no mundo outra aventura coma a miña, non hai outra muller capaz de facer o mesmo. Non puideron inventala por casualidade pois nunca se imaxinou algo así nin este pensamento caeu nunca noutra cabeza ca na miña. A delfina acaba de contarme esta aventura que soubo polo vidamo de Chartres e este polo señor de Nemours.

– ¡O señor de Nemours! –exclamou o señor de Clèves cun ton que denotaba arrebatado e desesperación–. ¿Como? O señor de Nemours sabe que vostede o ama e que eu o sei?

– Vostede sempre fala do señor de Nemours–dixo ela– e eu díxenlle que nunca respondería ás súas sospeitas. Ignoro se o señor de Nemours sabe que esta aventura ten que ver comigo e con el, segundo vostede, pero contoulla ao vidamo de Chartres e díxolle que a sabía dun dos seus amigos, quen non lle nomeara a muller implicada. Seguro que este amigo do señor de Nemours é amigo seu e que vostede lla confiou para tratar de saber a verdade.

– ¿Hai algún amigo no mundo ao que se lle poida facer tal confianza –replicou o señor de Clèves– e querería eu aclarar as sospeitas ao prezo de contarlle a alguén o que desexaría ocultarme a min mesmo? Pense, señora, con quen falou vostede. É máis probable que este segredo lle escapase a vostede ca a min. Non puido soportar soa a confusión que sentía e buscou o alivio de queixarse a algún confidente que a traizoou.

– Non acabe de atafegarme –exclamou ela– e non teña a dureza de me acusar dunha

falta que cometeu vostede. ¿Pode sospeitar, xa que fun capaz de falar con vostede, de ser capaz de falar con algún outro?

A confesión que a señora de Clèves lle fixera ao seu marido era unha mostra tan grande da súa sinceridade e ela negaba con tanta intensidade que o señor de Clèves non sabía que pensar. Por outro lado, estaba seguro de que el non dixera nada; era unha cousa imposible de adiviñar e sabíase así que tiña que ser por un dos dous pero o que lle causaba unha dor violenta era saber que este segredo estaba nas mans de alguén e que aparentemente logo sería divulgado.

A señora de Clèves pensaba máis ou menos o mesmo e vía igualmente imposible que o seu marido falase e que non falase. O que dixera o señor de Nemours de que a curiosidade podía facerlle cometer imprudencias a un marido, parecíalle axustarse ao estado do señor de Clèves e non podía crer que fose produto da casualidade e esta verosimilitude determinábaa a crer que o señor de Clèves abusara da confianza que depositara nel. Estaban tan abstraídos que estiveron moito tempo sen falar e non romperon o silencio máis ca para repetir o mesmo varias veces e quedaron co corazón e co ánimo máis distantes e máis alterados ca antes aínda.

É fácil imaxinar como pasaron a noite. O señor de Clèves esgotara toda a súa constancia en soportar a desgraza de ver unha muller que adoraba namorada doutro. Xa non lle quedaba forza; cría mesmo que non debía encontrala nunha cousa que fería de tal xeito a súa fama e o seu honor. Xa non sabía que pensar da súa muller; xa non sabía que conduta lle debía impor nin como se debía comportar el mesmo e por todas partes non vía máis ca precipicios e abismos. En fin, tras unha axitación e unha incerteza moi longas, vendo que tiña que marchar logo a España, decidiu non facer nada que puidese aumentar as sospeitas ou o coñecemento do seu infeliz estado. Foi ver a señora de Clèves e díxolle que non se trataba de descubrir entre eles quen faltara ao segredo, senón que tiñan que facer ver que a historia que se contara era unha fábula na que ela non tiña nada que ver; que dependía dela persuadir disto o señor de Nemours e os outros; que só tiña que actuar con el coa severidade e a frialdade que debía ter cun home que lle testemuñaba o seu amor; que, actuando así, lle quitaría facilmente a idea de que sentía amor por el; que así non tiñan por que aflixirse por todo o que el pensara porque se, no futuro, ela non amosaba ningunha febleza, todos os seus pensamentos se destruírían facilmente e que, sobre todo, ela debía ir ao Louvre e ás reunións como facía habitualmente.

Tras estas palabras, o señor de Clèves deixou a súa muller sen esperar resposta. Esta viu moita razón en todo o que el lle dixo e a cólera que sentía contra o señor de Nemours

fixolle crer que lle sería fácil levalo a cabo. Pareceulle difícil acudir a todas as cerimoniais do casamento e aparecer cun aspecto tranquilo e un ánimo libre. Non obstante, como fora elixida entre outras para levar a cola do vestido da delfina, non tiña maneira de renunciar sen causar escándalo e sen espertar a curiosidade. Decidiu entón esforzarse pero tomou o resto do día para prepararse e para abandonarse a todos os sentimentos que a axitaban polo que se pechou soa no seu gabinete. De todos os seus males, o que máis forte lle parecía era ter un motivo de queixa do señor de Nemours e non encontrar ningún medio de xustificalo. Non podía dúbida que el lle contara a aventura ao vidamo de Chartres, confesáralo, e non podía dúbida tampouco, pola forma de falar, que el sabía que esta aventura tiña que ver con el. ¿Como escusar unha imprudencia tan grande?, ¿que pasara coa extrema discreción daquel príncipe que tanto lle gustara?

Foi discreto –diciu ela– mentres se sentía desgraciado, pero a esperanza de felicidade, mesmo incerta, acabou coa súa discreción. Non puido aceptar que era amado sen que se soubese. Contou todo o que podía contar; non confesei que fose el o home que amo, sospeitouno e deixou ver as súas sospeitas. Se tivese a certeza actuaría do mesmo xeito. Equivoqueime ao crer que había un home capaz de ocultar o que afaga a súa fama pero para este home, que eu cría tan diferente do resto dos homes, son, coma as outras mulleres, estando tan lonxe de parecerme a elas. Perdín o corazón e a estima dun marido que debía facer a miña felicidade. En pouco tempo todo o mundo me verá coma unha persoa que ten unha tola e violenta paixón. Aquel por quen a sinto xa non o ignora e foi por evitar estas desgrazas polo que arrisquei todo o meu repouso e mesmo a vida.

Estas tristes reflexións estaban seguidas dun torrente de bágoas pero por moita dor que a abafase, sentía que tería a forza de soportala se estivese satisfeita da conduta do señor de Nemours.

Este non estaba máis tranquilo. A imprudencia que cometera ao falar co vidamo de Chartres e as crueis consecuencias desta imprudencia causábanlle un desgusto mortal. Non podía imaxinarse, sen sufrir, a confusión, a turbación e a aflicción que lle vira á señora de Clèves. Arrepentíase de dicirlle cousas sobre esta historia que, aínda que galantes en si mesmas, parecíanlle, nese momento, groseiras e pouco corteses, porque lle daban a entender á señora de Clèves que non ignoraba que era ela a muller que sentía unha paixón violenta e que era por el. Todo o que desexaba era ter unha conversa con ela, pero pensaba que máis ben debería temela ca desexala.

– ¿Que lle podería dicir? –exclamou–. Irei aínda amosarlle o que xa lle amosei

demais? ¿Fareille ver que sei que me ama, eu que nunca ousei dicirlle que a amaba? ¿Comezarei a falarlle abertamente da miña paixón, a fin de parecerlle un home que se fixo ousado polas esperanzas? ¿Nin sequera podo pensar en achegarme a ela e ousarei causarlle a confusión de soportar verme? Non teño escusa, son indigno de ser mirado pola señora de Clèves e non espero que me volva mirar. Co erro que cometín proporcioneille mellores medios para protexerse contra min ca todos os que podería buscar e quizais inutilmente. Pola miña imprudencia perdo a felicidade e a sorte de ser amado pola persoa máis amable e estimable do mundo. Se perdese esta felicidade sen que ela sufrise e sen causarlle unha dor mortal, consolárame. Neste momento sinto máis o mal que lle fixen ca o que me fixen a min mesmo.

O señor de Nemours estivo moito tempo aflixíndose e pensando nas mesmas cousas. As ganas de falar coa señora de Clèves víñanlle sempre á mente. Pensou en encontrar os medios, pensou en escribirlle pero despois da falta que cometera e tendo en conta o estado dela, pensou que o mellor que podía facer era testemuñarlle un profundo respecto coa súa pena e co seu silencio, facerlle ver que nin ousaba presentarse diante dela e esperar o momento no que o azar e a inclinación dela por el puidesen actuar ao seu favor. Decidiu tamén non facerlle reproches ao vidamo de Chartres pola súa traizón por medo a fortalecer as súas sospeitas.

A petición de man da princesa, que se facía ao outro día, e o casamento ao día seguinte, ocupaban de tal forma a corte que a señora de Clèves e o señor de Nemours ocultaron facilmente a súa tristeza e a súa turbación ante o público. A delfina só lle falou de pasada á señora de Clèves da conversa que tiveran co señor de Nemours e o señor de Clèves xa non lle falou á súa muller do que pasara de xeito que non estivo tan incómoda como se imaxinaba.

Os sponsais fixéronse no Louvre e, tras o banquete e o baile, toda a casa real foi durmir ao bispado como era costume. Pola mañá, o duque de Alba, que sempre se vestía con moita sinxeleza, puxo un traxe de tisú de ouro e da cor do lume, de amarelo e de negro, todo cuberto de pedrerías e unha coroa cinguida á cabeza. O príncipe de Orange, tamén magnificamente vestido cos seus paxes, e todos os españois seguidos dos seus foron buscar o duque de Alba ao hotel de Villeroi onde estaba aloxado e marcharon, de catro en catro, para ir ata o bispado. Tan pronto como chegou, entraron por orde na igrexa: o rei acompañaba a princesa que levaba tamén unha coroa cinguida e a cola do vestido sostida polas señoritas de Montpensier e de Longueville. A raíña marchou a continuación pero sen coroa. Tras ela,

viñan a raíña delfina, a irmá do rei, a señora de Lorena e a raíña de Navarra coas colas dos vestidos agarradas por princesas. As doncelas das princesas e das raíñas ían moi ben vestidas coas mesmas cores ca aquelas de xeito que se identificaban as doncelas pola cor dos seus traxes. Subiron á tribuna que estaba preparada na igrexa e tivo lugar a cerimonia de matrimonio. Volveron despois cear ao bispado e, sobre as cinco, marcharon para ir ao palacio, onde se celebraba o festín e onde o parlamento, as cortes soberanas e a casa do concello estaban invitados. O rei, as raíñas, os príncipes e as princesas comeron na mesa de mármore na gran sala do palacio e o duque de Alba sentado a carón da nova raíña de España. Ao pé dos chanzos da mesa de mármore e á man dereita do rei, había unha mesa para os embaixadores, os arcebispos e os cabaleiros da orde e, do outro lado, unha mesa para os señores do parlamento.

O duque de Guisa, cun vestido de pano de ouro frisado, servíalle ao rei de mordomo, o príncipe de Condé, de panadeiro e o duque de Nemours de copeiro. Unha vez que levantaron as mesas, o baile comezou e foi despois interrompido por bailables e extraordinarios artificios. Continuou máis tarde e, despois de medianoite, o rei e toda a corte volveron ao Louvre. Por moi triste que a señora de Clèves estivese non deixou de parecerlle a todo o mundo, e sobre todo ao señor de Nemours, dunha beleza incomparable. Non se atreveu a falarlle, aínda que a confusión da cerimonia lle proporcionase varias oportunidades pero amosoulle tanta tristeza e un temor tan respectuoso por achegárselle que ela xa non o culpou, aínda que non dixera nada para xustificarse. Tivo o mesmo comportamento os días seguintes e este comportamento causou o mesmo efecto no corazón da señora de Clèves.

O día do torneo chegou, por fin. As raíñas dirixíronse cara ás galerías e colocáronse nas tribunas que lles destinaran. Os catro mantedores apareceron no extremo da liza, cunha cantidade de cabalos e de paxes que ofrecían o espectáculo máis magnífico que nunca houbo en Francia.

O rei non tiña outras cores ca o branco e o negro, que levaba sempre pola señora de Valentinois que estaba viúva. O señor de Ferrara e todo o seu séquito levaban o amarelo e o vermello. O señor de Guisa apareceu co encarnado e o branco: ao principio ninguén sabía a razón destas cores pero acordáronse de que eran as dunha guapa muller que amara cando estaba solteira e que seguía amando, aínda que xa non ousase amosarllo. O señor de Nemours levaba amarelo e negro. Buscaron inutilmente a razón pero só a señora de Clèves o adiviñou facilmente: acordouse de que dixera diante del que lle gustaba a cor amarela e que lle amolaba ser loura porque non podía poñela. Este príncipe creu que podía aparecer con esta

cor, sen indiscreción porque, como a señora de Clèves non a poñía, non podían sospeitar que fose a súa preferida.

Nunca se exhibira tanta habilidade coma a destes catro mantedores. Aínda que o rei fora o mellor home de cabalo do reino, non se sabía quen era o mellor. O señor de Nemours tiña un encanto en todas as accións que podía facer inclinar no seu favor persoas menos interesadas ca a señora de Clèves. Tan pronto como o viu aparecer no extremo da liza, sentiuna unha emoción extraordinaria e, custáballe ocultar a alegría cando este príncipe saíra vitorioso dunha proba.

Sobre a noitiña, cando todo estaba case acabado e estaban listos para retirarse, a desgraza do Estado fixo que o rei quixese aínda romper unha lanza. Mandoulle ao conde de Montgomery, que era extraordinariamente hábil, que fose á liza. O conde suplicoulle que o dispensase e alegou todas as escusas que se lle ocorreron, pero o rei, case encolerizado, obrigouno a aceptar. A raíña mandoulle dicir ao rei que lle pedía que non correse máis, que fixera todo tan ben que debía estar contento e que lle suplicaba que fose a onda ela. El respondeulle que era por amor a ela polo que ía correr de novo e entrou no campo. A raíña volveu mandar o señor de Savoia para rogarlle, por segunda vez, que viñese pero todo foi inútil. Correron; romperon as lanzas e unha estela da do conde deulle nun ollo ao rei quen caeu de golpe. Os seus escudeiros e o señor de Montmorency, que era un dos mariscais do campo, correron a acudirille. Estrañáronse de velo tan ferido pero o rei tranquilizounos. Dixo que era pouca cousa e que lle perdoaba ao conde de Montmorency. Pódese imaxinar a turbación e a aflición que este accidente tan funesto lle achegou a unha xornada destinada á diversión. Tan pronto como levaron o rei á cama e os cirurxiáns viron a ferida, encontrárona considerable. O condestable acordouse, nese momento, da predición que lle fixeran ao rei – que o matarían nun combate singular– e non dubidou de que a predición se cumpriría.

O rei de España que estaba entón en Bruxelas, ao ser advertido deste accidente, enviou o seu médico, que era un home de gran reputación, pero este mirou o rei sen esperanza.

Unha corte tan dividida e tan chea de intereses opostos non estaba nunha mediocre axitación a véspera dun acontecemento tan grande. Non obstante, todos os movementos eran ocultos e todo o mundo aparentaba ocuparse só da saúde do rei. As raíñas, os príncipes e as princesas case non saían da súa antecámara.

A señora de Clèves, sabía que tiña que estar alí, que vería o señor de Nemours e que non lle podería ocultar ao seu marido a confusión que isto lle causaba. Como sabía tamén que

a soa presenza deste príncipe o desculpaba aos seus ollos e destruía todas as súas resolucións, tomou a decisión de finxir estar enferma. A corte estaba demasiado ocupada para poñer atención na súa conduta e para descubrir se o seu mal era falso ou verdadeiro. Só o seu marido podía saber a verdade pero iso non lle molestaba. Así, quedou na casa, indiferente ao cambio que se preparaba e absolutamente abstraída nos seus propios pensamentos. Todo o mundo estaba preto do rei. O señor de Clèves viña a certas horas contarlle as novidades e mantiña con ela o mesmo comportamento de sempre, aínda que, cando estaban sós, había algo de máis frío e de menos libre. Non lle volvera falar do que pasara e ela non tiña tampouco o valor para facelo e mesmo pensara que non lles conviña volver ter esta conversa.

O señor de Nemours, que contara con encontrar algún momento para falar coa señora de Clèves, sorprendeuse e aflixiuse de non poder nin sequera vela. O mal do rei era tan grave que, ao sétimo día, foi desafiuzado polos médicos. Recibiu a certeza da súa morte cunha firmeza extraordinaria, máis admirable aínda porque perdía a vida por un desgraciado accidente e porque morría na flor da súa idade, feliz, adorado polo pobo e correspondido por unha amante que el amaba perdidamente. A véspera da súa morte mandou que se fixese o casamento da súa irmá co señor de Savoia, sen cerimonia. Pódese imaxinar o estado da señora de Valentinois. A raíña non lle permitiu que visitase o rei e mandou pedirlle os selos do príncipe e as pedras da coroa que tiña en custodia. Esta duquesa informouse de se o rei estaba morto e como lle responderon que non:

– Entón aínda non teño amo –dixo ela– e ninguén me pode obrigar a devolver o que a confianza do rei me puxo nas mans.

Tan pronto como morreu no castelo de Tournelles, o duque de Ferrara, o de Guisa e o de Nemours conduciron ao Louvre a raíña nai, o rei e a raíña, a súa muller. O señor de Nemours acompañaba a raíña nai. Cando xa comezaran a camiñar, esta recuou algúns pasos e díxolle á súa nora, a raíña, que era ela quen tiña que pasar diante pero era fácil ver que había máis acritude ca decoro neste cumprimento.

CUARTA PARTE

O cardeal de Lorena fixérase dono absoluto do ánimo da raíña nai e o vidamo de Chartres xa non obtiña ningún favor dela. O amor que sentía pola señora de Martigues e pola

liberdade impedíranlle mesmo sentir esta perda como merecía ser sentida. O cardeal, durante os dez días da agonía do rei, tivera tempo de formar os seus proxectos e de facerlle tomar á raíña decisións conformes co que el proxectara de forma que, tan pronto como o rei morreu, a raíña ordenoulle ao condestable que quedase en Tournelles ao lado do corpo do finado rei para realizar as cerimoniais ordinarias. Este encargo afastouno de todo e quitoulle a liberdade de actuar. Envioulle un correo ao rei de Navarra para que viñese rápido, a fin de oporse xuntos ao gran poder que vía que ían adquirir os señores de Guisa. Déronlle o mando dos exércitos ao duque de Guisa e as finanzas ao cardeal de Lorena. A duquesa de Valentinois foi expulsada da corte, fixeron volver o cardeal de Tournon, inimigo declarado do condestable, e o chanceler Olivier, inimigo declarado da duquesa de Valentinois. En fin, a corte cambiou totalmente de cara. O duque de Guisa adquiriu o rango dos príncipes de sangue para portar o manto do rei nas cerimoniais das exequias. El e os seus irmáns fixéronse totalmente donos, non só polo creto do cardeal ante a raíña, senón porque esta princesa creu que podería afastalos se lle inspiraban desconfianza e que non podería afastar o condestable, que estaba apoiado por príncipes de sangue.

Cando se acabaron as cerimoniais do enterro, o condestable foi ao Louvre e foi recibido polo rei con moita frialdade. Quixo falar con el a soas pero o rei chamou os señores de Guisa e díxolle, diante deles, que lle aconsellaba que descansase; que as finanzas e o mando dos exércitos estaban dados e que xa o chamaría cando precisase os seus consellos. A raíña nai recibiuo con máis frialdade aínda ca o rei e reprochoulle que lle dixera ao finado rei que os seus fillos non se parecían a el. O rei de Navarra chegou e non foi mellor recibido. O príncipe de Condé, menos paciente ca o seu irmán, queixouse duramente pero as súas queixas foron inútiles e afastárono da corte co pretexto de enviálo a Flandres asinar a ratificación da paz. Amosáronlle ao rei de Navarra unha falsa carta do rei de España que o acusaba de facer empresas contra as súas prazas; fixeron que tivese medo polas súas terras e inspiráronlle a idea de marchar a Bearn. A raíña forneceulle un medio de facelo outorgándolle a condución da señora Isabel e incluso lle obrigou a marchar antes ca ela. Deste xeito, non quedou ninguén na corte que puidese pór en perigo o poder da casa de Guisa.

Aínda que ao señor de Clèves lle amolou non levar el a señora Isabel, función que ansiaba menos polo honor ca porque era un medio de afastar a súa muller da corte sen que parecese adrede, non puido queixarse pola grandeza daquel que preferían.

Poucos días despois da morte do rei, decidiron ir a Reims para a coroación. Tan

pronto como falaron desta viaxe, a señora de Clèves que permanecera sempre na casa finxindo estar enferma, rogoulle ao seu marido que aceptase que ela marchase a Coulommiers tomar aire e coidar da súa saúde en vez de seguir a corte. El respondeulle que prefería non saber se era a súa saúde o que a obrigaba a non facer a viaxe pero que lle consentía non facela. Non lle custaba consentir unha cousa que xa decidira: por moi boa opinión que tivera da virtude da súa muller, vía que a prudencia lle indicaba que non a expuxese máis tempo á vista dun home que ela amaba.

O señor de Nemours soubo que a señora de Clèves non seguiría a corte e non puido marchar sen vela. A véspera da marcha, foi á casa dela tan tarde como o decoro o podía permitir a fin de encontrala soa. A fortuna favoreceu a súa intención. Cando entrou no vestíbulo, encontrou as señoras de Nevers e de Martigues que saían e que lle dixeron que a deixaran soa. Subiu cunha axitación e cunha turbación só comparables coas da señora de Clèves cando lle dixeron que o señor de Nemours viña vela. O medo que tivo de que lle falase da súa paixón, a apreensión de responderlle demasiado favorablemente, a inquietude que esta visita lle podía causar ao seu marido, a pena de ter que contarlla ou de ocultarlle todo, presentáronse nun momento na súa cabeza e causáronlle tanta incomodidade que decidiu evitar o que máis desexaba no mundo. Mandou unha das súas doncelas a xunto do señor de Nemours, que estaba na antecámara, para dicirlle que se encontraba mal e que sentía non poder recibir o honor que el lle quería facer. Que dor para aquel príncipe non ver a señora de Clèves e non vela porque ela non quería que a vise. Marchaba ao día seguinte e xa non tiña nada máis que esperar do azar. Non lle dixera nada desde a conversa na casa da delfina e cría que a imprudencia de falar co vidamo destruíra todas as súas esperanzas polo que marchou con todo o que pode agrear unha viva dor.

Tan pronto como a señora de Clèves estivo un pouco recuperada do turbación que lle causara a idea da visita daquel príncipe, desapareceron todas as razóns que lla fixeran refugar e mesmo sentiu que cometera unha equivocación e, se se atrevese ou aínda fose a tempo, mandaríase que o volvesen chamar.

As señoras de Nevers e de Martigues, ao saír de onda ela, foron á tertulia da raíña delfina onde se encontraba o señor de Clèves. A princesa preguntoulles de onde viñan e dixéronlle que da casa da señora de Clèves onde pasaran unha parte da tarde con moita xente e que só quedara o señor de Nemours. Estas palabras, que crían tan indiferentes, non o eran para o señor de Clèves. Aínda que debía imaxinarse que o señor de Nemours podía encontrar con frecuencia ocasións de falar coa súa muller, a idea de que estaba a soas con ela e que lle

podía falar do seu amor pareceulle nese momento unha cousa tan nova e tan insoportable que os celos se acenderon no seu corazón con máis violencia ca nunca. Foille imposible seguir na casa da raíña, e volveu, sen saber por que volvía nin se tiña a intención de ir interromper o señor de Nemours. Tan pronto como se achegou á casa, buscou algún indicio que lle puidese dicir se aquel príncipe seguía alí aínda. Sentiuse aliviado ao ver que non e encontrou certa tranquilidade en pensar que non debiera quedar moito tempo. Imaxinouse que talvez non fose do señor de Nemours de quen debía estar celoso, e buscaba dudar pero había tantas cousas que o persuadían que non podía permanecer moito tempo coa incerteza que desexaba. Foi primeiro ao cuarto da súa muller e, despois de falarlle algún tempo de cousas indiferentes, non puido absterse de preguntarlle que fixera e a quen vira. E ela contoulle. Como viu que non lle nomeaba o señor de Nemours, preguntoulle, tremendo, se non vira a ninguén máis para darlle a posibilidade de que lle nomease este príncipe e non sentirse enganado por ela. Como non o vira, non o nomeou e o señor de Clèves, volvendo tomar a palabra cun ton que denotaba a súa aflición, preguntou:

– ¿E non viu o señor de Nemours ou é que se esqueceu?

– Non o vin, en efecto –respondeu ela–, encontrábame mal e mandei unha das doncelas para que me escusase.

– Só se encontra mal para el, entón –dixo o señor de Clèves–, pois se viu a todo o mundo, ¿por que fai esas distincións co señor de Nemours? ¿Por que non é coma os outros para vostede? ¿Por que teme velo? ¿Por que lle deixa ver que o teme? Por que lle fai saber que vostede usa o poder que a súa paixón lle dá sobre el? ¿Ousaría negarse a velo se non soubese que el distingue os seus rigores da descortesía? ¿Pero por que ten que ter rigores con el? Dunha persoa coma vostede, señora, todo son favores agás a indiferenza.

– Non creo –dixo a señora de Clèves–, por moitas sospeitas que teña do señor de Nemours, que poida facerme reproches por non velo.

– Pois fágollos, señora, e están ben fundados. ¿Por que non velo se non lle dixo nada? El falou con vostede; se só lle amosase a súa paixón co seu silencio, non lle causaríaa unha impresión tan grande. Non puido dicirme toda a verdade, ocultoume a maior parte e mesmo se arrepeniu do pouco que me confesou e non tivo o valor de continuar. Son máis desgraciado do que pensaba e o máis desgraciado de todos os homes. Vostede é a miña muller, eu ámoa coma a miña amante e vexo que ama outro home. Este outro é o máis agradable que hai na corte, vea todos os días e sabe que o ama. ¡Como puiden crer – exclamou– que superaríaa a paixón que sente por el...? Cómpre que perdera a razón para crer

que era posible.

– Non sei –dixo con tristeza a señora de Clèves–, se se equivocou xulgando favorablemente un proceder tan extraordinario coma o meu pero creo que me equivoquei crendo que vostede sería xusto comigo.

– Non o dubide, señora –replicou o señor de Clèves–, equivocouse. Esperou de min cousas tan imposibles coma eu de vostede. ¿Como podía esperar que conservase a razón? ¿Esqueceuse de que a amo perdidamente e de que son o seu marido? Unha destas dúas cousas poden levar aos extremos, ¿que non van poder as dúas xuntas? ¿Que non fan xa? –continuou–. Só teño sentimentos violentos e incertos que non podo dominar. Xa non me encontro digno de vostede e vostede xa non me parece digna de min. Adóroa, ódioa; oféndoa, pídlle perdón; admíroa, avergónzome de admirala. En fin, xa non hai en min calma nin razón. Non sei como puiden vivir desde que me falou en Coulommiers e desde o día no que oíu da delfina que se coñecía a súa aventura. Non podería saber como se coñeceu nin que pasa entre vostede e o señor de Nemours sobre este tema; nunca mo explicará e non lle pido que me explique nada. Só lle pido que se acorde de que me fixo o home máis infeliz do mundo.

O señor de Clèves saíu de onda a súa muller despois de dicir estas palabras e marchou ao outro día sen vela pero escribiulle unha carta chea de aflición, de honestidade e de dozura. Ela mandoulle unha resposta tan emocionada e tan chea de seguridades da súa conduta pasada e da que tería no futuro que, como as súas seguridades estaban fundadas na verdade e eran un efecto dos sentimentos, esta carta impresionou o señor de Clèves e deulle certa calma. Como o señor de Nemours ía buscar o rei coma el, tiña a tranquilidade de saber que non estaría no mesmo lugar ca a señora de Clèves. Cada vez que esta princesa lle falaba ao seu marido, a paixón que el lle testemuñaba, a honestidade do seu comportamento, o cariño que ela sentía por el e o que lle debía, causaban unha impresión no seu corazón que debilitaba a idea do señor de Nemours, pero só por algún tempo pois volvía logo máis viva e máis forte ca antes.

Os primeiros días tras a marcha do príncipe, apenas sentiu a súa ausencia; despois pareceulle cruel. Desde que o amaba, non houbera un día que non temese ou esperase velo e sentiu pena ao pensar que xa non dependía da casualidade que o vise.

Marchou a Coulommiers e, ao marchar, fixo que lle levasen uns cadros grandes que o señor de Clèves fixera copiar dos orixinais da señora de Valentinois, para a súa bonita casa de Anet, onde estaban representadas todas as accións destacables que tiveran lugar durante o reinado do finado rei. Entre outras aparecía o asedio de Metz e todos os que se distinguiran

alí estaban pintados con moito parecido. O señor de Nemours estaba tamén e quizais fose a razón pola que a señora de Clèves quería posuír aqueles cadros.

A señora de Martigues, que non puidera marchar coa corte, prometeulle ir pasar algúns días a Coulommiers. O feito de compartir o favor da raíña non espertaba envexa nin afastamento entre elas e eran amigas sen, non obstante, se confiar os seus sentimentos. A señora de Clèves sabía que a señora de Martigues amaba o vidamo, pero a señora de Martigues non sabía que a señora de Clèves amaba o señor de Nemours nin que fose amada por el. A calidade de sobriña do vidamo facía que a señora de Martigues lle quixese máis á señora de Clèves e a señora de Clèves amábaa coma unha persoa que tiña unha paixón coma ela e que a tiña polo amigo íntimo do seu amante.

A señora de Martigues foi a Coulommiers, como llo prometera á señora de Clèves e encontrouna moi soa. Esta princesa buscara a forma de estar soa e de pasar as noitiñas nos xardíns sen os seus criados. Ía ao pavillón onde o señor de Nemours a escoitara e entraba no gabinete que daba ao xardín. As súas doncelas e criados quedaban noutro gabinete, ou no pavillón, e só ían a onda ela se os chamaba. A señora de Martigues nunca vira Coulommiers e quedou sorprendida con todas as belezas e, sobre todo, co encanto do pavillón. A señora de Clèves e ela pasaban alí todas as tardes. A liberdade de encontrarse soas pola noite, no lugar máis bonito do mundo, non deixaba acabar a conversa entre dúas persoas que levaban violentas paixóns no corazón e que, aínda que non se fíxesen confidencias, sentíanse moi a gusto cando falaban. Á señora de Martigues custaríalle deixar Coulommiers se, ao deixalo, non fose a Chambord, onde estaba entón a corte e o vidamo.

A coroación fora feita en Reims polo cardeal de Lorena e a corte tiña que pasar o resto do ano no castelo de Chambord, construído de había pouco. A raíña amosou moita alegría ao volver a ver a señora de Martigues e, despois de manifestarlla, preguntoulle, en presenza do señor de Nemours e do señor de Clèves, que estaban entón coa raíña, como estaba a señora de Clèves e que facía no campo. A señora de Martigues, que encontrara Coulommiers admirable, contoulle todas as beldades e estendeuse na descrición do pavillón do bosque e no pracer da señora de Clèves de pasear soa por alí unha parte da noite. O señor de Nemours, que coñecía bastante o sitio para entender o que dicía a señora de Martigues pensou que non era imposible que puidese ver a señora de Clèves sen que ela o vise. Fíxolle algunhas preguntas á señora de Martigues para saber máis aínda e o señor de Clèves, que o observara mentres a señora de Martigues falaba, intuía o que lle pasaba nese momento pola mente. As preguntas daquel príncipe confirmáronlle este pensamento de xeito que non

dubidou de que tivese a intención de ir ver a súa muller. Non se enganaba nas súas sospeitas. Este proxecto adquiriu tal forza na mente do señor de Nemours que, despois de pasar a noite a pensar nos medios de executalo, ao outro día pola mañá, pediulle permiso ao rei para ir a París, cun pretexto inventado.

O señor de Clèves non tivo dúbidas do motivo da viaxe pero decidiu asegurarse da conduta da súa muller e non permanecer nunha cruel incerteza. Tivo ganas de partir ao mesmo tempo ca o señor de Nemours e ir el mesmo, escondido, descubrir que éxito tería aquela viaxe pero, temendo que a súa marcha chamase a atención e que o señor de Nemours, ao ser advertido, cambiase de plans, decidiu fiarse dun xentilhome seu, intelixente e fiel. Contoulle en que apuro estaba e cal fora, ata entón, a actitude da señora de Clèves e ordenoulle marchar tras os pasos do señor de Nemours, observalo con atención, ver se ía a Coulommiers e se pola noite entraba no xardín.

O xentilhome, que era moi capaz de tal encargo, cumpriuno con toda a exactitude imaxinable. Seguiu o señor de Nemours ata unha aldea, a unha media legua de Coulommiers, onde o príncipe parou e o xentilhome adiviñou que o facía para esperar a noite. Non creu conveniente esperar; pasou a aldea e foi ao bosque, ao lugar por onde pensaba que o señor de Nemours podía pasar e non se enganou en todo o que pensara. Tan pronto como veu a noite, oíu pasos, e aínda que estivese ás escuras, recoñeceu facilmente o señor de Nemours. Viu que facía o paseo do xardín, para escoitar se oía alguén e para escoller o lugar polo que podía pasar máis facilmente. Os valados eran altos e dobres para impedir a entrada de xeito que era bastante difícil pasar. Non obstante, o señor de Nemours conseguiu. Tan pronto como estivo no xardín, non lle custou ver onde estaba a señora de Clèves. Viu moitas luces no gabinete, todas as fiestras estaban abertas e, escoándose ao longo do valado, achegouse cunha turbación e cunha emoción fáciles de imaxinar. Colocouse detrás dunha das fiestras, que servía de porta, para ver que facía a señora de Clèves. Estaba soa e pareceulle dunha beleza tan admirable que case non dominaba o arrebatado que lle causou vela. Ía calor e tiña a cabeza e a gorxa descubertas e o cabelo confusamente recollido. Estaba recostada nun diván, cunha mesa diante onde tiña varios cestos cheos de cintas. O señor de Nemours viu que escollía algunhas e deuse conta de que eran das mesmas cores que el levara no torneo. Viu que estaba facendo nós nunha cana das Indias, moi extraordinaria, que fora del antes e que lla dera á súa irmá, a quen a señora de Clèves lla collera sen aparentar non recoñecela coma pertencente ao señor de Nemours. Unha vez que acabou aquel labor cunha graza e cunha dozura que deixaban ver sobre o seu rostro o que sentía no corazón, colleu un candelabro e púxose cerca

dunha mesa grande, en fronte do cadro do asedio de Metz onde estaba o retrato do señor de Nemours. Sentou e púxose a observar o retrato cunha atención e cunha melancolía que só a paixón pode inspirar.

Non se pode expresar o que sentiu o señor de Nemours nese momento. Ver no medio da noite, no lugar máis bonito do mundo, unha persoa que adoraba, vela sen que ela o soubese e ocupada en cousas que tiñan que ver con el e coa paixón que ela lle ocultaba é algo que ningún outro amante degustou nin imaxinou.

Este príncipe estaba tan fóra de si que permaneceu inmóbil observando a señora de Clèves, sen pensar que aqueles momentos eran preciosos. Cando se recuperou un pouco, pensou que debía esperar a que fose ao xardín para falarlle. Creu que alí o podería facer con máis seguridade porque estaría apartada das súas doncelas pero, vendo que permanecía no gabinete, tomou a decisión de entrar. ¡Que turbación sentiu cando o quixo facer! ¡Que temor de desgustala! ¡Que medo de que aquel rostro tan doce adquirise a expresión da severidade e da cólera!

Decatouse de que era unha loucura non só ir ver a señora de Clèves sen ser visto, senón tamén pensar en deixarse ver. Considerou todo o que aínda non examinara. Parecelle que era extravagante no seu atrevemento de ir sorprenden, pola noite, unha persoa á que nunca lle falara do seu amor aínda. Pensou que non debía pretender que ela o quixese escoitar e que tería unha xusta cólera polo perigo ao que a expoñía. Abandonouno toda a súa coraxe e estivo varias veces a piques de tomar a resolución de marchar sen que o vise. Impulsado, non obstante, polo desexo de falar con ela e tranquilo polas esperanzas que lle daba todo o que vira, avanzou algúns pasos, pero con tanta torpeza que unha bufanda que tiña se enganhou na ventá e fixo ruído. A señora de Clèves xirou a cabeza e, fose porque estaba pensando neste príncipe ou que el estivese nun lugar onde había suficiente luz coma para que ela o puidese distinguir, creu recoñecelo e, sen vacilar nin mirar para o lado no que el estaba, marchou para onde estaban as súas doncelas. Ocorrúeselle dicir que se encontraba mal para ocultar a súa turbación e tamén para ocupar toda a súa xente e para darlle ao señor de Nemours o tempo de marchar. Cando se detivo a reflexionar pensou que se enganara e que fora un efecto da súa imaxinación crer ver o señor de Nemours. Sabía que el estaba en Chambord e non lle parecía posible que intentase algo tan arriscado. Por varias veces sentiu ganas de entrar no gabinete e ir ver se había alguén no xardín. Quizais desexase, tanto como temía, encontrar alí o señor de Nemours, pero á fin a razón e a prudencia arrastrárona por riba de todos os outros sentimentos e viu que máis valía quedar coa dúbida ca arriscarse a descubrir a verdade.

Estivo moito tempo sen decidirse a saír daquel sitio porque pensaba que o príncipe estaba próximo e era case de día cando volveu ao palacio.

O señor de Nemours quedou no xardín mentres viu luz porque non perdera a esperanza de volver ver a señora de Clèves, aínda que estivese convencido de que ela o recoñecera e que saíra para evitalo. Non obstante, vendo que pechaban as portas, pensou que non tiña nada máis que esperar e foi coller o seu cabalo moi cerca do lugar onde esperaba o xentilhome do señor de Clèves. Este seguiu ata a aldea, de onde marchara pola noite. O señor de Nemours decidiu pasar alí todo o día co fin de volver pola noite a Coulommiers, para ver se a señora de Clèves tiña aínda a crueldade de escapar del ou a de non exporse a que a vira. Aínda que se sentía feliz por encontrala tan ocupada pensando nel, tamén estaba moi aflixido por ver nela un movemento tan natural de fuxirille.

Nunca houbo paixón tan tenra nin violenta coma a deste príncipe entón. Sentouse debaixo duns salgueiros, á beira dun pequeno arroio que fluía por detrás da casa na que estaba escondido, afastouse o máximo posible, para que ninguén o vise nin oíse e abandonouse ao arrebatado do seu amor. O seu corazón sentiuse tan presionado que tivo que deixar caer algunhas bágoas, non só produto da dor senón tamén da dozura e do encanto exclusivos do amor.

Púxose a repasar todas as accións da señora de Clèves desde que se namorara dela e viu o rigor honesto e modesto que tivera sempre para el, aínda que o amase.

– Aínda que me ama –díciame el–, ela ámame, non teño dúbida, pois as promesas e os favores máis grandes non son mostras tan seguras coma as que ela me deu, trátame co mesmo rigor ca se me odiase. Tiña confianza no tempo e xa non debo esperar nada, pois véxoa defenderse sempre da mesma maneira contra min e contra ela mesma. Se non me amase, pensaría en gustarlle, pero gústolle, ámame e ocúltame. ¿Que podo esperar do meu destino? ¿Como? ¿Serei amado pola persoa máis amable do mundo e só gozarei dese exceso de amor que dan as primeiras certezas de ser correspondido para sentir mellor a dor de ser maltratado? ¡Déixeme ver que me ama, bela princesa –exclamou–, déixeme ver os seus sentimentos! Con tal de coñecelos por vostede unha vez na miña vida, acepto que volva a tratarme para sempre coa dureza coa que me sufoca. Míreme polo menos cos mesmos ollos cos que lle vin mirar o meu retrato. ¿Pode observalo con tanta dozura e escapar de min tan cruelmente? ¿Que teme? ¿Por que teme tanto o meu amor? Ámame e ocúltame inutilmente pois dáme mostras involuntarias do seu amor. Coñezo a miña fortuna, déixeme gozar dela e deixe de facerme desgraciado. ¿É posible –volvía dicir– que a señora de Clèves me ame e que sexa

desgraciado? ¡Que bela estaba esta noite! ¿Como puiden resistir as ganas de botarme aos seus pés? Se o fixese, quizás lle impedise escapar porque o meu respecto a tranquilizaría. Talvez non me recoñeceu e me aflixo máis do debido e ver un home a tal hora a asustou.

Estes mesmos pensamentos ocuparon todo o día o señor de Nemours. Esperou a noite con impaciencia e cando chegou tomou o camiño de Coulommiers. O xentilhome do señor de Clèves, que se disfrazara para non ser recoñecido, seguiu ata o mesmo lugar da noite anterior e viu entrar no xardín. O príncipe soubo logo que a señora de Clèves non quixera arriscarse a que el intentase vela outra vez e todas as portas estaban cerradas. Foi por todos os lados para ver se vía luces pero foi inútil.

A señora de Clèves, por se o señor de Nemours volvía, quedara no cuarto. Temía non conservar o valor de escapar del e non quería arriscarse a falarlle dunha maneira tan pouco conforme á conduta que tivera ata entón.

Aínda que o señor de Nemours non tivese ningunha esperanza de vela, non foi capaz de saír inmediatamente dun sitio no que ela estaba tan frecuentemente. Pasou a noite enteira no xardín e encontrou certo consolo en ver, polo menos, os mesmos obxectos que ela vía todos os días. Fíxose de día antes de que el pensara en retirarse e á fin o medo a ser descuberto obrigouno a marchar.

Foille imposible afastarse sen ver a señora de Clèves así que foi ver a señora de Mercoeur, que estaba entón na casa que tiña cerca de Coulommiers. Esta quedou sorprendida ante a chegada do seu irmán quen inventou unha escusa para a súa viaxe, bastante verosímil para enganala, e axeitou tan habilmente o seu desexo que conseguiu que ela mesma lle propuxese ir visitar a señora de Clèves. Esta proposición foi cumprida no mesmo día e o señor de Nemours díxolle á súa irmá que a deixaría en Coulommiers para volver rapidamente a onda o rei aínda que o que planeaba era deixala en Coulommiers coa intención de esperar que ela marchase antes e encontrar un xeito infalible de falar coa señora de Clèves.

Cando chegaron, a señora de Clèves estaba dando un paseo por unha avenida que bordea o parterre. Ver o señor de Nemours causoulle bastante confusión e xa non dubidou de que fora el quen vira a noite precedente. Esta certeza causoulle certo impulso de cólera, pola ousadía e pola imprudencia do seu intento. O príncipe notou unha impresión de frialdade sobre o seu rostro o que lle provocou unha sensible dor. Conversaron sobre cousas diferentes e, con todo, el encontrou a maneira de amosar tanta intelixencia, tanta compracencia e tanta admiración pola señora de Clèves que dissipou, contra a vontade dela, unha parte da frialdade que tiña ao principio.

Cando se sentiu un pouco máis tranquilo, expresou unha extrema curiosidade por ir ver o pavillón do bosque. Falou del coma do lugar máis agradable do mundo e fixo unha descrición del tan particular que a señora de Mercoeur lle dixo que debera ter estado varias veces para coñecer tan ben todas as belezaas do pavillón.

– Pois eu non o creo –dixo a señora de Clèves– porque é un lugar acabado de hai pouco.

– Non hai moito tempo que estiven –dixo o señor de Nemours mirándoa– e non sei se teño que estar contento de que se esquecese de que me viu.

A señora de Mercoeur, que miraba a beleza dos xardíns, non prestara atención ao que o seu irmán dixera. A señora de Clèves púxose rubia e, sen mirar o señor de Nemours, díxolle:

– Non me acordo de velo e, se estivo, foi sen que eu o soubese.

– É certo, señora –replicou o señor de Nemours–, que estiven sen o seu permiso e que pasei os máis doces e os máis crueis momentos da miña vida.

A señora de Clèves entendía perfectamente todo o que dicía aquel príncipe, pero non dicía nada. Pensou en impedir que a señora de Mercoeur entrase no gabinete porque alí estaba o retrato do señor de Nemours e non quería que ela o vise. Actuou tan ben que o tempo pasou sen dárense de conta e a señora de Mercoeur falou de marchar. Cando a señora de Clèves viu que o señor de Nemours e a súa irmá non marchaban xuntos decatouse de a que ía estar exposta e sentiu a mesma confusión que sentira cando estaba en París e tomou a mesma decisión. O temor de que aquela visita fose de novo unha confirmación das sospeitas do seu marido contribuíu a determinala e para evitar que o señor de Nemours quedase a soas con ela, díxolle á señora de Mercoeur que ía acompañala ata o linde do bosque e ordenou que a seguise a súa carroza. A dor que sentiu o príncipe ao encontrar sempre os mesmos rigores na señora de Clèves foi tan violenta que palideceu ao momento. A señora de Mercoeur preguntoulle se se encontraba mal pero el mirou a señora de Clèves, sen que ninguén se dese conta, e fíxolle ver coas súas miradas que o seu único mal era desesperación. Non obstante, tivo que deixar que marchasen sen ousar seguilas e, despois do que dixera, non podía volver coa súa irmá, así que volveu a París e marchou ao outro día.

O xentilhome do señor de Clèves observáralo sempre. Volveu a París e, como viu que o señor de Nemours marchaba para Chambord, colleu a posta para chegar diante del e informar da súa viaxe. O seu amo esperaba a súa volta coma o que ía decidir a desgraza de toda a súa vida.

Tan pronto como o viu, xulgou, pola súa cara e polo seu silencio, que tiña malas novas para contarlle. Quedou algún tempo presa da aflición, coa cabeza baixa, sen poder falar e finalmente acenoulle coa man para que se retirase.

– Marche –díxolle–, vexo o que ten que dicirme pero non teño valor para escoitalo.

– Non teño nada que contarlle –respondeulle o xentilhome– do que se poida deducir algo seguro. É verdade que o señor de Nemours entrou dúas noites seguidas no xardín do bosque e que estivo ao día seguinte en Coulommiers coa señora de Mercoeur.

– Abonda –replicou o señor de Clèves–, abonda –facéndolle outra vez un aceno para que marchase–, non necesito maior esclarecemento.

O xentilhome tivo que deixar o seu amo abandonado á desesperación. Quizais nunca vira unha tan violenta e poucos homes dunha coraxe tan grande e cun corazón tan apaixonado coma o señor de Clèves, sentiron ao mesmo tempo a dor que causa a infidelidade dunha amante e a humillación de ser enganado por unha esposa.

O señor de Clèves non puido resistir o sufoco. Esa mesma noite empezou a ter febre e con tantas complicacións que, desde ese momento, a súa enfermidade pareceu moi perigosa.

Mandáronlle aviso á señora de Clèves e esta veu rapidamente. Cando chegou, empeorara e notou nel algo tan frío e tan xélido para ela que quedou extremadamente sorprendida e aflixida. Mesmo parecía que recibía con pena os coidados que ela lle ofrecía e pensou que quizais fose un efecto da súa enfermidade.

Tan pronto como chegou a Blois onde estaba entón a corte, o señor de Nemours non puido evitar sentirse feliz de saber que ela ía estar no mesmo lugar ca el. Intentou vela e ía todos os días á casa do señor de Clèves co pretexto de informarse da súa enfermidade pero foi inútil. Ela non abandonaba o cuarto do seu marido e sufría moito polo estado no que o vía. O señor de Nemours estaba desesperado pola dor dela pois podía imaxinar como renovaba o seu cariño polo señor de Cleves e que perigoso era este cariño para a paixón que ela sentía. Este sentimento causoulle unha pena mortal durante algún tempo pero a extremidade do mal do señor de Clèves abriulle novas esperanzas. Viu que quizais a señora de Clèves quedase libre para seguir o seu desexo e que el podería encontrar no futuro unha continuación de felicidade e de pracer duradeiros. Non podía manter este pensamento, pola turbación e polo transporte que lle causaba, e afastábo da súa mente por medo a sentirse demasiado desgraciado, se chegaba a perder as esperanzas.

O señor de Clèves estaba practicamente desafiuzado polos médicos. Un dos últimos días da súa enfermidade, despois de pasar unha noite moi mala, dixo, contra a mañá, que

quería descansar. A señora de Clèves quedou soa con el no cuarto e parecía que en lugar de descansar, estaba moi inqueda. Achegouse e púxose de xeonllos ante o seu leito, co rostro cheo de bágoas. O señor de Clèves resolvera non amosarlle a pena que sentía aínda por ela pero as súas atencións e a súa aflición, que lle parecía algunhas veces verdadeira e outras veces mostras de hipocrisía e de perfidia, causábanlle uns sentimentos tan opostos e tan dolorosos que non podía ocultalos.

– Verte moitas bágoas, señora –díxolle–, por unha morte que vostede mesma provoca e que non lle pode causar a dor que aparenta. Xa non estou en situación de facerlle reproches –continuou cunha voz debilitada pola enfermidade e pola dor–, pero morro polo cruel desgusto que me causou. ¿Por que unha acción tan extraordinaria coma a que tivo en Coulommiers tivo tan pouca continuidade? ¿Para que descubirme a súa paixón polo señor de Nemours, se a súa virtude xa non a podía resistir? Amábaa tanto que ata estaba contento de ser enganado, confésoo con vergonza, e boto de menos o falso repouso do que me tirou. ¿Por que non me deixou nesa cegueira tranquila da que gozan tantos maridos? Quizais ignorase, durante toda a miña vida, que amaba o señor de Nemours. Vou morrer –engadiu– pero saiba que vostede fai que a morte me sexa agradable e que despois de quitarme a estima e a tenrura que sentía por vostede, a vida daríame horror. ¿De que me valería a vida –exclamou– se a paso cunha persoa que tanto ameí e que me enganou tan cruelmente, ou se teño que vivir separado dela e chegar a un escándalo e a violencias tan opostas ao meu carácter e á paixón que sinto por vostede? A miña paixón era superior á que viu, señora, pois oculteille a maior parte por medo a importunala ou a perder algo da súa estima con maneiras que non lle conveñen a un marido. En fin, eu merecía o seu corazón e de novo digo que morro sen pesar, pois non podo telo e xa non podo desexalo. Adeus, señora, algún día botará de menos un home que a amaba cunha paixón verdadeira e lexítima. Sufrirá o que sofren as persoas razoables ao verse nesas leas amorosas e saberá a diferenza de ser amada por un home coma min a selo por persoas que, testemuñándolle amor, só buscan o honor de seducila. Coa miña morte quedará en liberdade –engadiu– e poderá facer feliz o señor de Nemours sen cometer un crime. ¿Que importa o que suceda cando xa non estea eu e por que teño a debilidade de pensar niso?

A señora de Clèves non podía imaxinarse que o seu marido sospeitase dela e escoitaba todo sen comprender pois pensaba que el lle reprochaba a súa inclinación polo señor de Nemours. Á fin, saíndo de súpeto da súa cegueira:

– ¡Eu, crimes! –exclamou–, nin sequera pensei niso. A virtude máis austera non pode

inspirar outra conduta ca a que tiven e nunca cometín unha acción da que non desexase que vostede fose testemuña.

– ¿Desexaría –replicou o señor de Clèves, mirándoa con desprezo– que fose testemuña das noites que pasou co señor de Nemours? Ah, señora, ¿falo de vostede, cando falo dunha muller que pasou noites cun home?

– Non, señor –dixo ela–, non é de min de quen fala. Nunca pasei noites nin momentos co señor de Nemours. Nunca me viu a soas, nunca o consentín, nin o escoitei e podo facerlle todo tipo de xuramentos...

– Non continúe –interrompeu o señor de Clèves–, uns falsos xuramentos causaríanme a mesma pena ca unha confesión.

A señora de Clèves non podía responder pois as bágoas e a dor impedíanlle falar. Por fin, facendo un esforzo:

– Míreme polo menos, escóitame –díxolle–. Se só fose polo meu interese soportaría eses reproches en silencio pero trátase da súa vida. Escóitame, por amor a si mesmo: é imposible que con tanta verdade non o convenza da miña inocencia.

– Oxalá me puidese convencer –exclamou– pero, ¿que pode dicirme? ¿O señor de Nemours non estivo en Coulommiers coa súa irmá? ¿E non pasara as dúas noites anteriores con vostede no xardín do bosque?

– Se é ese o meu crime –dixo ela–, éme fácil de xustificar. Non lle pido que me crea a min pero crea o que din os criados e pregunte se fun ao xardín do bosque o día antes de que o señor de Nemours veu a Coulommiers e se non marchei de alí dúas horas máis cedo ca de costume a noite anterior.

Contoulle entón como lle parecera ver a alguén no xardín. Confesoulle que crera que era o señor de Nemours. Faloulle con tanta seguridade e a verdade convence tan facilmente, mesmo cando non é verosímil, que o señor de Clèves quedou case persuadido da súa inocencia.

– Non sei –díxolle– se debo crela. Síntome tan próximo á morte que non quero ver nada que me poida facer botar de menos a vida. Aclaroume todo demasiado tarde pero polo menos será un alivio levar o pensamento de que é digna da estima que sentín por vostede. Rógolle que me dea o consolo de crer que o meu recordo lle será querido e que, se de vostede dependese, tería por min os sentimentos que sente por outro.

Quixo continuar pero un esvaeemento impediulle falar. A señora de Clèves fixo vir os médicos que o encontraron case sen vida. Languideceu aínda algúns días e morreu á fin

cunha conformidade admirable.

A señora de Clèves quedou nunha aflición tan violenta que case perdeu o uso da razón. A raíña foina ver rapidamente e levouna a un convento sen que ela soubese a onde a conducían. As súas cuñadas volveron levala a París, porque aínda non estaba en estado de afrontar a dor. Cando comezou a ter a forza de examinala, cando se deu conta do marido que perdera e considerou que era a culpable da súa morte, o horror que sentiu por si mesma e polo señor de Nemours non se pode expresar.

Este príncipe non ousou, ao principio, amosarlle outras atencións ca as recomendadas polo decoro. Coñecía bastante a señora de Clèves para crer que unha maior prontitude lle resultaría desagradable e o que oíu despois fíxolle ver que debía manter durante moito tempo a mesma actitude.

Un escudeiro seu contoulle que o xentilhome do señor de Clèves, o seu amigo íntimo, lle dixera, coa pena de perder o seu amo, que a viaxe do señor de Nemours a Coulommiers era a causa da morte daquel. O señor de Nemours quedou extremadamente sorprendido ao oír isto pero despois de reflexionar adiviñou unha parte da verdade e deuse conta de cales serían ao principio os sentimentos da señora de Clèves e que afastamento tería del, se cría que o mal do seu marido fora causado polos celos. Mesmo creu que o mellor era non facerlle acordarse tan axiña do seu nome e seguiu esta conduta, por moi dura que parece.

Fixo unha viaxe a París e non puido evitar, non obstante, ir á súa casa para saber novas dela. Dixéronlle que non vía a ninguén e que mesmo prohibira que lle deran conta daqueles que a fosen buscar. Quizais dera estas ordes tan exactas en vista deste príncipe e para non oír falar del. O señor de Nemours estaba demasiado namorado para poder vivir absolutamente privado de ver a señora de Clèves. Decidiu encontrar o xeito, por moi difícil que puidese parecer, de saír dun estado que lle parecía tan insoportable.

A dor desta princesa excedía os límites da razón. Aquel marido moribundo e que, mesmo cando estaba morrendo a causa dela, lle amosaba tanta tenrura non lle saía da cabeza. Repasaba incesantemente todo o que lle debía e cría que cometera un crime por non sentir paixón por el, coma se iso dependese dela. Só encontraba consolo pensando que o botaba de menos tanto como el merecía e que non faría no resto da súa vida nada que non faría se estivese vivo.

Preguntouse varias veces como soubera que o señor de Nemours fora a Coulommiers, non sospeitaba que el mesmo llo contase e mesmo lle parecía indiferente que llo dixese, pois críase curada e afastada da paixón que sentira por el. Sentía, con todo, unha dor intensa ao

imaxinar que el causara a morte do seu marido e acordábase con pena do temor que o señor de Clèves lle manifestara de que ao morrer casara con aquel, pero todas estas dores se confundían coa da perda do seu marido e cría non ter outra.

Despois de varios meses, saíu daquela violenta aflicción e pasou a un estado de tristeza e de languidez. A señora de Martigues fixo unha viaxe a París e visitouna durante a súa estadía e, aínda que a señora de Clèves non parecía ter interese, a súa amiga non deixaba de falarlle para distraela.

Contoulle novas do vidamo, do señor de Guisa e de todos os outros que se distinguían pola súa persoa e polo seu mérito.

– Tocante ao señor de Nemours –díxolle–, non sei se os negocios tomaron no seu corazón o lugar da galantería pero ten moita menos alegría ca de costume e parece moi retirado das relacións coas mulleres. Fai con frecuencia viaxes a París e creo que está aquí agora.

O nome do señor de Nemours sorprendeu a señora de Clèves e fixo que se ruborizase. Cambiou de conversa e a señora de Martigues non se deu conta da súa turbación.

Ao outro día, esta princesa, que buscaba ocupacións conformes ao seu estado, foi a cerca da casa dela ver un home que facía obras de seda dunha maneira moi orixinal porque tiña a intención de facer unhas parecidas. Despois de que aquel llas amosase, foi cara á porta dun cuarto no que creu que tiña aínda máis e díxolle que lla abrise. O dono respondeulle que non tiña a chave e que o cuarto estaba ocupado por un home que ía alí algunhas veces polo día para pintar bonitas casas e xardíns que se vían desde as ventás.

– É o home mellor feito do mundo –engadiu– e non ten aspecto de ter que gañar a vida. Sempre que vén aquí, véxoo observar as casas e os xardíns pero nunca o vexo traballar.

A señora de Clèves escoitaba aquilo con moita atención. O que lle dixera a señora de Martigues, que o señor de Nemours estaba algunhas veces en París, asociouse na súa imaxinación a aquel home guapo que viña a cerca da súa casa e veulle a idea do señor de Nemours e do señor de Nemours aplicado en vela, o que lle causou unha turbación confusa, da que nin ela mesma coñecía a causa. Achegouse ás fiestras para ver cara a onde daban e viu que daban ao seu xardín e á fachada da súa casa. Cando estivo no seu cuarto, percibiu facilmente a mesma ventá onde lle dixeran que se poñía aquel home. A idea de que era o señor de Nemours cambiou totalmente o seu estado de ánimo e xa non sentiu aquel triste repouso que comezaba a experimentar, senón que se sentiu inquedo e axitado. Á fin, como non podía estar tranquila, saíu e foi tomar o aire a un xardín dos arrabaldes onde esperaba

estar soa. Creu, ao chegar, que non se enganara porque lle pareceu que non había ninguén e paseou moito tempo.

Despois de atravesar un pequeno bosque, albiscou, á fin dunha avenida, no sitio máis afastado do xardín, unha especie de pavillón aberto por todos os lados e dirixiuse a el. Cando estaba preto, viu un home deitado nos bancos, que parecía sumido nunha profunda meditación, e deuse conta de que era o señor de Nemours. Ao velo parou sen máis pero a súa xente fixo algún ruído. Sen mirar o que causara o ruído que oíra, ergueuse do sitio para evitar a compañía que ía cara a el e torceu para outra avenida, facendo unha reverencia tan baixa que lle impediu ver a quen saudaba.

Se soubese a quen evitaba, ¡con que ardor retrodecería atrás! Pero continuou pola avenida e a señora de Clèves viu saír por unha porta de detrás, onde o esperaba a súa carroza. ¡Que efecto produciu o feito de velo un momento na señora de Clèves! ¡Que paixón adormecida se reavivou no seu corazón e con que violencia! Foise sentar no mesmo sitio de onde acababa de saír o señor de Nemours e quedou alí coma atafegada. Aquel home representouse na súa mente máis amable ca todo o que había no mundo, amándoa desde moito tempo atrás cunha paixón chea de respecto e de fidelidade, desprezando todo por ela, respectando incluso a súa dor, soñando con vela sen ser visto, abandonando a corte, onde tiña moito éxito, para ir observar as murallas que a pechaban, para ir soñar en lugares nos que non podía pretender vela. En fin, un home digno de ser amado unicamente polo seu cariño e por quen ela sentía un afecto tan violento que mesmo se el non a amase, o amaría. Pero, ademais, era un home dunha calidade elevada e conforme á súa. Agora xa nin o deber nin a virtude se opoñían aos seus sentimentos, todos os obstáculos desapareceran e non quedaba, do seu estado pasado, máis ca a paixón do señor de Nemours por ela e a dela por el.

Todas estas ideas foron novas para a princesa. A aflición pola morte do señor de Clèves ocupárala bastante para impedirle pensar nisto. A presenza do señor de Nemours tróxoas todas á súa imaxinación pero cando se acordou de que aquel home, que ela miraba coma un posible marido, era o que amara mentres o seu marido vivía e que era a causa da morte deste; que, mesmo ao morrer, lle manifestara o seu temor de que casase co señor de Nemours, a súa austera virtude quedaba tan ferida con este pensamento que non consideraba menos criminal casar co señor de Nemours entón ca cando o amara durante a vida do seu marido. Abandonouse a reflexións contrarias á súa felicidade e fortificounas aínda con varias razóns que tiñan que ver co seu repouso e cos males que prevía se casaba con aquel duque. En fin, despois de permanecer durante dúas horas no mesmo lugar, volveu á casa, convencida

de que debía evitar velo coma algo totalmente oposto ao seu deber.

Pero esta persuasión, que era un efecto da súa razón e da súa virtude, non arrastraba o seu corazón, que permanecía atado ao señor de Nemours cunha violencia que a poñía nun estado digno de compaixón e que xa non lle deixaba repouso. Con estes pensamentos, pasou unha das noites máis crueis da súa vida. Pola mañá, o seu primeiro impulso foi ir ver se habería alguén á ventá que daba á súa casa; foi e viu o señor de Nemours. Isto sorprendeuna e retirouse cunha rapidez que lle fixo pensar a este príncipe que o recoñecera. Desde que a súa paixón lle fixera recorrer a estes medios de ver a señora de Clèves desexara con frecuencia que isto sucedese e, cando non esperaba ter este pracer, ía soñar ao mesmo xardín no que ela o encontrara.

Canso entón dun estado tan desgraciado e tan incerto, decidiu intentar algunha maneira de coñecer o seu destino. ¿Que quero esperar? –dicía–, hai moito tempo que sei que son correspondido, ela é libre e xa non ten deber que me opor. ¿Por que conformarme con vela sen ser visto e sen falarlle? ¿É posible que o amor me quitase tan absolutamente a razón e a ousadía e que me fixese tan diferente a como era nas outras paixóns da miña vida? Tiven que respectar a dor da señora de Clèves pero se a respecto demasiado tempo, a inclinación que sente por min extinguirose.

Tras estas reflexións, pensou nos medios que utilizaría para vela. Creu que xa non había nada que o obrigase a ocultarlle a súa paixón ao vidamo de Chartres. Decidiu contarlla e dicirlle a intención que tiña para a súa sobriña.

O vidamo estaba entón en París: todo o mundo acudira alí para dispor a equipaxe e seguir o rei que debía ir levar a raíña de España. O señor de Nemours foi entón á casa do vidamo e fixolle unha confesión sincera de todo o que lle ocultara ata entón, agás dos sentimentos da señora de Clèves, que prefería aparentar descoñecelos.

O vidamo recibiu todo o que lle dixo con moita alegría e aseguroulle que, sen coñecer os seus sentimentos, pensara frecuentemente, desde que a señora de Clèves estaba viúva, que ela era a única persoa digna del. O señor de Nemours rogoulle que lle buscase a maneira de falar con ela e de saber cales eran as súas disposicións.

O vidamo propúxolle levalo á casa dela pero o señor de Nemours creu que a ela lle molestaría, porque non vía a case ninguén. Acordaron que o vidamo lle rogase que fose á casa del, con algún pretexto, e que o señor de Nemours chegase por unha escaleira escondida, a fin de que ninguén o vise. Fixeron todo tal e como dixeran: a señora de Clèves veu, o vidamo foina recibir e conduciuna ata un gabinete situado ao fondo dos cuartos. Algún tempo

despois, o señor de Nemours entrou, coma se o azar o levase alí. A señora de Clèves quedou extremadamente sorprendida de velo e púxose rubia aínda que intentou ocultar o seu rubor. O vidamo falou ao principio de cousas xerais e saíu coa escusa de que tiña que dar algunha orde. Rogoulle á señora de Clèves que fixese os honores da súa casa e dixo que volvería pouco despois.

Non se pode expresar o que sentiron o señor de Nemours e a señora de Clèves ao encontrarse sós e coa posibilidade de falar por primeira vez. Permaneceron algún tempo sen dicir nada e, por fin, o señor de Nemours, rompendo o silencio dixo:

– ¿Perdoaralle ao señor de Chartres, señora, por me dar a oportunidade de vela e de falarlle, que vostede me prohibiu sempre tan cruelmente?

– Non lle debo perdoar que esquecese o meu estado e que expón a miña reputación.

Pronunciando estas palabras, quixo marchar e o señor de Nemours reténdoa, díxolle:

– Non tema nada, señora, ninguén sabe que estou aquí e non ten nada que temer. Escóiteme, señora, escóiteme, se non é por bondade que sexa polo menos por amor a vostede mesma e para liberarse das extravagancias ás que me arrastraría infaliblemente, unha paixón que xa non domino.

A señora de Clèves cedeu por última vez á inclinación que sentía polo señor de Nemours e, observándoo cuns ollos cheos de dozura e de encantos:

– ¿Pero que espera da compracencia que me pide? Quizais se arrepinta de obtela e eu arrepentireime con seguridade de concederlla. Vostede merece un destino máis feliz do que tivo ata agora e ca o que pode encontrar no futuro, a menos que o busque noutro sitio.

– ¿Eu, señora –dixo el–, buscar a felicidade noutro sitio? ¿Hai outra á parte de ser amado por vostede? Aínda que nunca llo dixera, non podería crer, señora, que ignora a miña paixón e que non a coñece como a máis verdadeira e violenta que haberá nunca. ¿A que probas estivo sometida por cousas que vostede non coñece? ¿E a que probas a someteu cos seus rigores?

– Dado que quere que fale e que estou decidida a facelo –respondeu a señora de Clèves sentándose–, vouno facer cunha sinceridade que dificilmente encontrará nas mulleres. Non lle vou negar que vin a afección que sente por min, quizais non me crea cando llo diga. Confésolle entón, non só que a vin, senón que a vin tal como vostede desexaba que me parecese.

– ¿E se a viu –interrompeu–, é posible que non quedase conmovida? ¿E ousaría eu preguntarlle se causou algunha impresión sobre o seu corazón?

– Vostede debe xa sabelo pola miña conduta –replicou ela–, pero gustaríame saber que pensou vostede dela.

– Tería que estar nun estado máis feliz do que estou para atreverme a dicirlló – respondeu–, e o meu destino ten moito que ver co que lle vou dicir. Desexei ardentemente que non lle confesase ao señor de Clèves o que me oculta e que lle ocultase o que me deixa ver.

– ¿Como puido vostede descubrir –dixo ela pódose rubia– que lle confesei algo ao señor de Clèves?

– Sóubeno por vostede mesma, señora –respondeu–, pero para perdoarme a ousadía de escoitala, acórdese de que non abusei do que oín, de que as miñas esperanzas non aumentaron e de que non fun máis atrevido para falarlle.

Comezou a contarlle como oíra a súa conversa co señor de Clèves pero ela interrompeuno antes de que acabase.

– Non me diga máis –díxolle–, agora vexo por que estaba tan ben informado. Xa mo pareceu na casa da delfina, que soubo esa aventura por medio daqueles a quen lla confiara vostede.

O señor de Nemours contoulle entón de que maneira pasaran as cousas.

– Non se escuse –dixo–, hai moito tempo que lle perdoei sen que me dixera a razón. Pero xa que soubo por min mesma o que lle intentei ocultar toda a miña vida, confésolle que me inspirou sentimentos descoñecidos antes de velo e dos que eu mesma tiña tan pouca idea que me causaron, ao principio, unha sorpresa que aumentaba aínda máis a turbación que sempre os segue. Fágolle esta confesión con menos vergonza porque a fago nun momento no que a podo facer sen cometer un crime e porque viu que a miña conduta non estivo regulada polos meus sentimentos.

– Non sei, señora –díxolle o señor de Nemours, pódose de xeonllos–, como non morro aos seus pés de alegría e de arrebató.

– Non lle digo –díxolle ela, sorrindo– nada que xa non soubese.

– ¡Ah, señora, que diferenza de sabelo por casualidade a sabelo por vostede mesma e de ver que quere que o saiba!

– É certo –díxolle ela– que quero que o saiba e que me resulta doce dicirlló. Mesmo pode que llo dixese máis por amor a min ca por amor a vostede. Pero, á fin, esta confesión non terá continuación e eu vou seguir as regras austeras que o meu deber me impón.

– Non pense niso, señora –respondeu o señor de Nemours–, xa non hai deber que a

obrigue, é libre. Ousaría dicirlle que só de vostede depende que o seu deber sexa un día o de conservar os sentimentos que ten por min.

– O meu deber –replicou ela– prohibeme pensar nunca máis en ninguén e menos en vostede, por razóns que descoñece.

– Quizais non, señora, pero non son verdadeiras razóns. Creo que o señor de Clèves pensou que eu era máis afortunado do que era e imaxinou que vostede aprobara unhas extravagancias que a paixón me fixo emprender sen a súa confesión.

– Non falemos deste asunto, non podería soportar a idea pois dáme vergonza e éme demasiado dolorosa polas súas consecuencias. É absolutamente certo que vostede foi a causa da morte do señor de Clèves pois as sospeitas que lle provocou a súa conduta inconsiderada custáronlle a vida, como se lla quitase coas propias mans. Pense en cal é o meu deber, se tivesen chegado a un duelo. Sei que ante o mundo non é o mesmo pero para min non hai ningunha diferenza pois sei que el morreu por culpa súa e miña.

– Ai, señora –díxolle o señor de Nemours–, ¿que fantasma de deber lle opón vostede á miña felicidade? ¿Un pensamento van e sen fundamento impediralle facer feliz a un home que quere? ¿Terei eu concibido en van a esperanza de pasar a miña vida con vostede? ¿O meu destino terame conducido a amar a persoa máis digna de estima do mundo para nada? Vin en vostede todo o que pode facer adorable unha amante; vostede non me odia e eu non encontrei na súa conduta outra cousa ca todo o que pode desexarse nunha muller –e quizais vostede sexa a única persoa na que estas calidades se encontran en tal alto grao. Todos os que casan coa amante tremen ao facelo e observan con temor, con respecto aos outros, a conduta que tiveron con eles pero en vostede, señora, non hai nada que temer e só se encontran motivos de admiración. ¿Terei eu concibido, digo, unha felicidade tan grande só para que vostede mesma lle poña obstáculos? Ah, señora, ¿esquece que me distinguiu do resto dos homes? Talvez nunca me distinguiu: vostede enganouse e eu fíxenme falsas ilusións.

–Non, non se fixo falsas ilusións –respondeulle ela–. As razóns do meu deber non me parecerían, quizais, tan fortes sen esta distinción da que dubida e é ela a que me fai ver desgrazas se me uno a vostede.

– Non teño nada que responder, señora –dixo–, se vostede me di que teme desgrazas pero confésolle que despois de todo o que me dixo, non esperaba encontrar unha razón tan cruel.

– É tan pouco ofensiva para vostede –dixo a señora de Clèves– que me custa moito dicirla.

– Ai, señora– replicou el–, ¿que pode afagarme despois do que me acaba de dicir?

– Quero falarlle aínda coa mesma sinceridade coa que empecei e vou pasar por riba de toda discreción e de todas as delicadezas que debería ter nunha primeira conversa pero pídolle que me deixe explicarme sen me interromper.

Creo deberlle ao seu afecto a feble recompensa de non lle ocultar ningún dos meus sentimentos e de deixarlle velos tal e como son. Será a única vez na miña vida que me concederei a liberdade de amosarllos. Non obstante, non podería confesarlle, sen vergonza, que a certeza de xa non ser amada por vostede como o son, me parece unha desgraza tan horrible que, aínda que non tivese razóns de deber insalvables, dubido de se podería decidirme a exporme a esta desgraza. Sei que vostede é libre, que eu tamén e que as cousas sucederon dunha maneira que o público non tería motivos para censurarnos se nos unísemos para sempre. Pero... ¿conservan os homes a paixón nas unións eternas? ¿Debo esperar un milagre ao meu favor e podo exporme a ver acabar esta paixón da que eu faría toda a miña felicidade? Quizais o señor de Clèves fose o único home do mundo capaz de conservar o amor no matrimonio. O meu destino non quixo que eu puidese gozar desta fortuna e quizais a súa paixón só subsistise porque non encontrou correspondencia en min. Non tería o mesmo xeito de conservar a súa e mesmo creo que os obstáculos mantiveron a súa constancia. Vostede encontrou bastantes para que se animase a vencelos e as miñas accións involuntarias, ou as cousas que o azar lle fixo saber, déronlle bastante esperanza para que non se desalentase.

– Ah, señora –dixo o señor de Nemours–, non podo gardar o silencio que vostede me impón; é moi inxusta comigo e faime ver o pouco disposta que está a me facer feliz.

– Confeso –respondeu ela– que as paixóns poden conducirme pero non poderán cegarme. Nada me impide saber que vostede naceu con todas as disposicións para a galantería e todas as calidades que son propias para ter éxito. Xa tivo varias paixóns e aínda terá máis; un día eu xa non o farei feliz e vereino sentir por outra o que antes sentiu por min. Causaríame unha dor mortal e non estou segura de non sufrir de celos. Díxenlle demasiadas cousas para ocultarlle que mos fixo coñecer e que sufrín crueis penas a noite que a raíña me deu aquela carta da señora de Thémines, que se dicía que ía dirixida a vostede, e quedoume un recordo que me fai crer que é o maior de todos os males.

Por vaidade ou por gusto, todas as mulleres desexan cativalo. Hai poucas ás que non lles guste e a miña experiencia fíame crer que lle pode gustar a todas. Pensaría sempre que está namorado e que é correspondido e non me equivocaría frecuentemente. Neste estado,

non obstante, non tería outro remedio ca sufrir e nin sequera sei se ousaría queixarme. Fánselle reproches a un amante, pero non a un marido, cando só se lle pode reprochar xa non amar. Se me puidese habituar a este tipo de dor, ¿podería acostumarme ao de ver sempre o señor de Clèves acusalo da súa morte, reprocharme que o ame, ter casado con vostede e facerme sentir a diferenza entre o afecto del e o de vostede? É imposible –continuou– pasar por riba de razóns tan fortes: teño que seguir coma agora e na resolución que tomei de non abandonar o meu estado.

– Ah, ¿cre que vai poder, señora? –exclamou o señor de Nemours–. ¿Pensa vostede que as súas resolucións poden manterse contra un home que a adora e que é o bastante afortunado para gustarlle? É máis difícil do que pensa resistir ao que nos gusta e ao que nos ama. Vostede conseguiu cunha virtude austera que case non ten parella, pero esta virtude non se opón aos seus sentimentos e espero que os siga ao seu pesar.

– Sei que non hai nada máis difícil ca o que eu intento, desconfío das miñas forzas no medio das razóns. O que creo deberlle á memoria do señor de Clèves sería feble se non estivese sostido polo interese do meu repouso e as razóns do meu repouso necesitan estar sostidas polas do meu deber. Pero, aínda que desconfíe de min mesma, creo que nunca vencerei os meus escrúpulos e non espero tampouco superar o cariño que sinto por vostede. Isto fíxome desgraciada e privareime de velo, por moito que me custe. Pídlle, por todo o poder que teño sobre vostede, que non busque ningunha ocasión de verme. Estou nun estado que me fai ver como crime todo o que me podería estar permitido noutro tempo e o decoro prohibeme toda relación con vostede.

O señor de Nemours botouse aos seus pés e abandonouse a todos os impulsos que o axitaban. Demostroulle ver, tanto coas palabras coma coas bágoas, a máis viva e tenra paixón que nunca un corazón sentira. O da señora de Clèves non era menos sensible e, observando aquel príncipe cos ollos anegados de bágoas, exclamou:

– ¿Por que teño que acusalo da morte do señor de Clèves? ¿Por que non o coñecín desde que son libre ou por que non o coñecín antes de estar comprometida? ¿Por que o destino nos separa por un obstáculo tan insalvable?

– Non hai obstáculo, señora –dixo o señor de Nemours–. Vostede soa se opón á miña felicidade; vostede soa se impón unha lei que a virtude e a razón non poderían imporlle.

– É certo –replicou ela– que sacrificio moito por un deber que só subsiste na miña imaxinación. Espere a ver que pode facer o tempo. O señor de Clèves acaba de morrer e este suceso funesto está demasiado próximo para me deixar ver as cousas claras. Teña, non

obstante, o pracer de facerse amar por unha persoa que nunca amaría nada se non o vise; crea que o que sinto por vostede será eterno e que subsistirá, faga o que faga. Adeus –díxolle ela– esta conversa dáme vergonza: cóntella ao vidamo, doulle permiso e mesmo llo pido.

Saíu dicindo estas palabras, sen que o señor de Nemours puidese retela. Encontrou o vidamo no cuarto máis próximo. Este viuna tan turbada que non ousou falarlle e acompañouna ata a carroza sen dicirlle nada. Volveu a onda o señor de Nemours, que estaba tan cheo de alegría, de tristeza, de estrañeza e de admiración, en fin, de todos os sentimentos que pode inspirar unha paixón chea de temor e de esperanza, que non tiña uso de razón. O vidamo tivo que esperar moito tempo para que lle contase a conversa. Fíxoo por fin e o señor de Chartres, sen estar namorado, non sentiu menos admiración ante a virtude, a intelixencia e o mérito da señora de Clèves ca o señor de Nemours. Examinaron o que debía esperar este príncipe do seu destino e, por moitos temores que o seu amor lle puidese dar, estivo de acordo co vidamo en que era imposible que a señora de Clèves conservase as resolucións que tomara. Conviñeron, non obstante, que tiñan que seguir as súas ordes, por temor a que, se o público se decatara da inclinación que el sentía por ela, ela fixese declaracións e tomase compromisos co mundo que mantería despois, por medo a que se crese que o amaba estando o seu marido vivo.

O señor de Nemours decidiu seguir o rei. Era unha viaxe da que non se podía librar e decidiu ir, mesmo sen tentar volver ver a señora de Clèves desde o lugar no que a vira algunhas veces. Rogoulle ao vidamo que falase con ela. ¿Que non dicirlle por dicir? ¡Que número infinito de razóns aduciu para convencela de que vencese os seus escrúpulos! Cando o deixou tranquilo unha parte da noite xa pasara.

A señora de Clèves non tiña acougo. Todo era novo para ela: saír da coacción que se impuxera, admitir, por primeira vez na súa vida, que un home lle dixese que estaba namorado dela e dicir ela mesma que amaba, non se recoñecía. Estaba estrañada do que fixera; arrepenhiuse; alegrouse: todos os seus sentimentos estaban cheos de turbación e de paixón. Examinou de novo as razóns do seu deber que se opoñían á súa felicidade, sufriu ao sentilos tan fortes e arrepenhiuse de amosarllos ao señor de Nemours. Aínda que a idea de casar con el lle viñera á cabeza tan pronto como o volvera a ver no xardín, non lle causara a mesma impresión que lle acababa de causar a conversa con el e tiña momentos nos que lle parecía imposible que puidese ser desgraciada casando con el. Gustaríalle poder dicirse que estaba mal fundada tanto nos escrúpulos do pasado coma nos temores do futuro. A razón e o seu deber amosábanlle, noutros momentos, cousas totalmente opostas, que a levaban rapidamente

á resolución de non volver casar nin de volver ver o señor de Nemours. Pero era unha resolución moi violenta para establecerse nun corazón tan afectado coma o seu e tan novamente abandonado aos encantos do amor. Por fin, para calmarse, pensou que non era necesario que tomase xa unha resolución pero, aínda que o decoro lle concedía un tempo para pensar, decidiu manterse firme e non ter ningunha relación co señor de Nemours. O vidamo foina ver e serviu o príncipe con toda a intelixencia e aplicación imaxinables sen poder facerlle cambiar de conduta nin a que ela lle impuxera ao señor de Nemours. Díxolle que a súa intención era permanecer como estaba; que sabía que era difícil de executar pero que esperaba ter a forza para facelo. Fíxolle ver ata que punto estaba afectada pola idea de que o señor de Nemours causara a morte do seu marido e que persuadida estaba de que iría contra o seu deber se casaba con aquel, que o vidamo quedou convencido de que sería imposible facela cambiar de parecer. Non lle dixo ao príncipe o que pensaba e, dándolle conta da conversa, deixoulle toda a esperanza que a razón lle dá a un home que é amado.

Marcharon ao día seguinte e foron reunirse co rei. O vidamo escribiulle á señora de Clèves, a petición do señor de Nemours, para falarlle del e, nunha segunda carta que seguiu logo a primeira, o señor de Nemours escribiu algunhas liñas. Pero a señora de Clèves, que non quería abandonar as regras que se impuxera e que temía os accidentes que poden suceder polas cartas, avisou o vidamo de que non recibiría máis as súas se continuaba a falar do señor de Nemours e fíxoo con tanta énfase que este príncipe lle pediu mesmo que non o nomease.

A corte ía conducir a raíña de España ata Poitou. Durante esta ausencia, a señora de Clèves quedou soa e, a medida que estaba afastada do señor de Nemours e de todo o que llo podía facer recordar, gardou a memoria do señor de Clèves, que ela consideraba un honor conservar. As razóns para non casar co señor de Nemours parecíanlle fortes pola parte do deber e inevitables pola parte do repouso. A fin do amor deste príncipe e os males dos celos que ela cría infalibles nun matrimonio, amosábanlle unha infelicidade certa. Pero vía tamén que emprendía algo imposible como era renunciar, véndoo, ao home máis amable do mundo que amaba e que a amaba, e renunciar a algo que non estaba en contra nin da virtude nin do decoro. Pensou que só a ausencia e o afastamento lle podían dar algunha forza e que era o que precisaba, non só para manter a resolución de non comprometerse, senón incluso para evitar ver o señor de Nemours e decidiu facer unha viaxe bastante longa, para pasar todo o tempo que o decoro a obrigase a vivir retirada. Unhas grandes terras que tiña nos Pireneos parecerónlle o sitio máis propio que podía escoller. Marchou poucos días antes de que a corte volvese e, ao marchar, escribiulle ao vidamo para pedirlle que non esperase ter noticias dela

nin escribirlle.

O señor de Nemours sentiuse tan aflixido por esta viaxe como estaría outro pola morte da súa amante. A idea de verse privado por moito tempo de ver a señora de Clèves causáballe dor e sobre todo nun tempo no que sentira o pracer de vela e de vela afectada pola súa paixón. Non podía facer outra cousa ca aflixirse e a súa aflicción aumentou considerablemente. A señora de Clèves, cuxo ánimo estivera tan axitado, caeu gravemente enferma tan pronto como chegou á súa casa e esta nova sóbose na corte. O señor de Nemours estaba inconsolable, a súa dor chegaba á desesperación e á extravagancia. Ao vidamo custoulle impedir que lle amosase a súa paixón ao público e tamén retelo e quitarlle a idea de ir el mesmo saber novas. O parentesco e a amizade do vidamo foron un pretexto para enviar varios correos e sóbose á fin que se encontraba fóra do extremo perigo no que estivera pero seguiu tan enferma de languidez que case non había esperanza sobre a súa vida.

A proximidade da morte fixo que vise as cousas deste mundo cun ollo diferente do que as vira mentres tiña saúde e acostumouse a desatarse de todo. A duración da súa enfermidade fixo disto un hábito. Cando se recuperou, decatouse, non obstante, de que o señor de Nemours non estaba borrado do seu corazón pero chamou, no seu socorro, para defenderse contra el, todas as razóns que cría ter para non casar nunca con el. Tivo que loitar contra si mesma e por fin, superou os restos desta paixón que se debilitara coa súa enfermidade. Os pensamentos da morte achegáranlle o señor de Clèves. Este recordo, que harmonizaba co seu deber, imprimiuse con forza no seu corazón. As paixóns e os compromisos do mundo pasaron a un segundo plano. A súa saúde, considerablemente debilitada, axudoulle a conservar os seus sentimentos pero como sabía o que poden as ocasións sobre as resolucións máis prudentes, non quixo exporse a destruír as súas nin a volver aos lugares nos que estaba quen ela amara. Retiouse, co pretexto de cambiar de aire, a unha casa relixiosa, sen manifestar unha decisión firme de renunciar á corte.

Tan pronto como o señor de Nemours soubo isto, sentiu o peso deste retiro e viu a súa importancia. Creu, nese momento, que xa non tiña nada que esperar. A perda da súa esperanza non lle impediu facer todo o posible para que a señora de Clèves volvese. Fixo que a raíña lle escribise, fixo que lle escribise o vidamo, que fose alá pero todo foi inútil. O vidamo viuna e aínda que non lle dixo que tomara unha resolución, el pensou, non obstante, que nunca volvería. Á fin o señor de Nemours foi el mesmo, coa escusa de ir aos baños. Ao saber que el quería vela, quedou extremadamente turbada e sorprendida. Mandoulle dicir, por unha persoa de confianza que quería e que estaba entón con ela, que lle rogaba que non se

estrañase se non se expoñía ao perigo de velo e de destruír, coa súa presenza, uns sentimentos que ela debía conservar; que quería que soubese, que ao ver que o seu deber e a súa tranquilidade se opoñían á inclinación que sentía por el, as outras cousas do mundo lle pareceran tan indiferentes que renunciara a elas para sempre; que só pensaba nas da outra vida e que non lle quedaba ningún sentimento non sendo o desexo de velo nas mesmas disposicións nas que ela estaba.

O señor de Nemours pensou morrer de dor en presenza da que lle falaba. Suplicoulle moitas veces que volvese ver a señora de Clèves, para poder falar con ela pero esta persoa díxolle que a señora de Clèves lle prohibira non só irle pedir nada senón incluso contarlle a conversa. O príncipe tivo que marchar, tan abafado de dor como o podía estar un home que perdía todas as esperanzas de volver ver unha muller que amaba coa paixón máis violenta, máis natural e mellor fundada que existiu. Non obstante, non se desanimou aínda e intentou todo para facela cambiar de idea. Pasaron anos enteiros, o tempo e a ausencia diminuíron a súa dor e extinguiron a súa paixón. A forma de vida da señora de Clèves facía pensar que nunca volvería. Pasaba unha parte do ano na casa relixiosa e a outra na súa pero nun retiro e nas ocupacións máis santas ca as dos conventos máis austeros e a súa vida, que foi bastante curta, deixou exemplos de virtude inimitables.